


Informe de

REVISIÓN DO SISTEMA POLA DIRECCIÓN

Facultade de Educación e Traballo Social



Curso 2021-2022
R1 DE03 P1



Validación pola Comisión de
Garantía Interna de Calidade

Aprobado o 9/03/23



Centro certificado
FIDES AUDIT



Facultade de
Educación e Traballo Social

Universidade de Vigo

Área de Calidade

R1 DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección, Curso Académico 2021-2022	FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E TRABALLO SOCIAL	
---	---	---



Centro certificado
FIDES-AUDIT

**FACULTADE DE CIENCIAS
DA EDUCACIÓN E
TRABALLO SOCIAL**



Informe de Revisión do Sistema pola Dirección

(Informe de resultados anuais do centro)

CURSO 2021-2022

Titulacións do Centro

Graos: Educación Infantil; Educación Primaria; Educación Social; Traballo Social

Máster: Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos; Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos; Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas

Validación pola Comisión de Garantía Interna de Calidade,
Aprobación pola Xunta de Centro

9 de Marzo de 2023

ÍNDICE

I. ASPECTOS INTRODUTÓRIOS.....	8
1.1. Presentación	8
1.2. Informe inicial	9
1.2.1. Descrición dos cambios organizativos que poden afectar ao funcionamento do centro/titulacións/servizos no que atinxe á calidade	9
1.2.2. Descrición doutras actividades académicas e de transferencias que constitúen evidencias da proxección social da Facultade de Educación e Traballo Social na súa contorna	13
1.2.3. Descrición de cambios na oferta formativa/ou de servizos.....	19
1.2.4. Descrición de modificacións/cambios na documentación do SGIC.....	20
II. DATOS E INDICADORES.....	21
2.1. Centro	21
2.1.1. Resultados do panel de indicadores do SGIC do Centro	21
2.1.2. INFORME QUEIXAS CURSO 2020-2021.....	22
2.1.3. Estado de situación dos rexistros de calidade do SGIC do Centro.....	23
2.2. Grao en Educación Infantil	21
2.2.1. Resultados do panel de indicadores do SGIC.....	21
2.2.2. Resultados dos indicadores específicos do seguimento (ACSUG).....	30
2.2.3. Resultados (desagregados) das enquisas de satisfacción das titulacións	31
2.2.4. Indicadores por materia.....	25
2.3. Grao en Educación Primaria	35
2.3.1. Resultados do panel de indicadores do SGIC.....	35
2.3.2. Resultados dos indicadores específicos do seguimento (ACSUG).....	40
2.3.3. Resultados (desagregados) das enquisas de satisfacción das titulacións	42
2.3.4. Indicadores por materia.....	43
2.3.5. Estado dos rexistros do SGIC da titulación	48
2.4. Grao en Educación Social	50
2.4.1. Resultados do panel de indicadores do SGIC.....	50
2.4.2. Resultados dos indicadores específicos do seguimento (ACSUG).....	52
2.4.3. Resultados (desagregados) das enquisas de satisfacción das titulacións	53
2.4.4. Indicadores por materia.....	54
2.4.5. Estado dos rexistros do SGIC da titulación	56
2.5. Grao en Traballo Social	57
2.5.1. Resultados do panel de indicadores do SGIC.....	57
2.5.2. Resultados dos indicadores específicos do seguimento (ACSUG).....	59

R1 DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección, Curso Académico 2021-2022	FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E TRABALLO SOCIAL	
---	---	---

2.5.3. Resultados (desagregados) das enquisas de satisfacción das titulacións	60
2.5.4. Indicadores por materia.....	61
2.5.5. 2.5.5. Estado dos rexistros do SGIC da titulación.....	63
2.6. Máster en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos	64
2.6.1. Resultados do panel de indicadores do SGIC.....	64
2.6.2. Resultados dos indicadores específicos do seguimento (ACSUG)	66
2.6.3. Resultados (desagregados) das enquisas de satisfacción das titulacións	68
2.6.4. Indicadores por materia.....	68
2.7. Máster en Interv. Multidisciplinar na Diversidade en Cont. Educ.	72
2.7.1. Resultados do panel de indicadores do SGIC.....	71
2.7.2. Resultados dos indicadores específicos do seguimento (ACSUG)	73
2.7.3. Resultados (desagregados) das enquisas de satisfacción das titulacións	74
2.7.4. Indicadores por materia.....	75
2.7.5. Estado dos rexistros do SGIC da titulación	76
2.8. Máster en Profesorado de ESO, Bacharelato, FP e Ens. Idiomas	77
2.8.1. Resultados do panel de indicadores do SGIC.....	77
2.8.2. Resultados dos indicadores específicos do seguimento (ACSUG)	79
2.8.3. Resultados (desagregados) das enquisas de satisfacción das titulacións	80
2.8.4. Indicadores por materia.....	82
2.8.5. Estado dos rexistros do SGIC da titulación	85
III. ANÁLISE DE RESULTADOS: SEGUIMIENTO DAS TITULACIÓNES	87
3.1. Seguimento da titulación: Grao en Educación Infantil	87
3.1.1. Criterio 1. Organización e desenvolvemento	87
3.1.2. Criterio 2. Información e transparencia.....	90
3.1.3. Criterio 3. Sistema de garantía de calidade	90
3.1.4. Criterio 4. Recursos humanos.....	91
3.1.5. Criterio 5. Recursos materiais e servizos.....	92
3.1.6. Criterio 6. Resultados de aprendizaxe	93
3.1.7. Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento	93
3.2. Seguimento da titulación: Grao en Educación Primaria	95
3.2.1. Criterio 1. Organización e desenvolvemento	95
3.2.2. Criterio 2. Información e transparencia.....	98
3.2.3. Criterio 3. Sistema de garantía de calidade	100
3.2.4. Criterio 4. Recursos humanos	101
3.2.5. Criterio 5. Recursos materiais e servizos.....	102

R1 DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección, Curso Académico 2021-2022	FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E TRABALLO SOCIAL	
---	---	---

3.2.6. Criterio 6. Resultados de aprendizaxe	102
3.2.7. Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento	103
3.3. Seguimento da titulación: Grao en Educación Social.....	104
3.3.1. Criterio 1. Organización e desenvolvemento	104
3.3.2. Criterio 2. Información e transparencia.....	106
3.3.3. Criterio 3. Sistema de garantía de calidade	107
3.3.4. Criterio 4. Recursos humanos.....	107
3.3.5. Criterio 5 Recursos materiais e servizos	108
3.3.6. Criterio 6. Resultados de aprendizaxe	109
3.3.7. Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento	110
3.4. Seguimento da titulación: Grao en Traballo Social.....	111
3.4.1. Criterio 1. Organización e desenvolvemento	111
3.4.2. Criterio 2. Información e transparencia.....	112
3.4.3. Criterio 3. Sistema de garantía de calidade	113
3.4.4. Criterio 4. Recursos humanos.....	114
3.4.5. Criterio 5. Recursos materiais e servizos.....	114
3.4.6. Criterio 6. Resultados de aprendizaxe	115
3.4.7. Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento	115
3.5. Seguimento da titulación: Máster en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos.....	117
3.5.1. Criterio 1. Organización e desenvolvemento	117
3.5.2. Criterio 2. Información e transparencia.....	118
3.5.3. Criterio 3. Sistema de garantía de calidade	119
3.5.4. Criterio 4. Recursos humanos.....	120
3.5.5. Criterio 5. Recursos materiais e servizos.....	122
3.5.6. Criterio 6. Resultados de aprendizaxe	123
3.5.7. Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento	124
3.6. Seguimento da titulación: Máster en Diversidade	125
3.6.1. Criterio 1. Organización e desenvolvemento	125
3.6.2. Criterio 2. Información e transparencia.....	127
3.6.3. Criterio 3. Sistema de garantía de calidade	128
3.6.4. Criterio 4. Recursos humanos.....	129
3.6.5. Criterio 5. Recursos materiais e servizos.....	130
3.6.6. Criterio 6. Resultados de aprendizaxe	131
3.6.7. Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento	132

R1 DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección, Curso Académico 2021-2022	FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E TRABALLO SOCIAL	
---	---	---

3.7. Seguimento da titulación: Máster en Profesorado.....	134
3.7.1. Criterio 1. Organización e desenvolvemento	134
3.7.2. Criterio 2. Información e transparencia.....	136
3.7.3. Criterio 3. Sistema de garantía de calidade	137
3.7.4. Criterio 4. Recursos humanos.....	138
3.7.5. Criterio 5. Recursos materiais e servizo	139
3.7.6. Criterio 6. Resultados de aprendizaxe	140
3.7.7. Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento	141
IV. MODIFICACIÓNS NON SUSTANCIAS DAS TITULACIÓNS.....	142
V. ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORA PROPOSTAS NO(S) INFORME(S) ANTERIOR(ES)	143
VI. LISTAXE DE (NOVAS) ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS	148
VII. CONCLUSIÓNS E ACORDOS	150
7.1. Conclusións.....	150
7.2. Acordos	152
7.3. Listaxe asistentes á reunión de validación/aprobación do Informe.....	152
7.3.1. Asistentes á reunión da CGIC	152
7.3.2. Asistentes á reunión da Xunta de Centro	153
VIII. ANEXOS*	154

R1 DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección, Curso Académico 2021-2022	FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E TRABALLO SOCIAL	
---	---	---

I. ASPECTOS INTRODUTÓRIOS

1.1. Presentación

O Informe de Revisión do Sistema pola Dirección ofrece o estado no que se atopa o Centro respecto aos resultados obtidos, a documentación do Sistema de Garantía Interno de Calidade (SGIC), as accións de mellora etc. Neste Informe dáse conta das diferentes accións levadas a cabo no curso 2021-2022, así como dos resultados obtidos. O documento recolle unha reflexión en profundidade da calidade e eficacia da oferta educativa e dos seus diferentes elementos implicados no seu desenvolvemento (recursos humanos, recursos materiais, información e transparencia etc.).

As fontes informativas empregadas son diversas: informes de satisfacción coas titulacións, enquisas de avaliación docente, información recabada do sistema de queixas e parabéns, actas de reunións dos diferentes órganos e comisións, así como toda a información aportada polos responsables/coordinadores das titulacións impartidas no centro.

A elaboración deste Informe contou coa participación colaborativa da responsable de Calidade do Centro, da coordinación de cada título e do persoal académico de apoio a calidade. Ademais, contouse co consello técnico do persoal da Área de Apoio á Docencia e Calidade e co apoio do persoal da Área de Apoio a Centros de Departamentos.

Neste Informe inclúese unha abordaxe múltiple, que atinxe tanto aos títulos de Grao (4), coma os de Máster (3). Con todo, hai que sinalar que o Máster de Profesorado de Secundaria, con adscrición na Facultade de Bioloxía, é impartido nos tres campus da UVigo: Facultade de Bioloxía (Campus de Vigo); Facultade de CC. da Educación (Campus de Ourense); e Facultade de CC. da Educación e do Deporte (Campus de Pontevedra), tendo os referidos campus a súa responsabilidade a partir dos itinerarios que acolle cada un deles.

Considerando a dobre responsabilidade que ten, tanto a comisión de calidade, coma a Xunta de Centro sobre este Informe, ambas se implicaron na revisión e valoración previa para proceder respectivamente na validación e aprobación do mesmo. Neste sentido os membros de ámbolos órganos colexiados tiveron a oportunidade de facer os xuízos e aportacións que consideraron oportunos coa finalidade última de melloralo.

R1 DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección, Curso Académico 2021-2022	FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E TRABALLO SOCIAL	
---	---	---

1.2. Informe inicial

1.2.1. Descrición dos cambios organizativos que poden afectar ao funcionamento do centro/titulacións/servizos no que atinxe á calidade

Durante o curso 21-22 é posible destacar unha serie de fitos de especial impacto na organización e desenvolvemento académico na Facultade.

1. O 17 de decembro de 2021, a Xunta de Centro da Facultade aprobou a creación da **Comisión do Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade de Educación e Traballo Social (PDE-FETS)**, que, por acordo unánime, queda constituída polos membros da Comisión Interna de Garantía de Calidade máis todos os membros da comunidade universitaria da Facultade que presentaron a súa candidatura antes do 31 de xaneiro de 2022.
2. Con data 4 de marzo de 2022 constitúese a **Comisión do Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade de Educación e Traballo Social (PDE-FETS)**, coa presenza na xuntanza do director da Área de Calidade da Universidade de Vigo. O PDE-FETS pretende guiar as accións deste centro no período 2023-2026 tendo como premisas de actuación a necesaria simplificación dos procesos de calidade e a consideración do centro desde unha perspectiva holística. O punto de partida do PDE-FETS foi o deseño dunha planificación motivante para a comunidade implicada, de utilidade real e cunha visión económica do esforzo burocrático.
3. A **organización académica** presentou variacións durante o curso 21-22 para adaptarse aos cambios progresivos cara a normalidade dende o escenario da pandemia. En concreto de setembro a decembro a docencia desenvolveuse de modo semipresencial (grupos A en remoto; grupos B e C presenciais). A partir de decembro de 2021 a organización das aulas mudou á total presencialidade. Este proceso implicou a necesaria coordinación entre os catro títulos de grao do centro para adecuarse á dispoñibilidade de espazos e recursos. Por primeira vez os horarios tiveron que se deseñados de modo cooperativo entre os catro títulos. Ademais da coordinación intergraos, tamén foi necesario levar a cabo xuntanzas de coordinación docente entre o profesorado do mesmo título coa finalidade de transmitir as dinámicas de organización docente que se deron durante os primeiros meses do curso.
4. Consecución do **Proxecto de Innovación Docente**. Outro feito de especial relevancia foi a elaboración e concorrencia da facultade á convocatoria de proxectos de innovación docente da Universidade de Vigo, que en resolución reitoral do 20 de maio de 2022 comunicou a súa concesión. Con este proxecto a Facultade pon de manifesto a súa aposta pola mellora docente e sobre todo polo traballo cooperativo, tanto entre docentes como entre alumnado. Aínda que as dinámicas do traballo en grupo son frecuentes, con este proxecto promóvese que o profesorado traballe de xeito cooperativo e colaborativo, situándose como modelo para o desenvolvemento de propostas de aprendizaxe cooperativa e promovendo dinámicas multidisciplinares coa participación de profesorado de diversas áreas, que contribúen á percepción da aprendizaxe vivenciada dende unha perspectiva transversal. Aínda que hai experiencias previas de colaboración entre materias, este proxecto permitiu sistematizar este tipo de accións docentes nun intento de conformar unha cultura académica colaborativa.
5. **Regulamento de delegados de alumnado**. Se ben esta acción non estubo dirixida especificamente ao profesorado, a súa posta en marcha tivo un impacto na coordinación entre o alumnado de diferentes cursos e titulacións. Ademais a posta en marcha requiriu da

R1 DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección, Curso Académico 2021-2022	FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E TRABALLO SOCIAL	
---	---	---

colaboración de profesorado dos diferentes cursos e titulacións. Así mesmo, o recoñecemento oficial destas figuras e das súas funcións contribuíu á mellora da comunicación entre alumnado e coordinacións de curso e título, favorecendo unha colaboración máis fluída e eficaz.

6. **Formularios de planificación e coordinación docente.** Froito da reflexión e decisións adoptadas na comisión de calidade do centro durante o curso 21-22, implementáronse os formularios de planificación e coordinación docente destinados a mellorar a coordinación entre as materias que comparten curso e cuadrimestre. A recepción dos formularios das materias de cada curso/cuadrimestre permitiu identificar solapamentos de contido e probas de avaliación, posibilitando a adopción de medidas de corrección pertinentes. Así mesmo, preténdese a mellora da percepción do alumnado sobre a coordinación entre os docentes dunha mesma materia.
7. Por último, outro cambio destacable durante este curso 21-22 foi a sistematización do **rexistro de actas do Plan de Acción Titorial (PAT) e a súa análise** por parte da coordinación, permitindo este procedemento a identificación de desaxustes en cuestións de coordinación docente e posibilitando o seu afrontamento. Para profundizar no coñecemento das medidas adoptadas pode consultarse o Informe de Avaliación do PAT (21-22).

Polo que respecta á **estrutura de coordinación docente**, a Facultade de Educación e Traballo Social consciente do elevado impacto na calidade académica dunha axeitada coordinación docente, dispón dunha estrutura e dinámicas que funcionan de forma continuada e estable. En xeral, non cabe nomear ningunha modificación substancial nin nas dinámicas nin nas súas finalidades.

Como pode observarse na táboa 1, na estrutura de coordinación académica ou docente dos máster da Facultade de Educación e Traballo Social cabe destacar a estabilidade das coordinacións dos títulos. En tarefas complementarias, xunto ás coordinadoras dos títulos de máster, salienta a implicación de persoal docente de apoio académico que asume funcións de organización e xestións de materias como as Prácticas Curriculares Externas, TFG, TFM e PAT.

Por outra banda, unha vez máis, no curso académico 2021-22 neste centro, seguindo a mesma tónica dos anteriores, a estrutura de coordinación académica inclúe diferentes niveis e profesorado. En todo caso, en xeral, o profesorado que exerce funcións de coordinación nos respectivos títulos e curso, con boa lóxica, imparte docencia no mesmo e polo tanto é bo coñecedor do alumnado e das problemáticas que xorden no día a día.

Reflictese detalladamente a estrutura académica cos respectivos responsables (táboa 1) que con perspectiva histórica recolle os tres últimos cursos.

R1 DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección, Curso Académico 2021-2022	FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E TRABALLO SOCIAL	
--	--	---

Táboa 1. Estrutura de coordinación e apoio á docencia nos títulos de Grao:
curso 2019-2020 ao curso 2021-2022

COORDINACIÓN DE TÍTULOS			
Responsabilidade	2019-20	Curso 2020-2021	Curso 2021-2022
Coordinadora título Educación Infantil	Mociño González, Isabel	Mociño González, Isabel	Mociño González, Isabel
Coordinadora título Educación Primaria	Vidal López, Manuel	Iglesias Álvarez, Ana María	Iglesias Álvarez, Ana María
Coordinador título Educación Social	Failde Garrido, José María	Carrera Fernández, María Victoria	Carrera Fernández, María Victoria
Coordinador título de Trabajo Social	Aguiar Fernández, Francisco Javier	López Viso, Mónica	López Viso, Mónica
Coord. 1º Ed. Infantil	Mociño González, Isabel	Alonso Ferreiro, Almudena	Alonso Ferreiro, Almudena
Coord. 2º Ed. Infantil	García Núñez, Javier	García Núñez, Javier	García Núñez, Javier
Coord. 3º Ed. Infantil	Tellado González, Fernando	Costenla Vega, Xosé	Costenla Vega, Xosé
Coord. 4º Ed. Infantil	Díaz Pereira, María del Pino	Díaz Pereira, María del Pino	Díaz Pereira, María del Pino
Coord. 1º Ed. Primaria	Mayobre Rodríguez, Purificación	García Señorán, María del Mar	García Señorán, María del Mar
Coord. 2º Ed. Primaria	Conde Rodríguez, Ángeles	Conde Rodríguez, Ángeles	Conde Rodríguez, Ángeles
Coord. 3º Ed. Primaria	McNicholls, Stuart	Iglesias Álvarez, Ana María	Iglesias Álvarez, Ana María
Coord. 4º Ed. Primaria	McNicholls, Stuart	McNicholls, Stuart	McNicholls, Stuart
Responsabilidade	2019-20	Curso 2020-2021	Curso 2021-2022
Coord. 1º Ed. Social	Carrera Fernández, María Victoria	Carrera Fernández, María Victoria	Carrera Fernández, María Victoria
Coord. 2º Ed. Social	Cid Fernández, Xosé Manuel	Rodríguez Castro, Yolanda	Rodríguez Castro, Yolanda
Coord. 3º Ed. Social	Failde Garrido, José María	Failde Garrido, José María	Failde Garrido, José María
Coord. 4º Ed. Social	Dapía Conde, María D.	Dapía Conde, María D.	Dapía Conde, María D.
Coord. 1º Trabajo Social	López Viso, Mónica	López Viso, Mónica	López Viso, Mónica
Coord. 2º Trabajo Social	Méndez Fernández, Ana Belén	Méndez Fernández, Ana Belén	Méndez Fernández, Ana Belén
Coord. 3º Ed. Trabajo Social	López Viso, Mónica	López Viso, Mónica	López Viso, Mónica
Coord. 4º Ed. Trabajo Social	González Rodríguez, Rubén	González Rodríguez, Rubén	González Rodríguez, Rubén
Coordinación prácticas externas curriculares			

R1 DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección, Curso Académico 2021-2022	FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E TRABALLO SOCIAL	
--	--	---

Responsabilidade	2019-20	Curso 2020-2021	Curso 2021-2022
Educación Infantil	Fernández Méndez, José Luís	Raposo Rivas, Manuela	Raposo Rivas, Manuela
Educación Primaria	Raposo Rivas, Manuela	García Señorán, Mar	García Señorán, Mar
Educación Social	Rodríguez Castro, Yolanda Cid Fernández, Xosé Manuel	Rodríguez Castro, Yolanda Cid Fernández, Xosé Manuel	Rodríguez Castro, Yolanda Fernández Simo, Jesús Deibe
Traballo Social	González Rodríguez Rubén	Vázquez Pérez, Raquel	Vázquez Pérez, Raquel

Coordinación Traballo Fin de Grao

Responsabilidade	2019-20	Curso 2020-2021	Curso 2021-2022
Educación Infantil	Díaz Pereira, María del Pino	Díaz Pereira, María del Pino	Díaz Pereira, María del Pino
Educación Primaria	McNicholls, Stuart	McNicholls, Stuart	McNicholls, Stuart
Educación Social	González Fernández, Antonio	González Fernández, Antonio	González Fernández, Antonio
Traballo Social	González Rodríguez, Rubén	González Rodríguez, Rubén	González Rodríguez, Rubén

Coordinación mobilidade estudantes

Coordinador	Cid Fernández, Xosé Manuel	Cid Fernández, Xosé Manuel	Zabalza Cerdeiriña, María Ainoa
Apoio á mobilidade	Figueroa Revilla, Beatriz	Figueroa Revilla, Beatriz	Méndez Fernández, Ana Belén
Apoio á mobilidade	Méndez Fernández, Ana Belén	Méndez Fernández, Ana Belén	Rodríguez Castro, Yolanda
Apoio á mobilidade	McNicholls, Stuart	McNicholls, Stuart	McNicholls, Stuart
Apoio á mobilidade	Fernández Carballo-Carlero, M ^a Victoria	Fernández Carballo-Carlero, M ^a Victoria	Fernández Carballo-Carlero, M ^a Victoria
Apoio á mobilidade	--	Rodríguez Castro, Yolanda	Figueroa Revilla, Beatriz

Apoio a prácticas pre-profesionais

Coordinador	Cid Fernández, Xosé Manuel	Cid Fernández, Xosé Manuel	
-------------	----------------------------	----------------------------	--

Coordinación Calidade

Responsabilidade	2019-20	Curso 2020-2021	
Coordinadora Calidade	Ricoy Lorenzo, M ^a Carmen	Díaz Pereira, María del Pino	Díaz Pereira, María del Pino
Apoio calidade Educación Social	Lameiras Fernández, María	Faílde Garrido, José María	Faílde Garrido, José María
Apoio calidade Traballo Social	Aguiar Fernández, Francisco Javier	Aguiar Fernández, Francisco Javier	Aguiar Fernández, Francisco Javier
Apoio calidade Educación Infantil	Mociño González, María Isabel	Mociño González, María Isabel	Mociño González, María Isabel
Apoio calidade Educación Primaria	Vidal López, Manuel	Iglesias Álvarez, Ana María	Iglesias Álvarez, Ana María
Apoio calidade Máster	Iglesias Álvarez, Ana María	González Rodríguez, Rubén Vázquez Figueiredo, María José	González Rodríguez, Rubén Vázquez Figueiredo, María José

Coordinación PAT

Coordinadora do PAT	Iglesias Álvarez, Ana María	Vázquez Figueiredo, María José	Vázquez Figueiredo, María José
---------------------	-----------------------------	--------------------------------	--------------------------------

R1 DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección, Curso Académico 2021-2022	FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E TRABALLO SOCIAL	
--	--	---

Táboa 2. Coordinación dos distintos máster do Centro (2021-2022)

RESPONSABLE/ MÁSTER	Dificultades	Diversidade	Prof. Secundaria	Curso
Coordinadora	García Señorán, Mar	Díaz Pereira, María del Pino	Ricoy Lorenzo, Carmen	2010-11
				2011-12
				2012-13
				2013-14
				2014-15
				2015-16
				2016-17
				2017-18
				2018-19
				2019-20
				2020-2021
				2021-2022

1.2.2. Descrición doutras actividades académicas e de transferencias que constituen evidencias da proxección social da Facultade de Educación e Traballo Social na súa contorna.

A Facultade de Educación e Traballo social constitúe un centro de gran dinamismo e con vocación de servizo e proxección á sociedade circundante. Ademais da actividade formativa de carácter formal vinculada ao desenvolvemento dos títulos oficiais, o centro desenvolveu unha cantidade relevante de eventos académicos e de transferencia que quedan plasmados na revista dixital da Uvigo Duvi. Unha recompilación dos principais actos celebrados na facultade poden ser consultados nas seguintes ligazóns.

A SERRA DO XURÉS SERÁ EN OUTUBRO PUNTO DE ENCONTRO DE PROFESIONAIS, ALUMNADO E PROFESORADO DE EDUCACIÓN SOCIAL

Os días 1 e 2 de outubro, a Serra do Xurés, na provincia de Ourense, converterase en punto de encontro de profesionais, alumnado e profesorado de Educación Social. Será na celebración da Convivencia Interuniversitaria e Profesional da Educación Social, que contará coa participación de universidades e órganos colexiais de Galicia, Asturias e Portugal.

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/serra-xures-sera-outubro-punto-encontro-profesionais-alumnado-profesorado-educacion-social>

SEIS NOVOS CENTROS CONVÉRTENSE EN REFERENTES DA IGUALDADE NA UNIVERSIDADE DE VIGO

Por investigar, ensinar, transferir e producir coñecemento con mirada de xénero e feminista

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/seis-novos-centros-convertense-referentes-igualdade-universidade-vigo>

TRES ESTUDANTES DE EDUCACIÓN PRIMARIA, SELECCIONADOS PARA FORMARSE COMO FUTUROS “TRANSFORMADORES” DA ESCOLA RURAL

A través do programa da Fundación Princesa de Girona ‘Xeración Docentes’

Realizarán prácticas en centros rurais de referencia de Estremadura e Aragón

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/tres-estudiantes-educacion-primaria-seleccionados-formarse-futuros-transformadores-escola-rural>

XOSÉ MANUEL CID SERÁ O PRIMEIRO DIRECTOR DA ACADEMIA DO COUTO MIXTO

Será nomeado oficialmente no acto que se celebrará este sábado en Santiago de Rubiás. A iniciativa ponse en marcha



para valorizar esta realidade histórica

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/xose-manuel-cid-sera-primeiro-director-academia-couto-mixto>

PROXECTOS E PERSOAS PARA VISIBILIZAR O DEPORTE INCLUSIVO E FEMININO

A cita celebrouse na Facultade de Educación e Traballo Social. O campus acolleu unha xornada con este obxectivo

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/proxectos-persoas-visibilizar-deporte-inclusivo-feminino>

CONTOS PARA UNHA NENA QUE NON SABÍA LER

Un portafolio audiovisual ofrece 12 recomendacións de lecturas infantís. Foi elaborado pola alumna de Educación Primaria Évora Parcero

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/contos-nena-que-non-sabia-ler>

UNHA XORNADA AFONDATA NA IGUALDADE NO DEPORTE

Contará coa participación de deportistas profesionais

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/xornada-afondara-igualdade-deporte>

O ALUMNADO DE DOUTORAMENTO DE EDUCACIÓN E TRABALLO SOCIAL FAI BALANCE DO SEU TRABALLO INVESTIGADOR

Cun seminario de peche celebrado de xeito presencial e virtual. 75 estudantes están matriculados nestes estudos

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/alumnado-doutoramento-educacion-traballo-social-fai-balance-seu-traballo-investigador>

O VI SIMPOSIO INTERNACIONAL DE ENSINO DAS CIENCIAS CELEBRARASE DO 13 AO 16 DE XUÑO

Arredor de 200 persoas participan cada dous anos nesta cita. Ao igual que as anteriores edicións desenvolveuse de xeito virtual

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/vi-simposio-internacional-ensino-ciencias-celebrase-13-ao-16-xuno>

UN DOCUMENTAL ACHEGARÁ AO CAMPUS A GUERRA EN COLOMBIA E O PAPEL DE BENPOSTA NA ATENCIÓN A MENORES RECRUTADOS

A obra recolle o testemuño de rapazas e rapaces superviventes. O mércores 25 proxectarase unha peza audiovisual sobre a masacre da operación Berlín

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/documental-achegara-ao-campus-guerra-colombia-papel-benposta-atencion-menores-recrutados>

ALUMNADO DE TRABALLO SOCIAL DESENVOLVE SEIS PROXECTOS NO EIDO DA INTERVENCIÓN, O XÉNERO E A VIOLENCIA

Elaboraron produtos como unha guía de parentalidade positiva e un podcast sobre a reinserción. Este xoves expuxéronos ante profesionais e membros da comunidade universitaria

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/alumnado-traballo-social-desenvolve-seis-proxectos-eido-intervencion-xenero-violencia>

UNHA OLLADA FEMINISTA E INTERDISCIPLINAR PARA MELLORAR A ATENCIÓN ÁS MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

O campus acolle unha xornada con este obxectivo. A actividade xunta as visións do académico e da práctica profesional

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/ollada-feminista-interdisciplinar-mellorar-atencion-mulleres-vitimas-violencia-xenero>

TEATRO E LITERATURA PARA ELIMINAR PREXUÍZOS CARA A LINGUA GALEGA

Unha xornada da Aula Aberta de Educación abordou esta cuestión. Contou coa participación de Talía Teatro, Raquel Castro e Miguel Rodríguez Carnota

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/teatro-literatura-eliminar-prexuihos-cara-lingua-galega>

MÁIS DE 200 TÍTULOS PARA FOMENTAR A LECTURA

Un mural e un espazo virtual recolleron suxestións de libros por parte da comunidade universitaria. Foi unha iniciativa da Facultade de Educación e Traballo Social

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/mais-200-titulos-fomentar-lectura>

EDUCACIÓN E TRABALLO SOCIAL ESTREITA AS SÚAS RELACIÓNS CON CENTROS EDUCATIVOS DE TURQUÍA, PORTUGAL E LETONIA

Este mércores organizou unha xornada do proxecto Erasmus+ 'My e-story'. A facultade tamén acolle esta semana a estadia de profesorado do Instituto Politécnico de Leiria

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/educacion-traballo-social-estreita-suas-relacions-centros->



[educativos-turquia-portugal-letonia](#)

AS XIX XORNADAS INTERXERACIONAIS VOLVEN APOSTAR POLA CONVIVENCIA ENTRE PERSOAS DE DIFERENTES IDADES E CAPACIDADES

A cita celebrouse este xoves no centro da cidade e no campus. Alumnado universitario, escolares, maiores e persoas con diversidade participaron na cita

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/xix-xornadas-interxeracionais-volven-apostar-convivencia-persoas-diferentes-idades-capacidades>

ALUMNADO DE EDUCACIÓN SOCIAL ORGANIZOU UNHA XORNADA DE TROCO

A cita celebrouse fronte ao Edificio de Ferro. Co obxectivo de fomentar o desenvolvemento sostible entre a comunidade universitaria

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/alumnado-educacion-social-organizou-xornada-troco>

SEIS NOVOS CENTROS LUCIRÁN O DISTINTIVO DE IGUALDADE DA UNIVERSIDADE

Educación e Traballo Social, CCXX e do Traballo, Económicas e Empresariais e EE Minas e Enerxía. Xunto co CIM-Centro de Investigación Mariña e o Cimbio

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/seis-novos-centros-luciran-distintivo-igualdade-universidade>

LEO, LEO, QUE LES?

Educación e Traballo Social celebra o “mes do libro” con diversas actividades. Alumnado do centro tamén organiza unha xornada de troco

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/leo-leo-que>

ALUMNADO DE EDUCACIÓN SOCIAL ACHÉGASE Á SÚA PROFESIÓN CO DESENVOLVEMENTO DUNHA HORTA E DAS XORNADAS INTERXERACIONAIS

Arredor de 75 estudantes deseñan, planifican e executan diferentes accións de pedagogía social. A dinamización comunitaria é unha das súas principais liñas de traballo

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/alumnado-educacion-social-achegase-sua-profesion-co-desenvolvemento-dunha-horta-xornadas>

DE WASHINGTON A OURENSE PARA FALAR DA PREVENCIÓN DO VIH

A profesora María Cecilia Zea realiza unha estadía esta semana no campus. Participará en actividades de docencia e investigación

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/washington-ourense-falar-prevencion-vih>

O CURSO DE INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA CON PERSOAS AFECTADAS DE ALZHEÍMER FORMA A UNHA VINTENA DE ESTUDANTES

Este venres clausurouse a décima edición desta iniciativa. Froito da colaboración da Facultade de Educación e Traballo Social, Afaor e a Fundación Dorzán

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/curso-intervencion-socioeducativa-persoas-afectadas-alzheimer-forma-vintena-estudiantes>

UN OBRADOIRO ACHÉGASE Á DANZA URBANA DESDE UN PUNTO DE VISTA TEÓRICO, PRÁCTICO E CULTURAL

As sesións desenvólvense cada mércores pola tarde no Espazo Xove de Ourense. É unha das tres opcións relacionadas co baile incluídas na programación de extensión universitaria

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/obradoiro-achegase-danza-urbana-punto-vista-teorico-practico-cultural>

EDUCACIÓN E TRABALLO SOCIAL CREA UNHA AULA ABERTA PARA FOMENTAR O USO DO GALEGO E A REFLEXIÓN CRÍTICA

A primeira sesión abordará temas como a divulgación científica neste idioma e feita por mulleres

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/educacion-traballo-social-crea-aula-aberta-fomentar-uso-galego-reflexion-critica>

O COTSG CONCEDE UN DOS SEUS PREMIOS CO GALLO DESTA DATA A UN TRABALLO FIN DE GRAO DA UVIGO

O campus únese á conmemoración do Día Mundial do Traballo Social

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/campus-unese-conmemoracion-dia-mundial-traballo-social>

EDUCACIÓN E TRABALLO SOCIAL ACHÉGASE A FITOS QUE MARCARON HAI CEN ANOS A “REVOLUCIÓN PEDAGÓXICA”

Abordan o Plan de Vicente Risco e a Liga Internacional pola Educación Nova

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/educacion-traballo-social-achegase-fitos-que-marcaron-hai-cen->



[anos-revolucion-pedagogica](#)

UNHA PUBLICACIÓN RENDE HOMENAXE AO PROFESOR ANTONIO LÓPEZ CASTEDO

Nela participa unha trintena de especialistas

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/publicacion-rende-homenaxe-ao-profesor-antonio-lopez-castedo>

ALUMNADO DE EDUCACIÓN E TRABALLO SOCIAL RECOLLE UN DOS GALARDÓS DO I FESTIVAL DE CINE ESCOLAR

Foron premiados pola súa curta arredor da obra de Xela Arias 'Amor de Nai'. O acto celebrouse na Universidad de Zaragoza

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/alumnado-educacion-traballo-social-recole-galardons-i-festival-cine-escolar>

O PROXECTO EUROPEO WORLDPLACES APOSTA POR FOMENTAR A INTEGRACIÓN LABORAL DAS MULLERES MIGRANTES

Nel participa persoal investigador de Educación de Ourense, Filoloxía e Telecomunicación A hindú Priya Ghosh é a primeira “embaixadora” desta iniciativa na UVigo

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/proxecto-europeo-worldplaces-aposta-fomentar-integracion-laboral-mulleres-migrantes>

O CAMPUS CONMEMORA O 8M REIVINDICANDO A EDUCACIÓN EN IGUALDADE E PARA A PAZ

A Facultade de Educación e Traballo Social leu un manifesto co gallo do Día Internacional da Muller. No texto avogouse polo feminismo como movemento social de loita pola xustiza social e a democracia

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/campus-conmemora-8m-reivindicando-educacion-igualdade-paz>

MÚSICA PARA RENDER HOMENAXE A ROSALÍA DE CASTRO

Alumnado, coro e aula de gaitas ofreceron este xoves un concerto no campus. No marco da conmemoración do día dedicado á escritora galega

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/musica-render-homenaxe-rosalia-castro>

ALUMNADO DO GRAO EN EDUCACIÓN INFANTIL COÑECE AS OPORTUNIDADES LABORAIS QUE TEN EN ALEMAÑA

Nunha conferencia celebrada este mércores no campus. Estivo aberta tanto ao estudantado como a egresadas e egresados

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/alumnado-grao-educacion-infantil-conece-oportunidades-laborais-que-ten-alemana>

ALUMNADO E PROFESORADO DE EDUCACIÓN E TRABALLO SOCIAL REALIZOU E SOTERROU UNHA CÁPSULA DO TEMPO

Sementes para ao futuro da lingua e a cultura galegas

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/sementes-ao-futuro-lingua-cultura-galegas>

TRES TRABALLOS FIN DE GRAO DE EDUCACIÓN SOCIAL, PREMIADOS NO 7º CONCURSO TFG EDUSO

Concedidos polo Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia. Abordan temas como os centros CIEMA, os anuncios de prostitución e o colectivo LGBTIQ de maiores

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/tres-traballos-fin-grao-educacion-social-premiados-7o-concurso-tfg-eduso>

O CAMPUS COLABORA CO CEIP MESTRE VIDE NUN PROXECTO SOBRE O CÓMIC COMO FERRAMENTA EDUCATIVA

Escolares do centro visitaron este venres a Facultade de Educación e Traballo Social. A iniciativa quere traballar valores sociais a través de superheroes e superheroínas

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/campus-colabora-co-ceip-mestre-vid-e-nun-proxecto-comic-ferramenta-educativa>

A CURTA 'AMOR DE NAI', GALARDOADA NUN FESTIVAL ESTATAL DE CINE ESCOLAR

Realizada por alumnado de Educación e Traballo Social do campus. Trátase dunha peza en homenaxe á escritora Xela Arias

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/curta-amor-nai-galardoada-nun-festival-estatal-cine-escolar>

O PROGRAMA NI 9N NI 8FF FOMENTARÁ NA MOCIDADE A PREVENCIÓN DO ACOSO SEXUAL CARA A CARA E VIRTUAL

Está realizado por investigadoras das universidades de Vigo, Santiago de Compostela e Carlos III. Propón actividades para desenvolver durante os catro cursos de Educación Secundaria Obrigatoria



<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/programa-ni-n-ni-ff-fomentara-mocidade-prevencion-acoso-sexual-cara-cara-virtual>

TENDENDO PONTES ENTRE O FUTURO PROFESORADO, OS ESCOLARES E O PATRIMONIO CULTURAL

Alumnado de Educación achégase á experiencia de Ponte... nas Ondas!. A través de actividades coa radio do IES Terra de Turonio de Gondomar

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/tendendo-pontes-futuro-profesorado-os-escolares-patrimonio-cultural>

DIFERENZAS DE XÉNERO E FALTA DE CONTROL FAMILIAR MARCAN O USO DOS VIDEOXOGOS POR PARTE DAS E DOS ADOLESCENTES OURENSÁNS

Segundo un estudo feito desde as facultades de Educación e Traballo Social e Historia. Nel participaron 700 rapazas e rapaces da provincia

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/diferenzas-xenero-falta-control-familiar-marcen-uso-videoxogos-parte-adolescentes-ourensans>

EDUCACIÓN E TRABALLO SOCIAL RENDE HOMENAXE AO SEU PROFESORADO XUBILADO NO CURSO 2020/2021

No acto tamén se presentou unha publicación co gallo dos 20 anos do centro. Son Julia de la Montaña, José Luis Fernández, Hipólito Puente, M^a Mercedes Solar e Manuel F. Vieites

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/educacion-traballo-social-rende-homenaxe-ao-seu-profesorado-xubilado-curso-20202021>

ALUMNADO DE TRABALLO SOCIAL ACHEGA AS SÚAS IDEAS PARA ACADAR MUSEOS MÁIS INCLUSIVOS

Nunha xornada na que expuxeron os resultados de 18 traballos arredor desta temática. Compartiron as súas experiencias con membros do Museo Etnolóxico de Ribadavia

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/alumnado-traballo-social-achega-suas-ideas-acadar-museos-mais-inclusivos>

UN ACTO E UN LIBRO PARA RECOÑECER A TRAXECTORIA DE MANUEL DEAÑO

A publicación recolle achegas de 34 profesores de 10 universidades

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/acto-libro-reconecer-traxectoria-manuel-deano>

SEMPRE CON NÓS

Educación e Traballo Social rende homenaxe ao alumnado e profesorado falecido nos últimos anos. Unha obra conmemorativa dos 20 anos deste centro recolle o seu legado académico

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/sempre>

ACADEMIA DE LECTORES, ACADEMIA DE VALORES

O campus acolleu unha actividade sobre o uso da literatura como ferramenta didáctica. O alumnado realizou un percorrido divulgativo por diferentes enclaves da contorna

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/academia-lectores-academia-valores>

UN 25 N MÁIS, O CAMPUS ÚNESE AO REXEITAMENTO DAS VIOLENCIAS MACHISTAS

Membros da comunidade universitaria gardaron un minuto de silencio. A asociación estudantil Auce tamén colocou materiais informativos co gallo deste día

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/25-n-mais-campus-unese-ao-rexeitamento-violencias-machistas>

AS VIOLENCIAS E CIBERVIOLENCIAS SEXUAIS CONTRA AS MULLERES, UNHA CONSTANTE AO LONGO DA VIDA

A investigadora Rosana Martínez abordou na súa tese de doutoramento esta problemática. Destaca a importancia de fomentar a prevención a través da educación das e dos adolescentes

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/violencias-ciberviolencias-sexuais-mulleres-constante-ao-longo-vida>

O DOUTORAMENTO EN CIENCIAS SOCIAIS E ENVELLECIMENTO, LISTO PARA IMPARTIRSE O VINDEIRO CURSO ACADÉMICO

É unha iniciativa das tres universidades galegas e as lusas de Porto e UTAD. Este martes celebrouse de xeito virtual o primeiro foro do proxecto POCTEP no que se enmarca

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/doutoramento-ciencias-sociais-envellecimento-listo-impartirse-vindeiro-curso-academico>

ALUMNADO DO CAMPUS AFONDA NA PREVENCIÓN DA VIOLENCIA SEXUAL NA MOCIDADE

R1 DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección, Curso Académico 2021-2022	FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E TRABALLO SOCIAL	
---	---	---

Nunhas xornadas que se celebran nos sete campus universitarios galegos. Nela abordáronse temas como o discurso de supremacía masculina e a explotación de menores

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/alumnado-campus-afonda-prevencion-violencia-sexual-mocidade>

O CURSO DE ESPECIALISTA EN AUTONOMÍA DE MOZAS E MOZOS TUTELADOS XA ESTÁ EN MARCHA

Impártese cada xoves e venres na Facultade de Educación e Traballo Social de Ourense. A actividade prolongarase ata maio de 2022

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/curso-especialista-autonomia-mozas-mozos-tutelados-xa-marcha>

FALANDO DUN MUNDO E DUNHA LITERATURA SOSTIBLE CON XABIER DOMÍNGUEZ E ALBA DE EVAN

Este mércores arrancou o VII Ciclo de Literatura Infantil e Xuvenil. Estes mestres e creadores falan no campus da súa editorial e contos de temática ambiental

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/falando-dun-mundo-dunha-literatura-sostible-xabier-dominguez-alba-evan>

O CAMPUS ACOLLERÁ EN OUTUBRO UNHA NOVA EDICIÓN DO CICLO DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

Catro conferencias para facer un mundo máis sostible a través da lectura. A cita contará coa participación de escritoras e escritores con obras relacionadas con esta temática

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/catro-conferencias-facer-mundo-mais-sostible-traves-lectura>

EN LEMBRANZA DO PROFESOR MANUEL VIDAL

Este martes gardáronse tres minutos de silencio en memoria do docente falecido. Ao acto asistiron membros da comunidade universitaria e familiares

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/lembianza-profesor-manuel-vidal>

R1 DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección, Curso Académico 2021-2022	FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E TRABALLO SOCIAL	
--	--	---

1.2.3. Descrición de cambios na oferta formativa/ou de servizos

Non se produciu ningún cambio na oferta formativa nin nos servizos durante o curso académico 2021-2022. A Facultade de Educación e Traballo Social ofertou, un curso máis, o mesmo catálogo de títulos, tanto en Grao coma nos de Máster. Cabe lembrar que os títulos ofertados por este Centro son en:

- **TÍTULO DE GRAO**
 - o Grao en Educación Infantil
 - o Grao en Educación Primaria
 - o Grao en Educación Social
 - o Grao en Traballo Social
- **TÍTULO DE MÁSTER**
 - o Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos
 - o Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos
 - o Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación profesional e Ensinanza de Idiomas.

R1 DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección, Curso Académico 2021-2022	FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E TRABALLO SOCIAL	
---	---	---

1.2.4. Descrición de modificacións/cambios na documentación do SGIC

As dinámicas de funcionamento relativas ao arquivo de evidencias asociadas á plataforma do SGIC seguen a mesma tendencia que en cursos anteriores, aínda que, marcámonos como obxectivo a mellora cualitativa da documentación que reflicta o traballo efectuado. Aínda que se presenta unha tendencia de continuidade, durante o curso 2021-2022 prodúcese unha serie de cambios que constitúen modificacións nos rexistros do SIGC; de modo máis específico:

- Como consecuencia da constitución da Comisión do Plan Estratéxico da Facultade de Educación e Traballo Social con data 4 de marzo de 2022, alóxase na plataforma do SGIC a documentación que constitúen evidencias do proceso e os resultados asociados a este proceso
- Con data 31/05/2022, a Comisión de Calidade reflexiona, debate e valida a nova Guía PAT e Atención a Necesidades Específicas de Apoio. Esta guía constitúe tamén unha nova evidencia aloxada no aplicativo.
- Con data 15/12/2022, procedeuse ao debate e aprobación do procedemento de seguimento e control de docencia (R4-DO-0201-PI) que tamén foi aloxado no aplicativo. Se ben a xa facultade contaba con procedementos específicos para o control e seguimento das diferentes accións implicadas na impartición da docencia(xestión de guías docentes, control de asistencia, control de entrega de cualificacións...), procedeuse á integración de todos os procedementos nun único documento.
- Regulamento interno de elección de delegados de aula. A Facultade de Educación e Traballo Social co ánimo de fomentar a participación do alumnado no funcionamento das actividades académicas e de extensión universitaria aproba en sesión ordinaria da Comisión Permanente da Facultade o 15/12/2021 o mencionado reglamento que constitúe una nova evidencia na plataforma do SGIC.

R1 DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección, Curso Académico 2021-2022	FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E TRABALLO SOCIAL	
--	--	---

II. DATOS E INDICADORES

Os datos que se presentan a seguir recollen os resultados do centro e das súas titulacións oficiais de grao e máster, atendendo aos indicadores do SGIC e aos indicadores específicos do seguimento establecidos pola ACSUG. Os indicadores que se reflicten na táboa foron obtidos do portal de transparencia da Universidade de Vigo entre o 7 de xaneiro e o 31 de Marzo de 2023.

O carácter dinámico e en constante actualización pode implicar lixeiros cambios en función de novas datas de consulta. A valoración destes indicadores correspóndense, segundo os casos: puntuación mínima 0 e máxima 5.

2.1. A Facultade de Educación e Traballo Social

2.1.1. Resultados do panel de indicadores do SGIC do Centro

Resultados estudiantado nas Enquisas Satisfacción coas Titulacións						
Meta de calidade asociada: 3 sobre 5 para todas as titulacións						
Panel de indicadores			Resultado Curso 2021-2022	Resultado Curso 2020-2021	Resultado Curso 2019/2020	Resultado Curso 2018/2019
Codg SGC	Codg ACSUG	Titulación				
I02-MC	I4	Educación infantil	3,41	3,40	3,32	2,88
I02-MC	I4	Educación primaria	2,82	3,21	3,24	3,05
I02-MC	I4	Educación Social	3,54	3,25	3,06	3,63
I02-MC	I4	Traballo Social	3,59	3,01	3,11	2,78
I02-MC	I4	Máster en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos	3,20	3,10	3,13	3,22
I02-MC	I4	Máster en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos	4,31	4,03	3,64	2,79
I02-MC	I4	Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación profesional e ensinanza de Idiomas	CC. Exper. 3,56 Xeogr. Hist. 4,33 Humanidades 3,30 Orient. Educ. 2,94	CC. Exper. 3,67 Xeogr. Hist. 2,90 Humanidades 3,56 Orient. Educ. 3,56	CC. Exper. 3,43 Xeogr. Hist. 3,12 Humanidades 2,68 Orient. Educ. 3,92	CC. Exper. 3,18 Xeogr. Hist. 3,17 Humanidades 2,69 Orient. Educ. 2,59

R1 DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección, Curso Académico 2021-2022	FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E TRABALLO SOCIAL	
--	--	---

2.1.2. Datos relativos a QSP recibidas

INFORME QUEIXAS CURSO 2021-2022	
INDICADORES	
Tempo medio resposta	4
% respondidas en prazo	100%
Pendente de resposta	0
Tempo de resposta	QSP
De 1 a 5 días	8
De 6 a 10 días	2
Total computable	10
Tipo de usuario/a	Cuenta de código
Estudiante de grao ou 1º e 2º ciclo	9
Estudiante doutros estudos propios da Universidade de Vigo	1
Total computable	10
Clasificación interna	Cuenta de código
Computable	10
Parabén	1
Queixa	9
Total general	10
Motivo	Cuenta de código
Docencia	5
Persoas	2
Prestacións	1
Procesos	2
Total computable	10
Etiquetas de fila	Cuenta de código
Correo electrónico	10
Total computable	10
Unidade que responde	Cuenta de código
Facultade de educación e traballo social (docencia)	10
De 1 a 5 días	8
De 6 a 10 días	2
Total computable	10
Unidades clasificadas	Cuenta de código
Facultade de educación e traballo social (docencia)	10
Parabén	1
Queixa	9
Total computable	10

R1 DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección, Curso Académico 2021-2022	FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E TRABALLO SOCIAL	
--	--	---

2.1.3. Estado de situación dos rexistros de calidade do SGIC do Centro

Neste epígrafe, inclúese un resumo extraído da aplicación informática da xestión documental onde se depositan os rexistros do SGIC do curso 2021-2022

Rexistros de calidade do Centro					
Rexistro	Procedemento	Estado do rexistro	Data límite de entrega	Observacións	Documentos Adxuntos
R1-DE01 P1 - Plan estratéxico do centro	DE-01 P1 - Planificación e desenvolvemento estratéxico	Completado	30/11/2022	Con data 4 de marzo de 2022 constitúese a Comisión do Plan Estratéxico da Facultade de Educación e Traballo Social, coa presenza na xuntanza do director da Área de Calidade da Universidade de Vigo. Anéxase acta da reunión, onde se pode consultar os integrantes da devandita comisión e a planificación do traballo a desenvolver. A acta de constitución acompaña as outras evidencias que dan testemuño do traballo desenvolvido en diferentes subcomisións, así como algúns dos documentos coas aportacións cara ao deseño do Plan estratéxico.	3
R1-DE02 P1 - Panel de indicadores	DE-02 P1 - Seguimento e Medición	Completado	15/03/2022	Anexo 3 do procedemento de Seguimento e medición.	1
Persoas tituladas	15%	3,83	7. A facilidade para atopar contidos na páxina web: 4,00	5. A orientación profesional e laboral recibida: 2,33
			18. Formación adquirida na práctica: 4,00	11. A atención do PAS recibida: 2,33
			1. A distribución das materias no PE: 3,67	2. O grao de actualización dos contidos do PE: 2,67
				4. a orientación académica recibida: 2,67
Empregadores/as				

2.7.4. Indicadores por materia

a) De seguido preséntanse os resultados do panel de indicadores por materia

Máster Universitario en Intervención Multidisciplinar Na Diversidade en Contextos Educativos			
Panel de indicadores por materia			
Materias	T. Eval. IM02	T. Exito IM01	T. Ren. IM03
Interculturalismo en Entornos Socio-educativos	100,00%	100,00%	100,00%
Interculturalismo en Contextos Escolares	96,88%	100,00%	96,88%
Ensino e Aprendizaxe da/s Lingua/s da Sociedade de Acolida	100,00%	100,00%	100,00%
Desenvolvemento Comunitario	100,00%	100,00%	100,00%
Compensación das Desigualdades na Educación	96,88%	100,00%	96,88%
Calidade de Vida para as Persoas Maiores	94,44%	100,00%	94,44%
Educación de Adultos	96,88%	100,00%	96,88%
Da Inxustiza da Desigualdade á Riqueza da Diferenza	100,00%	100,00%	100,00%
Xénero e Educación	96,88%	100,00%	96,88%
Calidade de Vida das Persoas con Discapacidade	90,91%	100,00%	90,91%
Medidas de Atención á Diversidade para Persoas con Altas Capacidades	85,71%	100,00%	85,71%
Medidas de Atención á Diversidade para Alumnas/Alumnos con Necesidades Educativas	96,88%	100,00%	96,88%
Prácticum	96,88%	100,00%	96,88%
Traballo de Fin de Máster	61,54%	100,00%	61,54%

b) De seguido preséntanse os resultados dos informes de cualificación por materia

Máster Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos							
Informes de cualificación por materia							
Materia	NP	SUSP	AFROB	NOTB	SOBRS	MH	APTO POR COMP.
Interculturalismo en Entornos Socio-educativos				6	6	1	
Interculturalismo en Contextos Escolares	1			5	26		
Ensino e Aprendizaxe da/s Lingua/s da Sociedade de Acolida	1				12		
Desenvolvemento Comunitario				4	15		
Compensación das Desigualdades na Educación	1		3	10	17	1	
Calidade de Vida para as Persoas Maiores	1			7	10		
Educación de Adultos	1			11	20		
Da Inxustiza da Desigualdade á Riqueza da Diferenza				9	7		
Xénero e Educación	1			10	21		
Calidade de Vida das Persoas con Discapacidade	1		2	1	7		
Medidas de Atención á Diversidade para Persoas con Altas Capacidades	1		1		5		
Medidas de Atención á Diversidade para Alumnas/Alumnos con Necesidades Educativas	1			3	28		
Prácticum	1				31		
Traballo de Fin de Máster	15		4	15	5		

2.7.5. Estado dos rexistros do SGIC da titulación

Máster universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos					
Rexistro	Procedemento	Data límite de entrega	Observacións	Documento Adxuntos	Estado do rexistro
R1-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a modificación dunha titulación	DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais	14/01/2022	Non procede.	0	Completado
R2-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a acreditación dunha titulación	DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais	28/01/2022	Non procede.	0	Completado
R1-DO0102 P1 - Informe anual de seguimento da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	15/03/2022	O informe de seguimento das titulacións realízase a través do Informe de Revisión do Sistema pola Dirección. Este rexistro está subido no Centro	1	Completado
R2-DO0102 P1 - Informe anual de avaliación da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	15/11/2022	Non procede. Ningunha das titulacións do centro foi avaliada por ACSUG (seguimento externo).	0	Completado
R3-DO0102 P1 - Informes de revisión interna	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	15/11/2022	Non procede. Ningunha das titulacións do centro foi obxecto de seguimento interno.	0	Completado
R1-DO0103 P1 - Resolución de extinción dunha titulación	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	30/11/2021	Non procede.	0	Completado
R2-DO0103 P1 - Orde de suspensión de revogación dunha titulación publicada no DOG	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	30/11/2021	Non procede.	0	Completado
R3- DO0201 P1 - Informe de Coordinación	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	15/10/2022	O Informe de Accións de Coordinación do curso 2019-20 dos títulos do Centro foi validado pola Comisión de Garantía Interna de Calidade o día 11 de decembro de 2020.	1	Completado
R1- DO0204 P1 - Criterios de asignación das prácticas curriculares	DO-0204 P1 - Xestión das prácticas académicas externas	15/06/2022	Na web publícase a información sobre o Prácticum relativa a este aspecto e infórmase de onde se depositan os seus rexistros: http://masterdiversidade.webs.uvigo.es/g/docencia/practicas-externas/	1	Completado
R1- PE02 P1 - Resultados de avaliación docente definitivos (anuais)	PE 02 P1 - Xestión do persoal docente e investigador-PDI	30/12/2022	Resultados definitivos da Avaliación docente.	1	Completado

2.8. Máster en Profesorado de ESO, Bacharelato, FP e Ens. Idiomas

2.8.1. Resultados do panel de indicadores do SGIC

Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato, Formación profesional e ensinanza de Idiomas						
Panel de indicadores			¿Existe Meta de calidade asociada aos obxectivo de calidade do centro? Indicar valor establecido	Resultado Curso 2021/2022	Resultado Curso 2020/2021	Resultado Curso 2019/2020
Codg SGC	Codg ACSUG	Descrición				
I02-MC	I4	Grao satisfacción estudiantado	Si: 3 sobre 5	CC. Exper.;3,56 Xeogr. Hist. -- Humanidades 3,30 Orient. Educ. 2,94	CC. Exper. 3,67 Xeogr. Hist. 2,90 Humanidades 3,56 Orient. Educ. 3,56	CC. Exper. 3,43 Xeogr. Hist. 3,12 Humanidades 2,68 Orient. Educ. 3,92
I03-MC	I4	Grao satisfacción profesorado	Si: ≥ 4 sobre 5	Non procede	CC. Exper. 4,08 Xeogr. Hist. 4,21 Humanidades 3,53 Orient. Educ. 4,08	Non procede
I04-MC	I4	Grao satisfacción persoas tituladas	Si: : ≥ 3 sobre 5	CC. Exper. -- Xeogr. Hist. -- Humanidades 3,77 Orient. Educ. --	CC. Exper. 3,41 Xeogr. Hist. 3,51 Humanidades 3,17 Orient. Educ. 4,48	CC. Exper. 3,81 Xeogr. Hist. -- Humanidades 3,49 Orient. Educ. --
I06-MC	I4	Grao satisfacción empregadores/as	Si: Non hai datos		Non hai datos	Empresas e Entidades invitadas: 6 Respostaron: 0 Satisfacción: --
I01-AC		Nota media de acceso	Si: 6 - 7	8,77	7,36	Ver táboa nota media (todas) Anexo 7
I01(2)-AC		Nota mínima de acceso		Non procede	3,70	Non procede
I02-AC		Ocupación	Si: ≥ 80%	100%	95,83%	98,61%
I03-AC		Preferencia	Si: ≥ 80%	Non procede	Non procede	Non procede
I03(2)-AC		Adecuación	Si: ≥ 80%	Non procede	Non procede	Non procede
I04-AC	I1	Matriculación de novo ingreso por prescrición (Evolución do estudiantado matriculado en cada curso a académico)		72	69	71
I03-DO	I8	Participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado (Enquisas de avaliación docente)		CC. Exper.29,21% Xeogr. Hist. 21,76% Humanidades :43,48 Orient. Educ. 23,64%	Non hai datos	CC. Exper. 74,52% Xeogr. Hist. 6,52% Humanidades 23,28% Orient. Educ. 4,50%
I04-DO	I8	Grao de satisfacción do estudiantado coa actividade docente do profesorado		CC. Exper. 4,08 Xeogr. Hist. 3,59 Humanidades 4,09 Orient. Educ. 4,05	CC. Exper. 3,68 Xeogr. Hist. 3,99 Humanidades :3,99 Orient. Educ. 3,68	CC. Exper. 3,89 Xeogr. Hist. 3,87 Humanidades 4,49 Orient. Educ. 4,05

Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato, Formación profesional e ensinanza de Idiomas						
Panel de indicadores			¿Existe Meta de calidade asociada aos obxectivo de calidade do centro? Indicar valor establecido	Resultado Curso 2021/2022	Resultado Curso 2020/2021	Resultado Curso 2019/2020
Codg SGC	Codg ACSUG	Descrición				
		(Enquisas de avaliación docente)				
I05-DO		Grao de satisfacción do estudantado coa planificación e desenvolvemento do ensino	Si: 3 sobre 5	CC. Exper. 3,86 Humanidades 3,42 Orient. Educ. 2,94	CC. Exper. 3,88 Xeogr. Hist. 3,15 Humanidades 3,57 Orient. Educ. 3,56	CC. Exper. 3,46 Xeogr. Hist. 3,31 Humanidades 2,71 Orient. Educ. 3,95
I06-DO		Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino	Si: ≥ 4 sobre 5	Non procede	CC. Exper. 4,97 Xeogr. Hist. 4,39 Humanidades 3,94 Orient. Educ. 4,01	Non procede
I07-DO		Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino	Si: ≥ 3 sobre 5	CC. Exper. S/datos Xeogr. Hist. S/datos Humanidades 3,69 Orient.Educ.S/datos	CC. Exper. 2,80 Xeogr. Hist. 3,00 Humanidades 3,09 Orient. Educ. 4,20	CC. Exper. 3,78 Xeogr. Hist. -- Humanidades 3,38 Orient. Educ. --
I08-DO		Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas		Non hai datos	Non hai datos	CC. Exper. 4,54 Xeogr. Hist. -- Humanidades 3,83 Orient. Educ. --
I09-DO	I3	Estudantes que participan en programas de mobilidade internacionais		Non hai datos	--	--
I09(2)-DO		Estudantes estranxeiros		--	--	--
I010-DO		Duración media dos estudos		1,07	1,13	1,14
I011-DO		Taxa de rendemento	Si: ≥ 80%	92%	93%	98%
I012-DO		Taxa de abandono	Si: <5%;	0,00%	3,03%	4,48%
I013-DO		Taxa de eficiencia	Si: ≥ 90%	99%	99%	98%
I014-DO		Taxa de graduación	Si: ≥ 50%	90,91%	100%	92,42%
I015-DO		Taxa de éxito	Si: ≥ 90%	98%	100%	100%
I016-DO		Tempo medio para atopar emprego	Si: Non hai datos	A información sobre os titulados da Universidade de Vigo esta: https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/69/21	A información sobre os titulados da Universidade de Vigo esta: https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/69/21	A información sobre os titulados da Universidade de Vigo esta: https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/69/21
I017-PE	I7	Porcentaxe de PAS en formación	Si: ≥ 75%	Fac. CC EE 30,18%	Fac. CC EE: 68,59%	Fac. CC EE 80,46%
I017(2)-PE	I6	Profesorado en programas de formación		15	13	14
I02-PE		Cualificación do PDI	Si: Dr/a ≥ 50%;	17 Dr/a 32 (53,13)	10 Dr/a 35 (28,57)	22 Dr./a /32

Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato, Formación profesional e ensinanza de Idiomas						
Panel de indicadores			¿Existe Meta de calidade asociada aos obxectivo de calidade do centro? Indicar valor establecido	Resultado Curso 2021/2022	Resultado Curso 2020/2021	Resultado Curso 2019/2020
Codg SGC	Codg ACSUG	Descrición				
			Prof. TC ≥50%; Prof. VP ≥ 50%;			
I03-PE		Resultados de investigación de carácter académico (Sexenios)	Si: ≥ 40%	77,78%	70,59%	92,31%
I03(2)-PE		Profesorado por categoría	Catedrático	1	---	---
			Titular	13	9	7
			Titular EU	-	---	---
			Contratado Doutor	4	8	6
			Axudante Doutor	3	2	1
			Asociado	6	10	11
			Predoutoral Xunta	-	---	---
			PI/V	1	2	1
			Non aplicable	4	4	6

2.8.2. Resultados dos indicadores específicos do seguimento (ACSUG)

Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato, Formación profesional e ensinanza de Idiomas						
Indicadores de Seguimento				Resultado Curso 2021/2022	Resultado Curso 2020/2021	Resultado Curso 2019/2020
E3	I2	Perfil de ingreso do alumnado (grao)- Alumnado por titulación de procedencia (máster).	Licenciado	11	16	10
			Arquitecto	0	1	2
			Enxeñeiro	6	2	6
			Diplomado/Mást.	1	1	---
			Arquitect. Técnico		-	---
			Enxeñ. Técnico	2	1	5
			Valid. Estu. Extr.	2	3	1
			Títulos de grao	51	45	43
			Graduados Sup.			4
			Resultado	73	69	71
I9		% de profes. do título avaliado polo programa DOCENTIA (quinquenal)			CC. Exper.0% Xeogr. Hist. 2,17%	Non hai datos

Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación profesional e ensinanza de Idiomas					
Indicadores de Seguimento			Resultado Curso 2021/2022	Resultado Curso 2020/2021	Resultado Curso 2019/2020
				Humanidades 2,17% Orient. Educ. 0%	
I10	Nº e % de profes. que participa en programas de mobilidade	Nº	-2	2	1
		%	--		---
I11	Distribución do alumn. por centro de prácticas	Nome da empresa Entidade	Debido ao volume de datos axúntase anexo 7		
I14	Resultados de inserción laboral			Datos publicados no portal de transparencia https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/69/21 estudos realizados por Luís Espada. Datos publicados pola ASUG http://www.acsug.es/sites/default/files/archivos/Resultados%20no%20SUG%20EIL1314.pdf	Datos publicados no portal de transparencia https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/69/21 estudos realizados por Luís Espada. Datos publicados pola ASUG http://www.acsug.es/sites/default/files/archivos/Resultados%20no%20SUG%20EIL1314.pdf
I15	Media de alumnos por grupo de docencia	Tamaño grupos A	20	20	30,68
		Tamaño grupos B	--	--	---
		Tamaño grupos C	--	--	---

2.8.3. Resultados (desagregados) das enquisas de satisfacción das titulacións

Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación profesional e Ensinanza de Idiomas				
Colectivo	Resultados de Participación	Satisfacción xeral curso 2021/2022	Ítem/ epígrafes mellor valorados	Ítem epígrafes peor valorados
Alumnado	21%	Ciencias Experimentais. Matemáticas e Tecnoloxía 3,56	05. A utilidade das prácticas da titulación: 4,67	10. A atención ás queixas, suxestións ou incidencias (respostas, resolucións e posta en marcha de accións): 2,80
			16. As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: 4,50	02. A coordinación entre as materias do plan de estudos: 2,83
			04. O calendario das probas de avaliación: 4,50	18. O cumprimento das túas expectativas formativas: 2,83
	21%	Ciencias Sociais. Humanidades 3,30	05. A utilidade das prácticas da titulación: 4,00	10. A atención ás queixas, suxestións ou incidencias (respostas, resolucións e posta en marcha de accións): 2,67
			04. O calendario das probas de avaliación.: 3,87	17. A 00rmación adquirida 2,83
			16. As plataformas de teledocencia e	18. O cumprimento das túas expectativas

Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación profesional e Ensinanza de Idiomas				
Colectivo	Resultados de Participación	Satisfacción xeral curso 2021/2022	Ítem/ epígrafes mellor valorados	Ítem epígrafes peor valorados
	21%	Orientación 2,94	ferramentas multimedia: 3,87	formativas:2,83
			05. A utilidade das prácticas da titulación: 3,33	12. A axuda recibida do persoal de administración e servizos do centro: 2,33
			13. As aulas e o seu equipamento: 3,33	10. A atención ás queixas, suxestións ou incidencias (respostas, resolucións e posta en marcha de accións): 2,33
			14. Os laboratorios, obradoiros e espazos experimentais, e o seu equipamento: 3,33	06. A orientación académica recibida no plan de acción tutorial: 2,67
Profesorado (Enquisa bianual Estes resultados son do curso 2020/21)	50% (Enquisa bianual Estes resultados son do curso 2020/21)	Ciencias Experimentais. Matemáticas e Tecnoloxía 4,21	05. As prácticas realizadas nas materias da titulación: 5,00	10. A información sobre as actividades de extensión universitaria (actividades culturais, deportivas, sociais...): 3,50
			03. Os horarios da titulación: 5,00	06. A orientación académica programada no plan de acción tutorial:3,00
			01. A estruturación ou organización temporal das materias do plan de estudos: 5,00	13. A oferta de formación permanente da Universidade de Vigo para o profesorado: 3,00
	66,67% (Enquisa bianual Estes resultados son do curso 2020/21)	Ciencias Sociais. Xeografía e Historia 3,53	16. Os espazos auxiliares (biblioteca...) e o seu equipamento:4,50	13. A oferta de formación permanente da Universidade de Vigo para o profesorado: 3,00
			05. As prácticas realizadas nas materias da titulación: 4,50	06. A orientación académica programada no plan de acción tutorial: 3,00
			18. A formación adquirida polo estudantado (coñecementos e contidos): 4,50	04. O calendario das probas de avaliación:3,00
	78,57% (Enquisa bianual Estes resultados son do curso 2020/21)	Ciencias Sociais. Humanidades 4,08	17. As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia:4,82	07. A accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web:3,73
			16. Os espazos auxiliares (biblioteca...) e o seu equipamento:4,73	13. A oferta de formación permanente da Universidade de Vigo para o profesorado:3,67
			04. O calendario	02. A coordinación

Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación profesional e Ensinanza de Idiomas				
Colectivo	Resultados de Participación	Satisfacción xeral curso 2021/2022	Ítem/ epígrafes mellor valorados	Ítem epígrafes peor valorados
	68,75% (Enquisa bianual Estes resultados son do curso 2020/21)	Orientación 4,23	das probas de avaliación: 4,45	entre as materias do plan de estudos: 3,58
			17. As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: 4,91	09. A utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia, taboleiros, pantallas audiovisuais...): 4,00
			16. Os espazos auxiliares (biblioteca...) e o seu equipamento: 4,80	18. A formación adquirida polo estudantado (coñecementos e contidos): 4,00
	16%	Ciencias Sociais. Humanidades 3,77	14. As aulas e o seu equipamento: 4,55	02. A coordinación entre as materias do plan de estudos: 4,00
			20. Adecuación das tarefas ao perfil profesional e formación: 5,00	7.A facilidade para atopar contidos na páxina web:2,67.
			19. Formación adquirida na práctica: 4,67	6. Os programas de mobilidade de ser o caso: 3,00
			15. As ferramentas de teledocencia e ferramentas multimedia: 4,67	9. A atención as queixas, suxestións e incidencias: 3,00
				10. A implicación do centro na resolución de problemas e na mellora da titulación: 3,00
				13: As aulas e laboratorios: 3,00
Persoas tituladas				
Empregadores/as	Non hai datos	---		

2.8.4. Indicadores por materia

a) De seguido preséntanse os resultados do panel de indicadores por materia

Máster Universitario en Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas			
Panel de indicadores por materia			
Materias	T. Eval. IM02	T. Exito IM01	T. Ren. IM03
Orientación e Función Titorial	98,92%	100,00%	98,92%
Desenvolvemento Psicolóxico da Aprendizaxe no Ensino Secundario	97,81%	98,88%	96,72%
Deseño Curricular e Organización de Centros Educativos	97,14%	98,53%	95,71%
Sistema Educativo e Educación en Valores	98,56%	99,27%	97,84%
Orientación Base Legal, Composición, Planes e Programas	94,44%	100,00%	94,44%
A Ciencia e a súa Metodoloxía para Profesorado de Educación Secundaria	93,10%	100,00%	93,10%
As Ciencias Experimentais na Educación Secundaria	94,74%	100,00%	94,74%
Didáctica das Ciencias Experimentais na Educación Secundaria	89,47%	100,00%	89,47%

Máster Universitario en Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas

Panel de indicadores por materia

Materias	T. Eval. IM02	T. Exito IM01	T. Ren. IM03
Elaboración de Unidades Didácticas	89,47%	100,00%	89,47%
Investigación e Innovación na Educación Secundaria	93,22%	100,00%	93,22%
Deseño de Investigacións e Propostas Innovadoras en Ciencias Experimentais	93,10%	100,00%	93,10%
Tecnoloxía e Informática para o Profesorado de Educación Secundaria	92,31%	100,00%	92,31%
Didáctica da Tecnoloxía e Informática na Educación Secundaria	92,31%	100,00%	92,31%
Organización da Aula-Obradoiro de Tecnoloxía	92,31%	100,00%	92,31%
A Educación Física na Educación Secundaria	100,00%	95,00%	95,00%
A Didáctica da Educación Física: Deseño e Desenvolvemento do Currículo	100,00%	100,00%	100,00%
A Didáctica da Educación Física: Elementos Curriculares	100,00%	100,00%	100,00%
Innovación Docente e Iniciación á Investigación Educativa na Educación Física	100,00%	100,00%	100,00%
Ciencias Sociais na Educación Secundaria I	100,00%	97,56%	97,56%
Ciencias Sociais na Educación Secundaria II	100,00%	97,56%	97,56%
Aprendizaxe e Ensinanza de Historia e Historia da Arte na Educación Secundaria	100,00%	100,00%	100,00%
Xeografía na Educación Secundaria	100,00%	100,00%	100,00%
Innovación e Investigación nas Ciencias Sociais	100,00%	100,00%	100,00%
A Formación Profesional	91,94%	100,00%	91,94%

b) De seguido preséntanse os resultados dos informes de cualificación por materia

Máster Universitario en Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas

Informes de cualificación por materia

Materia	NP	SUSP	APROB	NOTB	SOBRS	MH
Orientación e Función Titorial	3		13	112	143	6
Desenvolvemento Psicolóxico da Aprendizaxe no Ensino Secundario	6	3	15	214	36	
Deseño Curricular e Organización de Centros Educativos	8	4	26	108	132	2
Sistema Educativo e Educación en Valores	4	2	6	113	151	2
Orientación Base Legal, Composición, Planes e Programas	1		3	4	9	1
A Ciencia e a súa Metodoloxía para Profesorado de Educación Secundaria	4		2	5	44	3
As Ciencias Experimentais na Educación Secundaria	1			2	15	1
Didáctica das Ciencias Experimentais na Educación Secundaria	2			1	16	
Elaboración de Unidades Didácticas	2			8	9	
Investigación e Innovación na Educación Secundaria	4		1	33	20	1
Deseño de Investigacións e Propostas Innovadoras en Ciencias Experimentais	4			23	31	
Tecnoloxía e Informática para o Profesorado de Educación Secundaria	3		2	19	14	1
Didáctica da Tecnoloxía e Informática na Educación Secundaria	3			7	27	2
Organización da Aula-Obradoiro de Tecnoloxía	3		4	16	15	1
A Educación Física na Educación Secundaria		1	2	13	3	1
A Didáctica da Educación Física: Deseño e Desenvolvemento do Currículo			1		19	
A Didáctica da Educación Física: Elementos Curriculares			3	13	4	
Innovación Docente e Iniciación á Investigación Educativa na Educación Física			1	6	12	1
Ciencias Sociais na Educación Secundaria I		1	4	15	19	2
Ciencias Sociais na Educación Secundaria II		1	3	6	31	
Aprendizaxe e Ensinanza de Historia e Historia da Arte na Educación Secundaria			1	13	6	1
Xeografía na Educación Secundaria			1	15	5	1
Innovación e Investigación nas Ciencias Sociais			1	20	19	1
A Formación Profesional	5		4	29	21	3
Aprendizaxe e Ensinanza dos Módulos das Familias Profesionais do Sector Servizos			4	10	5	1
Innovación Docente e Iniciación á Investigación na Formación Profesional	4		10	40	7	
Formación e Orientación Laboral		3	3	9	6	1
As Linguas Estranxeiras no Contexto Español e Internacional			3	10	27	
Didáctica da Ensinanza das Linguas Estranxeiras			1	6	31	2
Estratexias de Innovación Docente no Campo das Linguas Estranxeiras				16	24	
Bases para a Ensinanza e a Aprendizaxe das Linguas				3	16	1
Didáctica da Lingua e Literatura na Educación Secundaria			1	17	1	1
Didáctica da Lingua e Literatura Castelá na Educación Secundaria				1	19	
Didáctica da Lingua e Literatura Galega na Educación Secundaria				8	11	1
Innovación e Investigación na Ensinanza Secundaria: Música e Debuxo			5	12	3	
Complementos para a Ensinanza do Debuxo				12	8	
Estratexias Didácticas I: O Ensino	1	1		13	5	

Estratexias Didácticas II: Autoavaliación, Crítica e Análise	1			11	8	
Prácticas Externas	15		4	47	221	
Traballo Fin de Máster	66		16	66	156	13
Economía, Administración de Empresas e Comercio na Educación Secundaria	1	1	1	3	15	
Aprendizaxe e Ensinanza dos Módulos das Familias Profesionais do Sector Primario e Secundario			5	13	3	
Investigación e Innovación na Área das Linguas					19	1
Diagnóstico e Evolución da Competencia Curricular		1	1	3	12	
A Atención á Diversidade e a súa Intervención	2		6	1	6	

2.8.5.Estado dos rexistros do SGIC da titulación

Máster universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos					
Rexistro	Procedemento	Data límite de entrega	Observacións	Documento Adxuntos	Estado do rexistro
R1-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a modificación dunha titulación	DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais	14/01/2022	Non procede.	0	Completado
R2-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a acreditación dunha titulación	DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais	28/01/2022	Non procede.	0	Completado
R1-DO0102 P1 - Informe anual de seguimento da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	15/03/2022	O informe de seguimento das titulacións realízase a través do Informe de Revisión do Sistema pola Dirección. Este rexistro está subido no Centro	1	Completado
R2-DO0102 P1 - Informe anual de avaliación da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	15/11/2022	Non procede. Ningunha das titulacións do centro foi avaliada por ACSUG (seguimento externo).	0	Completado
R3-DO0102 P1 - Informes de revisión interna	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	15/11/2022	Non procede. Ningunha das titulacións do centro foi obxecto de seguimento interno.	0	Completado
R1-DO0103 P1 - Resolución de extinción dunha titulación	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	30/11/2021	Non procede.	0	Completado
R2-DO0103 P1 - Orde de suspensión de revogación dunha titulación publicada no DOG	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	30/11/2021	Non procede.	0	Completado
R3-DO0201 P1 - Informe de Coordinación	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	15/10/2022	O Informe de Accións de Coordinación do curso 2019-20 dos títulos do Centro foi validado pola Comisión de Garantía Interna de Calidade o día 11 de decembro de 2020.	1	Completado

R1- DO0204 P1 - Criterios de asignación das prácticas curriculares	DO-0204 P1 - Xestión das prácticas académicas externas	15/06/2022	Na web publícase a información sobre o Prácticum relativa a este aspecto e infórmase de onde se depositan os seus rexistros: http://masterdiversidade.webs.uvigo.es/g/docencia/practicas-externas/	1	Completado
R1- PE02 P1 - Resultados de avaliación docente definitivos (anuais)	PE 02 P1 - Xestión do persoal docente e investigador-PDI	30/12/2022	 Resultados definitivos da Avaliación docente.	1	Completado

2.9. Outros indicadores propios do centro/ título (validados pola UEP)*

**Neste epígrafe os centros que teñan solicitado, consonte o procedemento de medición, análise e mellora, indicadores propios que completan o panel de indicadores institucionais, poden recoller os resultados obtidos e unha breve análise deles.*

A Facultade de Ciencias da Educación e Traballo Social non ten indicadores propios do centro/ título (validados pola UEP).

III. ANÁLISE DE RESULTADOS: SEGUIMIENTO DAS TITULACIÓNS

De seguido inclúense as análises de cada unha das titulacións adscritas do Centro; comézase polos graos e posteriormente pásase aos de máster.

3.1. Seguimento da titulación: Grao en Educación Infantil

3.1.1. Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se realizou conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso 2021-2022 os indicadores e medidas dispoñibles permiten facer unha valoración xeral satisfactoria do desenvolvemento e resultados do plan de estudos no Grao en Educación Infantil. Mantéñense, na liña de anos anteriores, as elevadas taxas de matrícula de novo ingreso (85 estudantes para unha oferta de 75 prazas), incrementábase tanto a nota mínima de acceso, que se sitúa en 8,87 (fronte a 8,44 do curso 2020-21 e lonxe do 7,21 do curso 2019/20), como a nota media de acceso, que alcanza 9,44 (fronte ao 8,69 do ano anterior e 7,94 do curso 2019/20), superándose sobradamente a meta de calidade establecida polo centro (6-7).

Esta demanda correspóndese cuns índices de ocupación que amosan un incremento de máis de dous puntos, situándose no 114,67% (fronte ao 112,00% do curso 2020/21), mentres que descenden os de preferencia ata 125,33% (fronte a 186,67% do ano anterior), se ben se cumpren en ambos os casos os obxectivos de calidade do centro ($\geq 80\%$). Non é así en canto ao índice de adecuación, que segue descendendo e sitúase en 43,02% (fronte a 45,24% do curso 20/21 e ao 60,90% do 19/20), o que se distancia da meta de calidade do centro ($\geq 80\%$). Isto pode ser debido a que, malia contar cun índice de preferencia moi alto, o incremento da nota de ingreso provoca que se matricule alumnado que escolleu este Grao como segunda opción ou que se preinscribira noutra universidade. Ben é certo que a organización e o desenvolvemento dos estudos do Grao responden ás expectativas do estudantado matriculado por canto a taxa de abandono segue a ser baixa (6,33%). A modalidade de ingreso do estudantado no grao de Educación Infantil mantense estable en canto ao número de estudantes que acceden a través de estudos de Bacharelato LOMCE e ABAU, que representan o 60,97%, e dos que o fan dende a Formación Profesional de Grao Superior, que son o 39,03% de nova matrícula, indicadores exactamente iguais có ano anterior. Esta dobre vía de acceso provoca algúns desaxustes, como pode ser o nivel de satisfacción cos horarios, un dos índices máis baixos das enquisas, ao imposibilitar a adecuación destes ao alumnado que solicita recoñecemento de créditos e cursa simultaneamente materias de diferentes cursos. Non obstante, dende a Facultade promóvese a flexibilización de cambio de grupo e apóstase pola convivencia e retroalimentación entre estudantado con formación previa moi diferente.

En xeral, o grao de satisfacción do alumnado supera a meta de calidade do centro, tanto no caso do alumnado que continúa estudos, que segue aumentando (3,41/5 fronte a 3,40/5 do curso 2020/21 e 3,32/5 do curso 2019/20), como do alumnado egresado que presenta unha lixeira baixada (3,44/5 fronte a 3,57/5 do curso 2020/21, mais por riba do 3,40/5 do curso 2019/20).

De analizar os indicadores recollidos nas *Enquisas de Satisfacción do Alumnado coa Titulación* referidos á planificación e desenvolvemento obsérvase que continúan amosando mellores resultados ca en anos anteriores (3,37/5, fronte a 3,31/5 do curso 2020/21 e 3,14/5 do curso 2019/20), ademais de que se sitúan todos os valores por enriba da meta de calidade, 3/5. Entre os ítems máis valorados seguen a estar, un ano máis, a “*utilidade das prácticas da titulación*” (4,04/5 fronte a 3,78/5 do curso 2020/21), a “*utilidade da páxina web*” (3,70) e as “*plataformas de teledocencia e multimedia*” (3,67/5), aínda que tamén experimentan unha mellora significativa o “*calendario de probas de avaliación*” (3,45/5 fronte a 3,22/5 do curso 2020/21 e 3,37/5 do 2019/20) e a “*distribución e orde das materias no plan de estudos*” (3,45/5 fronte a 3,42/2 do curso 2020/21 e 3,18/5 do 2019/20). É de sinalar que unha das accións de mellora do pasado curso comeza a dar bos resultados, tal como reflicte o incremento na valoración da “*orientación académica recibida no plan de acción tutorial*” (3,14/5 fronte a 3,04 do curso 2020/21 e moi lonxe do 2,97/5 do curso 2019/20), aínda que siga a ser un dos ítems menos valorados. Por unha parte, reflíctese o esforzo levado a cabo dende a coordinación do PAT e da coordinación do grao por dar visibilidade ás accións vinculadas a este plan, en particular a través das delegadas e delegados de curso, aos que se implicou de forma activa nas diferentes accións levadas a cabo, e,

pola outra, require o mantemento dos esforzos de visibilización e adaptación ás necesidades de orientación do alumnado.

En liña de anos anteriores, “*os horarios da titulación*” están entre os ítems menos valorados (3.10/5 fronte ao 3.18/5 no curso 2020/21, pero lonxe do 2.92/5 que presentaba o curso 19/20). Isto pode deberse, por unha parte, ás dificultades para compatibilizar materias de diferentes cursos entre o alumnado procedente do Ciclo Superior de Educación Infantil que valida 30 ECTS e, pola outra, á organización dos horarios provocada pola pandemia, que se alongaron con clases os cinco días da semana para garantir espazos para as aulas presenciais, ademais de concentrar en dous días, primeiro de modo virtual e despois presencial, as aulas teóricas (Grupos A) de cada curso, o que puido levar a un excesivo cansazo do alumnado.

Outro aspecto que reflicte unha lixeira baixada neste curso é a “*coordinación entre materias do plan de estudos*” (3.13/5 fronte a 3.29/5 do curso 2020/21, pero lonxe do 2.52/5 do curso 2019/20). A valoración considérala un aval das accións de coordinación interdisciplinar que se veñen realizando na facultade e nas que se seguirá avanzando coa posta en marcha dun proxecto de innovación docente, ao que un bo número de profesorado do grao se uniu no curso 2021/22. De feito foi no marco deste proxecto no que se levou a cabo outra das propostas de mellora do título: *a análise e debate sobre tipoloxías metodolóxicas que caracterice a formación de mestras e mestres de Educación Infantil e poida ser recollida no Suplemento Europeo ao Título (SET)*. Durante o proceso de debate e deseño do proxecto deuse unha fonda reflexión entre o profesorado participante sobre as necesidades nesta materia, reflexión que está a continuar no curso 2022-23 coa celebración de sesións de encontro e debate con profesionais de institucións nas que levan tempo traballando coas metodoloxías colaborativas, como son o Centro Integrado de Formación Profesional Portovello, as Bibliotecas Escolares de Galicia ou o CEIP Padre Crespo de Xunqueira de Ambía, entre outros. Nesta liña de mellora da coordinación entre materias tamén se agarda que incida positivamente a análise e reflexión sobre as tipoloxías metodolóxicas feita durante o deseño do Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade (PED-FETS), que contou cunha ampla participación do profesorado do Grao de Educación Infantil ao longo das diferentes sesións de debate desenvolvidas entre marzo e maio do curso 21/22. O resultado de ambas iniciativas é de agardar que contribúa á mellora dos resultados na coordinación entre materias do plan de estudos, pola oportunidade de coñecemento e reflexión sobre as sinerxías entre diferentes áreas e dos obxectivos a medio prazo que han de ser alcanzados polo colectivo da Facultade.

De analizarmos os datos das *Enquisas de Avaliación Docente* obsérvase un lixeiro descenso nos índices de satisfacción xeral do alumnado con respecto ao curso anterior, o que puido ser debido á transición debida ás condicións da pandemia e o paso da docencia semipresencial á presencialidade. Ben é certo que os valores se sitúan todos entre 3.93 e 4.17/5, polo que se supera a meta de calidade asociada a este obxectivo de planificación e desenvolvemento do ensino. Entre os aspectos máis valorados polo alumnado no desenvolvemento da docencia está a adecuación á guía docente das metodoloxías desenvolvidas nas clases (4.06/5) e na planificación valórase positivamente tanto a organización para facilitar a aprendizaxe das materias (3.93/5) como a utilidade dos recursos didácticos (3.94/5). En canto á valoración global das materias, son moi positivos todos os valores, ao considerarse como axeitada a proporcionalidade do volume de traballo aos créditos das materias (4.02/5), a claridade e comprensibilidade da guía docente en canto aos contidos, metodoloxías ou sistemas de avaliación (4.09/5), así como a coordinación entre profesorado que comparte materia (4.1/5), aspecto que foi obxecto dunha proposta de mellora coa implantación de formularios de planificación e organización docente, que terá que continuar.

Pola súa parte, a *Enquisa de satisfacción das persoas tituladas* revela unha escasa participación (8%, 6 respostas), o que resulta pouco significativo da percepción co Grao. Aínda así, entre as persoas participantes obsérvase un nivel elevado de satisfacción (3.44/5 fronte 3.22/5 do ano anterior) e os ítems mellor valorados son “*A formación adquirida na práctica*” (5/5), a “*Duración das prácticas*” (4.67/5) e a “*Adecuación das tarefas ao perfil profesional e formación*” (4.67/5 fronte a 4.50/5 do ano anterior). Porén, obsérvase que a satisfacción xeral das persoas tituladas coa planificación e o desenvolvemento experimentou unha notable caída, situándose en 2.97/5 (fronte a 3.22/5 do curso 2020/21 e 3.08/5 do curso 2019/20), o que se corresponde cos ítems menos valorados: “*A orientación académica recibida*” (2.67/5 fronte a 2.90/5 do curso anterior), “*Os programas de mobilidade*” (2.67/5 fronte a 4.13/5) e “*A orientación profesional e laboral recibida*” (2.67/5 fronte a 2.60 do ano anterior). Esta baixa valoración probablemente sexa debida ás circunstancias derivadas da pandemia e o fluxo dunha cantidade de información que, por veces, puido ser excesiva e provocar máis desinformación do que orientación entre o alumnado. Outro aspecto a ter en conta é que a non presencialidade provocou o debilitamento da rede de apoio entre iguais, o que puido dificultar a interpretación da información recibida por

correo electrónico ou grupos de whatsapp do curso, pois todas as sesións de información e orientación foron gravadas e están a disposición do alumnado no campus remoto, ademais de facerlla chegar a través das delegadas/os de curso.

Finalmente, no curso 2021/2022 continuouse coa implantación do Plan de Normalización Lingüística, incorporándose as materias de terceiro curso e levándose a cabo accións específicas de sensibilización cara á lingua galega, como o programa *Á espreita dos ríos subterráneos*, abordado como dúas aulas abertas celebradas nos meses de marzo-abril e setembro-novembro de 2022, respectivamente, nas que o alumnado participante coñeceu de primeira man profesionais implicados na normalización da lingua en contextos diversos, como a divulgación científica ou a erradicación dos prexuízos lingüísticos a través do teatro; os colectivos en risco de exclusión social; a identidade e diversidade de xénero e cultural. En xeral, a resposta por parte de docentes do Grao segue a ser moi positiva; continuouse coa tradución de materiais docentes, celebráronse cursos de formación personalizados para mellorar a competencia lingüística e promoveuse a edición de materiais docentes en lingua galega, que verán a luz no curso 2022/23, ademais de seguir animando a todo o profesorado de nova incorporación a que se adhira ao programa.

Puntos débiles detectados:

- Baixa valoración do ítem nas enquisas
- Baixa valoración do ítem nas enquisas
- Aplicación da normativa da Uvigo

Accións de mellora a implantar:

- Continuar coa visibilización das accións incluídas no PAT, implicando nelas o alumnado de forma activa e aumentando as canles de comunicación con este a través da figura das delegadas/os de curso, así como a súa implicación nos órganos de representación da Xunta de Centro e de Titulación.
- Continuar coas accións destinadas á mellora da coordinación entre materias, en particular as vinculadas ao proxecto de innovación docente conseguido pola Facultade e no que participa un bo número de docentes do título.
- Promover a participación do profesorado do título no deseño e implantación do Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade de Educación e Traballo Social (PDE-FETS), para ser aplicado no período 2023-2026.

Evidencias nas que basea a valoración:

E1: Memoria vixente do título
 E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora
 E3: Perfil de ingreso do alumnado(graio)
 E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)
 E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade
 E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).
 QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición
 I2: No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia
 I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)
 I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros
 I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.
 I01-AC: Nota media de acceso
 I01(2)-AC: Nota mínima de acceso
 I02-AC: Ocupación
 I03-AC: Preferencia
 I03(2)-AC: Adecuación

3.1.2. Criterio 2. Información e transparencia

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade. Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e si se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).	
Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración: A titulación de Educación Infantil conta con mecanismos axeitados para comunicar de maneira eficaz a todos os grupos de interese as características do programa formativo do título, tal como revelan as puntuacións obtidas nas <i>Enquisas de satisfacción coa titulación</i> , que outorga unha puntuación de 3.70/5 á “ <i>utilidade da páxina web da titulación</i> ” e a 3.48/5 á “ <i>utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas...)</i> ”, resultando tamén satisfactoria a “ <i>facilidade para atopar contidos na web da titulación</i> ” (3.55/5). No referido á <i>Enquisa de satisfacción das persoas tituladas</i> tamén presenta resultados moi positivos por canto valoran con 3.83/5 tanto a “ <i>facilidade para atopar contidos na páxina web</i> ” como “ <i>a utilidade da páxina web da titulación</i> ”. Isto amosa unha consolidación dos resultados do proceso de mellora ao que foi sometida a páxina web nos últimos anos e que a converte no vehículo fundamental de comunicación coa comunidade educativa. En canto á proposta de mellora relativa á promoción das actividades extracurriculares a través das redes sociais, todas elas foron visibilizadas no apartado de “Actualidade” da páxina web do centro (http://fccc.uvigo.es/gl/actualidade/), así como a través das redes sociais Instagram e Facebook, que contan entre ambas con case un millar de seguidoras/es.	
Puntos febles detectados:	Accións de mellora a implantar:
Evidencias nas que se baseou a valoración: E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II) R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública	
Indicadores nos que se baseou a valoración: I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.	

3.1.3. Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación. Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.	
Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración: Tendo en conta que os protocolos de calidade son xerais para todo o centro, a reflexión sobre este criterio será efectuada de modo conxunto para o total das titulacións. Non obstante, o único dato específico dispoñible en relación á avaliación do alumnado coa satisfacción do sistema de garantía de calidade acadou un valor de 3.26/5 no caso do alumnado do grao e 3.33/5 no colectivo de egresados. É de salientar que a Comisión de Garantía de Calidade ten acadado unha presenza e relevancia cada vez maior na vertebración dos procesos para a Mellora da calidade docente, tanto do título coma do centro en xeral.	
Puntos febles detectados:	Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de CalidadeE10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso) .

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro

3.1.4. Criterio 4. Recursos humanos

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A falta de datos dispoñibles sobre os recursos humanos ata o momento impide facer unha valoración destes, se ben se está a producir unha importante estabilización de persoal docente que redundará na mellora do propio título. En canto á participación do profesorado da titulación en plans de formación produciuse un descenso, ao participar 17 docentes (frente aos 21 do curso 2020/21 e os 28 do curso 2019/20), descenso que tamén se produciu na porcentaxe de PAS en formación (30.18%, fronte ao 68.59% do curso 2020/21 e o 80.16% do 2019/20), distanciándose da meta de calidade do centro.

De analizar os datos relativos á *Enquisa de satisfacción coa titulación* obsérvase que o ítem relativo á atención do persoal de administración e servizos (PAS) presenta un lixeiro descenso con respecto aos cursos anteriores (3.39/5, fronte ao 3.42/5 do curso 2020/21 e o 3.54/5 do curso 2019/20), aínda que segue a ser moi positivo e amosa o bo facer do colectivo ante a demanda do alumnado.

Pola súa banda, na Enquisa das persoas egresadas obsérvase un incremento na valoración tanto do “*desempeño do profesorado*” (3.50/5 fronte a 3.45/5 do curso 2020/21) como tamén na “*axuda recibida do persoal de administración e servizos do centro*” (3.17/5 fronte a 3.10/5 do curso anterior).

Puntos febles detectados:

Non se alcanza a meta de calidade marcada polo centro

Accións de mellora a implantar:

Animar á participación do profesorado e o PAS en programas de formación

Evidencias nas que se baseou valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve

E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)

R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)

Indicadores nos que se baseou a valoración:I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI

I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)

I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

I02-PE: Cualificación do PDI

I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)

I03(2)-PE: Profesorado por categoría

3.1.5. Criterio 5. Recursos materiais e servizos

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os axeitados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título percíbense como suficientes e adecuados para o correcto desenvolvemento da actividade formativa, situándose todos os ítems en valores superiores a 3.0/5. Os agrupamentos rexistraron un lixeiro aumento na media do alumnado por grupo A (58.17 fronte a 52.90 do curso 2020/21) e B (32.32 fronte a 29.01 do curso anterior), debido ao aumento de matrícula, aínda que descenderon significativamente nos grupos C (9.79 fronte a 14.36 do curso anterior), aspecto este último que favorece o desenvolvemento adecuado dunhas prácticas especializadas e un seguimento máis individualizado do alumnado.

Nas *Enquisas de satisfacción coa titulación* o ítem mellor valorado son “as plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia” (3.67/5 fronte a 3.43/5 do curso 2020/21), mentres que o resto de ítems presentan valores lixeiramente máis baixos aos dos dous últimos curso, en particular “As aulas e o seu equipamento” (3.19/5 fronte a 3.68/5), “Os laboratorios, obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento” (3.37/5 fronte a 3.54/5 do curso anterior) e “Os espazos para o traballo autónomo (biblioteca, aulas TIC e o seu equipamento)” (3.60/5 fronte a 3.71/5). A percepción positiva reflicte o esforzo que se vén levando a cabo na actualización e mantemento dos espazos e recursos, en particular durante a pandemia e o desenvolvemento das clases semipresenciais, aínda que a lixeira baixada no grao de satisfacción pode deberse a dous factores. Por un lado, a necesidade dunha actualización máis áxil e adecuada ás necesidades do alumnado, como os puntos de conexión para alimentación de ordenadores e aparellos electrónicos, de uso regular en todas as aulas. Polo outro, esta percepción máis crítica pode ser resultado da reflexión levada a cabo entre o profesorado do grao e co propio alumnado sobre os espazos como instrumentos educativos en si mesmos. Neste sentido é de sinalar a execución dunha das propostas de mellora do título, concretamente a da transferencia educativa a centros escolares próximos, que se levou a cabo durante o curso 2021/22 na aula de recursos para a Educación infantil e primaria, na que, ademais das clases para o alumnado en formación, tamén acolleu intervencións coa aula de 6º de Educación Infantil do CEIP Mestre Vide, co que se desenvolveu un proxecto ao redor do cómic, e diferentes sesións coas crianzas participantes no Campus Camp, que empregou a aula para sesións de contacontos e xogos educativos.

Nesta liña de creación de espazos nos que abordar metodoloxías activas e experienciais tamén se enmarca o laboratorio de Educación especial, o cal se habilitou durante o curso 2021/22 e que comezará a ter actividade no 2022/23.

En canto ás prácticas, o alumnado do título conta cunha ampla rede de centros educativos para a realización das prácticas curriculares. No curso académico 2021/22 foron 87 os estudantes que realizaron o Prácticum en 60 centros educativos diferentes, distribuídos fundamentalmente polo sur de Galicia, agás un caso que o realizou en Cambridge (Inglaterra). O grao de satisfacción mostrado por este alumnado en relación á “utilidade das prácticas da titulación” é dos máis elevados nas enquisas de satisfacción (4.04/5). Neste sentido, é de sinalar a posta en marcha por parte da facultade de bolsas de axuda para promover as prácticas en centros educativos de referencia no ámbito rural, por considerar que son contextos promotores de metodoloxías activas e cunha atención máis individualizada das crianzas, así como unha forte conexión co contexto.

Pola súa banda, as *Enquisas de satisfacción das persoas tituladas* amosan un resultados moi positivos, tanto na valoración das aulas e laboratorios (4.17/5), coma dos espazos para o traballo autónomo (3.83/5) ou das plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia (3.33/5).

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Promover o interese do alumnado por facer as prácticas curriculares en centros educativos do rural

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título

E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT
 E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares.
 E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título
 E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia
 E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos
 I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas
 I11: N° de alumnado por centro de prácticas.
 I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...).

3.1.6. Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados de aprendizaxe acadados polos titulados/as son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES). O título mantén estable a taxa de éxito global no 97%, superando a meta de calidade do centro ($\geq 90\%$), cunha puntuación media do alumnado unha vez rematados os estudos de 8.00/10.

Entre os factores que poden explicar esta elevada puntuación media das persoas egresadas cabe sinalar a alta valoración que é outorgada polos titores externos na materia de Prácticum, que se corresponde con 48 dos 240 créditos da titulación. A isto pódese sumar a especialización didáctica dos docentes da facultade e tamén o incremento que vén experimentando cada ano a nota media do alumnado que accede ao título, tanto do procedente dos Ciclos Superiores de Formación Profesional (9.58), como do Bacharelato (9.52).

De atender aos datos recollidos nas *Enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación* obsérvase unha valoración moi positiva da “*formación adquirida*” (3.34/5) e tamén do “*cumprimento das túas expectativas formativas*” (3.21/5), mentres que as *Enquisas de avaliación docente* reflicten unha puntuación global cos resultados de aprendizaxe de 4.30/5, valorando especialmente que “*as probas e as actividades para a avaliación favorecen a miña aprendizaxe*” (3/94/5) e o cumprimento dos criterios de avaliación establecidos na guía docente (4.17/5).

Po último, na *Enquisa de satisfacción das persoas egresadas* valórase tamén positivamente a “*formación adquirida*” (3.33/5) e a “*utilidade da formación recibida para a carreira profesional*” (3.00/5).

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que si se baseou la valoración:

E4: Guías docentes das materias
 E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de máster (título, titor/a e cualificación)
 E25/: Informes de cualificación por materia
 EA11: Informes de prácticas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análises xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción
 I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

3.1.7. Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da contorna na liña de anos anteriores, amosando nas enquisas de avaliación docente unha valoración global de 3.96/5, mentres que nas enquisas de satisfacción coa titulación manifestan estar satisfeitas/os coa titulación o 77% do alumnado.

As taxas de rendemento en xeral son altamente satisfactorias e alcánzanse en todos os indicadores as metas de calidade establecidas. De modo máis concreto, a taxa de rendemento sitúase no 94%, a taxa de eficiencia sitúase no 96%, a taxa de graduación alcanza o 89.66% e a taxa de abandono sitúase no 6.78%, cunha duración media dos estudos de 4.47 anos.

Unha análise máis detallada de cada materia permite concluír que a porcentaxe de éxito é altamente satisfactoria en todas elas e situárense por riba da meta de calidade asociada ($\geq 90\%$), quedando por debaixo deste índice unicamente a materia de “Idioma estranxeiro II: francés”, cuxa particularidade é que conta cunha matrícula no curso 2021/22 de 6 alumnos/as, polo que non é un dato significativo no marco do título.

A taxa de rendemento (94%) é tamén superior á meta de calidade do centro ($\geq 80\%$), situándose unicamente con valores inferiores en dúas materias: o Traballo de Fin de Grao, no que se observa que só o 76.92% os matriculados se presentaron para ser avaliados, se ben no 100% dos casos conseguiron superalo, e “Necesidades educativas especiais asociadas á discapacidade intelectual”, cuxa taxa de rendemento se aproxima á meta de calidade (78.57%).

Puntos febles detectados:**Accións de mellora a implantar:****Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

Indicadores:

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico

I12: Evolución dos indicadores de resultados

□ Taxa de graduación

□ Taxa de abandono

□ Taxa de eficiencia

□ Taxa de rendemento

□ Taxa de éxito

□ Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)

I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso

I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego

I010-D0: Duración media dos estudos

3.2. Seguimento da titulación: Grao en Educación Primaria

3.2.1. Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se realizou conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado.

Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración:

No curso 2021-2022, todos os indicadores relativos ao ingreso no grao son moi positivos e, de feito, presentan unha importante mellora con respecto ao curso anterior en tres dos ítems contemplados: a nota mínima de acceso e os índices de preferencia e adecuación, mentres que o de ocupación se mantén estable, con cifras superiores ao 100%. En efecto, a nota mínima de acceso continúa a aumentar progresivamente, de xeito que se sitúa xa nun 9,49, cifra moi superior ao 7,82 do curso 2018-2019, e, en consecuencia, ascende tamén a nota media en máis de 1 punto. Este dato relaciónase cos índices citados e, así, a preferencia, na preinscrición, sobe ata un 217%, o que demostra que o noso grao constitúe a primeira opción escollida polo estudantado nunha proporción moi superior ao número de prazas ofertadas e, ademais, este curso, isto materialízase no alumnado de novo ingreso, pois acadamos tamén un índice de adecuación satisfactorio (78%), a tan só dous puntos porcentuais da meta establecida (80%), dato que mellora considerablemente o resultado do curso anterior (57,95%). Deste alumnado de novo ingreso, que na súa maioría xa priorizara o noso grao na preinscrición, a procedencia maioritaria é o bacharelato e correspondente ABAU (cunha nota media de acceso de 10,6), aínda que aumenta o número dos que acceden a través dun ciclo de Formación Profesional (16 fronte a 10 do curso anterior, cunha nota media tamén alta: 10). Continuamos tendo unicamente un caso que o fai a partir doutro grao.

Con respecto ao grao de satisfacción do estudantado, cumprimos unha das accións de mellora propostas no curso anterior, pois conseguimos aumentar o nivel de participación nas enquisas ata un 57%, porcentaxe bastante superior ao escaso 17% do curso 20-21. Precisamente por este motivo, cómpre levar a cabo a comparación entre ambos cursos con cautela, xa que non se trata de datos representativos desde un punto de vista estatístico e ademais supoñen porcentaxes de participación moi diferentes entre si. Tendo isto en conta, asistimos a un lixeiro descenso das puntuacións, que se sitúan por primeira vez algo por debaixo da meta (3) no índice xeral: 2,82. Se nos centramos no bloque sobre a planificación e desenvolvemento do ensino, este só no curso 19-20 superou a meta, cun 3,19, mentres que nos outros tres últimos cursos queda a escasa distancia, incluído o que estamos a analizar (20-21).

En consonancia con isto, dous dos ítems peor valorados pertencen a este bloque. Un deles refírese ao PAT (Plan de Acción Titorial) e o motivo pode radicar no descoñecemento por parte do alumnado das accións asociadas a este plan, incluso nos casos nos que participan delas. Tamén pode influír que a atención individualizada só se leva a cabo no primeiro curso, mentres que nos seguintes se trata de accións colectivas. En todo caso, estamos implementando nos últimos anos melloras para darlle maior visibilidade a este plan, así como aumentar as canles de comunicación co alumnado, para que a información chegue a todos e todas, por exemplo a través da figura dos delegados e delegadas de curso, dándolles voz e implicándoos activamente nas accións desenvolvidas. O outro ítem con puntuacións baixas afecta á coordinación entre materias e xa o curso pasado incluimos como proposta de mellora a solicitude a todo o profesorado dun formulario de planificación e coordinación, co fin de fomentar o diálogo entre o profesorado que comparte materia, así como os docentes das diferentes materias de cada curso. Dado que esta acción leva en marcha desde este curso 2021-2022, é de esperar que os seus resultados se reflectan nas próximas enquisas de satisfacción.

Ademais, no curso 2021-22 gran parte do profesorado integrouse nun proxecto de innovación docente, que, ademais de contribuír a mellorar as metodoloxías empregadas nas aulas, tamén repercutirá sen dúbida nunha

maior coordinación entre o profesorado, xa que esixe un diálogo continuo para levalo a cabo. De feito, no marco deste proxecto estamos a realizar sesións de encontro e debate con profesionais de institucións que levan tempo traballando con metodoloxías colaborativas, como son o Centro Integrado de Formación Profesional Portovello, as Bibliotecas Escolares de Galicia ou o CEIP Padre Crespo de Xunqueira de Ambía, entre outros. Na mesma liña de mellora da coordinación entre materias, tamén esperamos que incida positivamente a análise e reflexión sobre as tipoloxías metodolóxicas levada a cabo durante o deseño do Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade (PED-FETS), que contou cunha ampla participación do profesorado do Grao de Educación Primaria ao longo das diferentes sesións de debate desenvolvidas entre marzo e maio do curso 21/22.

En cambio, xa non aparece como ítem peor valorado o relativo ao calendario das probas, como levaba ocorrendo os últimos cursos, de xeito que por primeira vez este acada a meta do 3 e, en consecuencia, consideramos cumprida esta proposta de mellora.

Ademais, un dos tres ítems mellor valorados tamén pertence por primeira vez a este bloque, “a utilidade das prácticas da titulación”, mentres que no curso anterior os ítems mellor valorados referíanse á páxina web, os PAS e os espazos. No curso 2021-2022, mantense a boa valoración dos espazos, neste caso especialmente dos laboratorios, así como da web, pero, en cambio, a atención dos PAS resulta menos valorada, como analizaremos con máis detalle no apartado correspondente.

En calquera caso, se atendemos ás enquisas de avaliación docente, os resultados son altamente positivos, como demostra o feito de que os valores desta titulación superan en todos os ítems os do centro no seu conxunto e os globais da Universidade, situándose sempre por riba do catro sobre cinco, manténdose así, ademais, a boa tendencia dos cursos anteriores. Polo tanto, consideramos necesario destacar que estas puntuacións tan altas nas enquisas de avaliación docente dos catro cursos do grao entran en contradición co descenso detectado nas enquisas de satisfacción docente. Isto reforza a precaución coa que debemos tomar estes últimos datos, á espera da súa evolución no próximo curso.

Entre os ítems mellor valorados nas enquisas de avaliación docente, destacan sobre todo os relativos ás guías docentes, tanto no que se refire ao cumprimento dos criterios de avaliación nelas establecidos (4,35/5), como á súa claridade á hora de explicar o desenvolvemento da materia (4,29/5) e a adecuación das metodoloxías ao recollido nas guías (4,24/5). Ademais, cómpre poñer de relevo que nestas enquisas o ítem que pregunta sobre a coordinación, neste caso entre o profesorado que comparte materia, obtén resultados moi positivos (4,18/5). Por último, o ítem xeral reflicte un alto 4,11 sobre 5 na satisfacción do alumnado co labor docente.

Con respecto ao grao de satisfacción das persoas egresadas, mantense a escasa participación e incluso descende ata un baixo 6%, o que desaconsella tirar conclusións, dado que se trata de datos sen representatividade estatística.

Por último, neste curso non hai datos relativos ao profesorado, canto ás enquisas de satisfacción, xa que neste colectivo só se realizan cada dous anos.

Finalmente, no curso 2021/2022 continuouse coa implantación do Plan de Normalización Lingüística, incorporándose as materias de terceiro curso e levándose a cabo accións específicas de sensibilización cara á lingua galega, como o programa *Á espereita dos ríos subterráneos*, abordado como dúas aulas abertas celebradas nos meses de marzo-abril e setembro-novembro de 2022, respectivamente, nas que o alumnado participante coñeceu de primeira man profesionais implicados na normalización da lingua en contextos diversos, como a divulgación científica ou a erradicación dos prexuízos lingüísticos a través do teatro. No marco deste plan, continuamos coa tradución de materiais para os docentes que así o solicitaron, ademais de seguir animando a todo o profesorado de nova incorporación a que se adhira ao programa.

Puntos débiles detectados:	Accións de mellora a implantar:
-----------------------------------	--

- Valoración do PAT. - Puntuación baixa no ítem referido á coordinación entre as materias.	- Maior visibilización das accións incluídas no PAT, implicando nelas o alumnado de forma activa e aumentando as canles de comunicación con este, a través da figura dos delegados e delegadas de curso, que pretendemos consolidar, así como a implicación do alumnado na representación da Xunta de Facultade. - Continuar coas accións destinadas á mellora da coordinación entre materias, entre as que se inclúe unha nova: a integración dunha parte importante do profesorado no proxecto de innovación docente. - Promover a participación do profesorado do título no deseño e implantación do Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade de Educación e Traballo Social (PDE-FETS), para ser aplicado no período 2023-2026.
---	---

Evidencias nas que basea a valoración:

E1: Memoria vixente do título
E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora
E3: Perfil de ingreso do alumnado(grao)
E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)
E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade
E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).
QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición
I2: No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)
I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros
I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.
I01-AC: Nota media de acceso
I01(2)-AC: Nota mínima de acceso
I02-AC: Ocupación
I03-AC: Preferencia
I03(2)-AC: Adecuación

3.2.2.Criterio 2. Información e transparencia

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Nas enquisas de satisfacción do alumnado, tanto a páxina web, canto á facilidade de uso e a súa utilidade, como a información transmitida por outros soportes acadan puntuacións superiores ao 3, polo que se consolidan os positivos resultados do proceso de mellora, tanto da web como das outras vías de información.

En canto á proposta de mellora relativa á promoción das actividades extracurriculares a través das redes sociais, todas elas foron visibilizadas no apartado de “Actualidade” da páxina web do centro (<http://fcce.uvigo.es/gl/actualidade/>), así como a través das redes sociais Instagram e Facebook, que contan entre ambas con case un millar de seguidoras/es.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)
R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública
QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

3.2.3. Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:

Dado que os protocolos de calidade son xerais para todo o centro, a reflexión sobre este criterio será efectuada de modo conxunto para o total das sete titulacións.

Porén, os dous ítems das enquisas de satisfacción referidos ao sistema de queixas e á resolución de problemas (10 e 11) obteñen por primeira vez valores inferiores ao 2,5 (entre o 2 e o 2,5). Estas baixas valoracións semellan entrar en contradición cos datos obxectivos, xa que, durante o curso 2021-2022, só se recibiron 11 queixas a través da caixa de queixas, suxestións e parabéns, das cales unicamente dúas afectaban ao Grao de Educación Primaria, unha delas relativa ao inadecuado uso da máscara por parte dun docente, cuestión que se solventou de inmediato, e a outra por causa dun cambio de horario que foi rectificado no prazo de dous días, pois efectivamente, como argumentaba a persoa emisora da queixa, fora realizado sen o consentimento de todo o alumnado. Ademais, estes mesmos ítems no Grao de Educación Infantil acadan resultados máis altos, a pesar de que os procedementos e responsables do sistema de queixas coinciden en ambos graos. Polo tanto, quedamos pendentes da evolución destes dous ítems, pero esperamos que se trate dun resultado illado, que se recupere no próximo curso, de acordo co histórico precedente.

Estes datos aínda resultan máis sorprendentes, dado que a Comisión de Garantía de Calidade ten acadado no noso centro unha presenza e relevancia cada vez maior na vertebración dos procesos para a mellora da calidade docente, tanto do título coma do centro en xeral.

Puntos febles detectados:

- Puntuacións baixas nos ítems referidos ao sistema de queixas e á resolución de problemas.

Accións de mellora a implantar:

- Manernos alerta ante a evolución destes datos, aínda que esperamos que se trate de resultados illados, sen continuidade no próximo curso.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro

3.2.4.Criterio 4. Recursos humanos

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Con respecto a este curso, carecemos de datos desagregados sobre o perfil do profesorado por categoría, pero si podemos constatar que se está a producir un aumento importante da estabilidade, coa incorporación de axudantes doutores, así como a consolidación de profesionais na figura de contratados doutores e titulares, o cal contribúe a reducir a demanda de listas de agarda e docentes convidados. Porén, detectamos un descenso na participación en programas de formación, tanto no caso do profesorado (de 23 no curso anterior a 18), como nos PAS (do 68% ao 30%).

Resulta sorprendente, ademais, a diminución obtida no ítem relativo á atención do persoal de administración e servizos (PAS), xa que pasa de ser un dos mellor valorados (3,79) a situarse por debaixo do 3, aínda que moi próximo a este (2,95). Dado que non houbo cambios significativos neste colectivo, esperamos que de novo se trate dunha puntuación illada, que non ten antecedentes e contamos con que tampouco presente continuidade no seguinte curso. En todo caso, ratifica o descenso xeneralizado das puntuacións que atopamos nas enquisas de satisfacción do alumnado no curso 2021-2022.

Puntos febles detectados:

- Descenso na valoración do PAS.
- Diminución da participación en programas de formación, tanto do profesorado como do PAS.

Accións de mellora a implantar:

- Vixiar o descenso na valoración da atención do PAS.
- Animar ao profesorado e ao PAS a participar en programas de formación.

Evidencias nas que se baseou valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve

E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)

R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI

I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

I10: Evolución dos indicad. de mobilidade (nº, % de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)

I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

I02-PE: Cualificación do PDI

I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)

I03(2)-PE: Profesorado por categoría

3.2.5. Criterio 5. Recursos materiais e servizos

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os axeitados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En liña cos cursos anteriores, os espazos son valorados positivamente nas enquisas de satisfacción do alumnado, sempre por riba do 3 e, no caso dos laboratorios, acadan unha das mellores puntuacións. Porén, de acordo co descenso das puntuacións xa comentado, tamén neste caso diminúen con respecto ao curso anterior. Igual que no curso 20-21, as aulas e o equipamento son tamén algo menos valoradas. Non obstante, o ítem sobre as plataformas de teledocencia e as ferramentas multimedia é un dos poucos que mantén a puntuación estable (3,1), o que demostra que a unificación a través de Moovi cumpriu a mellora proposta no curso anterior.

Co obxectivo de ofrecer espazos diversos e interactivos, máis alá das aulas, creamos dous laboratorios novos, un de Educación Especial, que se habilitou durante o curso 2021/22 e comezará a ter actividade no 2022/23, e outro de Recursos para Educación Infantil e Primaria, que xa se puxo en marcha no curso 2021/22, sobre todo nalgúns materias de Infantil, e contamos con empezar a implementar tamén en Primaria no curso 2022/23.

Con respecto ás prácticas externas, o ítem referido á súa utilidade é o que acada a máxima puntuación nas enquisas. Aínda así, detectamos que os centros onde se realizan tenden a concentrarse en contextos urbanos, polo que nos parece interesante promover a realización de prácticas no rural, na liña do esforzo por establecer sinerxías con centros implicados en renovacións metodolóxicas, que moitas veces se sitúan no rural, como os xa citados no apartado 1.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

- Promover a realización de prácticas no rural, mediante a oferta de bolsas.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título
E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT
E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares.
E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título
E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia
E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos
I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas
I11: N° de alumnado por centro de prácticas.
I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

3.2.6. Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Seguindo cos bos resultados dos cursos anteriores, de novo contamos cunha taxa de éxito moi alta, próxima ao 100%, polo que se supera amplamente a meta establecida polo centro (90%). Canto aos indicadores por materia, unicamente en dous casos se sitúan por debaixo dese 90% (82% e 87%). Trátase das dúas materias de Matemáticas e a súa didáctica, que no curso 21-22, tiveron que ser impartidas por docentes non estables, polo que esperamos que nos próximos cursos recuperen as porcentaxes habituais e superen de novo a meta.

As enquisas de avaliación docente ratifican estes bos resultados, con puntuacións, como xa dixemos, sempre superiores ao catro sobre cinco. No caso concreto do ítem que interroga sobre se as probas e as actividades para a avaliación favorecen a aprendizaxe, o resultado é dun alto 4,13

Non obstante, os resultados que nos proporcionan as enquisas de satisfacción do alumnado volven amosar un descenso con respecto ao curso 20-21, neste caso de catro décimas. Polo tanto, debemos estar vixiantes á súa evolución, co fin de comprobar se se trata dunha valoración puntual e transitoria ou, polo contrario, o inicio dunha tendencia descendente, que, sen dúbida, sería preocupante. En todo caso, está prevista a modificación dos plans de titulacións, o que consideramos unha oportunidade para actualizalos e adaptalos ás novas necesidades e metodoloxías e, en definitiva, a adecualos ás expectativas formativas do alumnado.

Puntos febles detectados:

- Descenso de catro décimas nos dous ítems do bloque 6 das enquisas de satisfacción do alumnado.

Accións de mellora a implantar:

- Modificación dos plans de titulacións, co fin de actualizalos e adecualos ás expectativas formativas do alumnado.

Evidencias nas que se baseou la valoración:

E4: Guías docentes das materias
E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de máster (título, titor/a e cualificación)
E25/: Informes de cualificación por materia
EA11: Informes de prácticas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análises xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción
I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

3.2.7. Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Neste apartado, os resultados temos que consideralos altamente positivos, dado que melloran aínda máis os xa satisfactorios de cursos anteriores. En efecto, ascende a taxa de eficiencia ata case ao 100% e redúcese a duración media dos estudos e a taxa de abandono, que é case nula (2,4%). Sobre todo este último dato é especialmente relevante, porque consolida unha tendencia progresiva á diminución no abandono do noso grao, desde o 14,1% do curso 18-19 ata o baixo 2,4% neste 21-22 que estamos a analizar.

En definitiva, supéranse con creces as metas establecidas en todas as taxas: rendemento, eficiencia, graduación e éxito, consolidándose unha traxectoria moi favorable no que respecta aos resultados de satisfacción do grao e aos obxectivos de calidade.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

Indicadores:

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico

I12: Evolución dos indicadores de resultados

Ø Taxa de graduación

Ø Taxa de abandono

Ø Taxa de eficiencia

Ø Taxa de rendemento

Ø Taxa de éxito

Ø Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)

I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso

I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego

I010-DO: Duración media dos estudos

3.3. Seguimento da titulación: Grao en Educación Social

3.3.1. Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se realizou conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado.

Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración:

A pesar de que continuamos baixo os efectos da pandemia provocada pola COVID-19, o programa formativo “Grao en Educación Social” foi permanentemente actualizado e tense implantado de forma satisfactoria conforme ao establecido no plan de estudos establecido no devandito documento, non sendo detectadas incidencias importantes, o que posibilitou a axeitada adquisición de competencias por parte do alumnado matriculado no Grao en Educación Social. E destacable o esforzo do profesorado o do plano de goberno para garantir en todo momento que o alumnado recibira a súa formación de xeito adecuado, combinando a formación on-line e a presencialidade. Dicar, que no título de Educación Social, se mantivo un compromiso importante pola presencialidade, de tal xeito que os grupos medianos (GM) de todas as materias recibiron a súa formación presencialmente. Así mesmo, as optativas con menos de 50 alumnos tamén recibiron as súas clases teóricas (Grupos Grandes) e medianos de xeito presencial.

Na Memoria do Título recóllense evidencias que dan conta do interese científico, profesional e académico do título, da súa adaptación á lexislación vixente e a introdución de melloras a partir das necesidades detectadas. Máis alá diso, existen referentes externos que avalan a adecuación do mesmo aos estándares actuais e a coherencia coas propostas doutras facultades de educación galegas e españolas. Entre estas pódense destacar:

Membros da equipa de goberno da facultade e responsables do grao en Educación Social, participan con regularidade e de xeito activo na Conferencia de Decanas/os das Facultades de Ciencias da Educación (co fin de crear un foro de debate e intercambio aberto a todas as universidades españolas sobre temas de interese para as titulacións universitarias de educación. Na docencia do Grao en Educación Social participan numerosos profesionais coa titulación de diplomado/a u graduado/a en Educación Social que exercen a súa labor profesional como Educadoras/es Sociais en diferentes ámbitos da intervención, o que axuda a recoñecer as demandas de formación deses e doutros ámbitos, o que supón unha conexión directa e actualizada co ámbito da intervención.

Dende a coordinación do título, en concordancia ca política da facultade, é habitual que se invite a xestores e profesionais do campo socio-educativo en activo (moitos deles titores ou xestores dos centros de Prácticum) que, ademais de orientar ao alumnado nas posibles saídas laborais, permite ao equipo docente coñecer os requirimentos profesionais.

Seminarios e grupos de traballo realizados con docentes doutras universidades para analizar e revisar a actualidade dos contidos do título para facer fronte ás novas esixencias profesionais.

Contactos informais con egresados/as que posibilitan analizar o axuste dos contidos do título coas necesidades detectadas na súa práctica profesional.

Relacións fluídas co CEESG (Colexio Oficial de Educadoras e Educadores de Galicia) e con outras organizacións profesionais galegas e estatais, o que permite coñecer as demandas

formativas destes colectivos.

A demanda de estudantes de novo ingreso situouse no presente curso en 84 estudantes (para unha oferta de 75 prazas), incrementándose lixeiramente os índices de ocupación e de preferencia con respecto aos cursos pasados. Tamén se consolida o aumento progresivo da nota media de acceso detectado nos últimos cinco anos, pasando do 6,63 no curso 2016-2017 o

8.37 no curso 2020-2021, sendo a nota mínima de acceso un 7.75, dato que avala o interese do alumnado polo título. Para o Grao en Educación Social, no curso 2020-21 a taxa de ocupación foi do 112%, a de preferencia foi de 122.67%, datos que consolidan unha subida e que se sitúan moi por enriba do indicador de referencia situado nun 80%. Sen embargo. Así mesmo, o grao de satisfacción das empresas convidadas situouse nun 4,77 sobre 5, puntuación moi favorable.

Por outra banda, si analizamos os estudos de acceso do alumnado, os colectivos máis numerosos son os estudantes que proceden do Bacharelato LOMCE e ABAU (55%)l seguidos polo alumnado de FP (42%).

Si analizamos os datos da *enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación*, e da *enquisa de avaliación docente do profesorado*, observamos que os seus resultados son satisfactorios en ambas. Se ben, esta última mostra puntuacións sensiblemente mais altas. Es preciso indicar que as enquisas de avaliación docente do profesorado achegan información máis pormenorizada, pois as puntuacións outorgadas a cada ítem polo alumnado refírense a materias e docentes concretos. Pola contra, as enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación teñen como obxecto de avaliación un *constructo* máis ambiguo e menos específico: o conxunto da titulación do Grao en Educación Social. Os resultados de ambas as enquisas non sempre son coincidentes, pois máis aló das singularidades antes comentadas, difíren tamén respecto o número de estudantes que responden; así, para ás enquisas de avaliación docente do profesorado participaron un 12,68% do alumnado.

Centrándonos na análise dos resultados das *enquisas de avaliación docente da titulación*, resaltar que todos os indicadores se sitúan en valores moi próximos o 4 sobre 5 ou superiores. A valoración global do profesorado sitúase en 4,08, a valoración da materia sitúase en 4,06, a planificación global en 4,09 e os resultados en 4,11. O análise dos resultados dos ítems sitúanse nun rango entre 3,95 (para a pregunta “As clases están organizadas para facilitar a aprendizaxe desta materia”) a 4,19 (“Cumpre os criterios de avaliación establecidos na guía docente”).

As *enquisas de satisfacción do alumnado* coas titulacións amosan resultados mais discretos aínda que en xeral adecuados. Con todo, tres ítems sitúanse por debaixo dos 3 puntos, a orientación académica recibida no plan de acción tutorial (2,33), a información sobre actividades extracurriculares (2,88) e os horarios da titulación (2,88). Estes indicadores descendieron respecto o curso anterior, e teñen que ser interpretados no contexto dunha pandemia que modifica e afecta os canles de información (o alumnado está menos presente no centro, a información estática non é ben visibilizada e a información vía e-mail provoca certa saturación). Ademais, non se puideron levar a cabo as xornadas de de acollida, un acto especialmente importante para orientar o novo alumnado. Por outra banda, os ítems mellor valorados son “a utilidade das prácticas (4,0 sobre 5) e a formación adquirida (3,67).

É destacable que nos ano anterior propuxéronse acción de mellora relativas a satisfacción cos horarios (indicadores nos que se melloraron as valoracións dos alumnos de modo significativo no curso anterior), esta medida pasou por unha maior participación do alumnado, pero debemos insistir que debido a pandemia o curso pasado foi moi complexo, debido a redución significativa de aforos, tema que condicionou os horarios e calendarios de exames.

Puntos débiles detectados: A orientación recibida no Plan de Acción Titorial	Accións de mellora a implantar: Revisar os procesos de información e orientación do PAT e retomar a Xornadas de Acollda.
--	--

3.3.2. Criterio 2. Información e transparencia

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade. Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e si se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).	
Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración: Si temos en conta os resultados das enquisas de avaliación docente e de satisfacción do alumnado, podemos concluír que os mecanismos dos que dispón a titulación de Educación Social para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa formativo é altamente satisfactorio. Así, tal e como reflicten as puntuacións obtidas nas enquisas de avaliación docente do profesorado, en concreto ao ítem 1: “A guía docente (o programa) A guía docente expón de xeito claro e comprensible como se desenvolve a materia: contidos, metodoloxías, sistemas de avaliación ”, asígnanlle unha puntuación de 4.17/5. Así mesmo, o alumnado outórgalle unha puntuación de 4.42 ao ítem 9: 9: Cumpre os criterios de avaliación establecidos na guía docente”. Datos que no seu conxunto son similares o do curso anterior, que xa eran moi bos. Aínda que algo máis baixas, as puntuacións das enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación tamén poden considerarse satisfactorias superando, a maioría dos ítems a puntuación de 3 sobre 5, a excepción dos xa comentados, que atribuímos a situación de pandemia que estamos a vivir. Dentro desta enquisa de satisfacción do alumnado, destaca a puntuación nos ítems 7 e 8 foi dun 3,13/5, en ambos ítems. É destacable a puntuación acadada no ítem 10 “A información sobre as actividades extraescolares (actividades culturais, deportivas, sociais,), que no curso anterior acadou unha de 3.27 obtivo nesta 2.88, pero non podemos esquecer a situación provocada pola pandemia por coronavirus, que dificultou enormemente a información tanto presencial como por canles electrónicas. Non obstante, aínda que se recoñece que a información sobre eses temas non é responsabilidade directa da Facultade, trataremos de dinamizar e facer o máis eficientemente posible a difusión da información.	
Puntos débiles detectados: - Mellorar as canles de información	Accións de mellora a implantar: Non consideramos necesario implantar novas acción de mellora, pero si retomar as acción que tiñas en marcha previo o inicio da pandemia.

3.3.3. Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.	
Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.	
Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:	
O Sistema e os Protocolos de calidade son comúns para todo o Centro, polo que a reflexión sobre este criterio será efectuada de modo conxunto para o total das sete titulacións que se imparten na Facultade de Ciencias da Educación e Traballo Social. É de salientar que dende a Facultade, se ten feito un esforzo para que a Comisión de Garantía de Calidade teña acadado unha presenza e relevancia cada vez maior na vertebración dos procesos para a Mellora da calidade docente, tanto do título coma do centro en xeral.	
Puntos débiles detectados: -	Accións de mellora a implantar: -

3.3.4. Criterio 4. Recursos humanos

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.	
Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.	
Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:	
Para responder a este criterio, basearemos as reflexión en tres aspectos: a satisfacción do alumnado coa labor do profesorado e do PAS; as características do cadro de persoal docente na titulación; e a cualificación dos docentes e do PAS do título. En canto ao primeiro punto (referido á satisfacción do alumnado), consideramos salientable que o grao de “satisfacción xeral do alumnado do título co labor docente do profesorado” que é moi satisfactorio, acadando unha puntuación de 3.98/5 nas enquisas de avaliación docente do profesorado. Ademais como principais fortalezas, na referida enquisa, destacan tamén que: “as metodoloxías desenvolvidas polo profesorado se adecúan ao recollido na guía docente” (4.07/5); “O/a profesor/a aplica dun modo axeitado os criterios de avaliación recollidos na guía docente (ou programa)” con un 4.19/5 ou “A coordinación entre o profesorado da materia e axeitada” (4.07). En xeral, como xa foi comentado, a avaliación docente por parte do alumnado é moi favorable, en liña co observado nos cursos pasados. Con todo, respecto as características do cadro de persoal docente (PDI) hai que recoñecer que o perfil contractual do cadro de PDI que imparte docencia no Grao de Educación Social non avanzou apenas nos últimos cursos respecto á situación existente nos anos previos: o profesorado a tempo completo incrementouse lixeiramente pasando do 22,73% o 36,59% e o de vinculación permanente incrementouse de un 20,45% a un 24,39% respecto o curso anterior. Non obstante, a plantilla de profesorado está representada por un total de 41 docentes, dos que un 63,41% teñen unha dedicación a tempo parcial, unhas porcentaxes que non son as mais axeitadas para unha boa xestión do título. Non obstante, no debemos esquecer que levamos moitos anos de crise económica que afectou as políticas de promoción do profesorado (taxa de reposición, xubilacións, paralización de novas	

convocatorias de profesorado permanente...)). Este un aspecto que debería mellorarse nos próximos anos, pero que non depende en gran medida das políticas do centro.

En terceiro lugar, respecto á *cualificación do PDI e PAS* do título, a pesar do indicado anteriormente, a cualificación e a implicación do profesorado coa docencia no Grao en Educación Social son as apropiadas para acadar os estándares esperados na titulación, permitindo lograr uns resultados satisfactorios, acordes cos obxectivos do Título. O 48,71% do profesorado acadou o grao de Doutor/a. Ademais, unha boa parte de docentes teñen formación en Educación Social (Diplomatura ou Grao) e/ou tamén teñen experiencia laboral como educadoras/es sociais en diferentes ámbitos da intervención. Todo isto da lugar a unha investigación e unha docencia enfocadas máis claramente cara a Educación Social.

É salientable, ademais, as melloras do cadro de persoal PDI en canto ao seu nivel de cualificación e resultados da avaliación da actividade investigadora: en ambos casos produciuse unha mellora significativa con respecto a cursos anteriores, en concreto, a porcentaxe de docentes que conta con *sexenios* de investigación aumentou respecto os tres últimos cursos, actualmente o 80% dos docentes ten algún sexenio de investigación, o que está moi por riba do indicador establecido.

Respecto do Persoal de Administración e Servizos (PAS) de apoio no Centro, a porcentaxe da súa participación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas é alto: no curso 2018-19 acadou o 68,59% do total, aínda que un pouco máis baixo que no curso anterior.

No centro cóntase ademais cun programa específico de *formación continua do profesorado* que, xunto coas conferencias, xornadas, talleres, simposios, etc. organizadas de forma habitual na Facultade, ofrecen oportunidades de actualización e de mellora da actividade docente. Por outra parte, existe coherencia entre a planificación e as competencias que se pretenden desenvolver e os sistemas de avaliación utilizados, así como nos agrupamentos do alumnado que permiten un desenvolvemento adecuado das actividades académicas e das metodoloxías docentes necesarias, atendendo ás características das distintas materias.

Finalmente, cabe destacar tamén como satisfactorio o tamaño medio dos grupos de docencia (tamaño do Grupo A=61.714; tamaño do Grupo B=20,93).

Puntos débiles detectados: -

Accións de mellora a implantar: -

3.3.5. Criterio 5. Recursos materiais e servizos

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os axeitados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Facultade de Educación e Traballo Social conta con recursos materiais, infraestruturas e servizos adecuados para o correcto desenvolvemento da actividade formativa. Ademais, de forma continua véñense adaptando as necesidade tecnolóxicas (electrificación, ordenadores, wifi...) e as características e especificidades das distintas materias (laboratorios, aulas TIC, ludoteca...) así como as necesidades metodolóxicas e aos distintos agrupamentos do alumnado (Grupo A=62; Grupo B=20).

Os recursos materiais e servizos postos á disposición do desenvolvemento do título percíbense como satisfactorios por parte do alumnado, ao acadar unha puntuación por riba do 3, así, amosan unha satisfacción global de 3.29/5 no bloque 5 de Recursos Materiais e servizos, que se detalla do seguinte

modo: unha satisfacción de 3,56 coa plataforma de teledocencia; unha puntuación de 3,11 para os espazos destinados ao traballo autónomo (ex., biblioteca) e o seu equipamento; un valor de 3,33 para as aulas e o seu equipamento; e un 3,13 para laboratorios e aulas de informática e o seu equipamento. Na mesma liña, sitúanse os datos referidos á satisfacción do alumnado coa titulación

Tamén hai que subliñar que se conta con unha ampla rede de institucións para a realización das prácticas curriculares (Prácticum I de 12 ECTS e Prácticum II de 18 ECTS), institucións coas que a Universidade establece os correspondentes convenios. Esas institucións están situadas nas catro provincias galegas, en especial nas de Pontevedra e Ourense (provincias de orixe da maioría do alumnado da titulación de Educación Social) e abarcan tódolos ámbitos de intervención da Educación Social, tanto os tradicionais como os emerxentes.

No curso 2020-21, foron numerosos os centros e institucións nas que as/os estudantes realizaron as súas Prácticas externas curriculares, en total 57. Na maioría desas institucións (41) só fixo as prácticas un/unha alumno/a por institución; outras 11 institucións recibiron (cada unha delas) 2 estudantes; outras 5 institucións recibiron (cada unha) 3 ou mais estudantes.

Finalmente (como xa se indicou no criterio anterior) o tamaño medio dos grupos de docencia foi de 61,74 para os Grupos A, e de 20,93 para os Grupos B.

Puntos débiles detectados: -

Accións de mellora a implantar: -

3.3.6. Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En base as evidencias, os resultados de aprendizaxe acadados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES.

O alumnado valora como satisfactorios os resultados da aprendizaxe (bloque 6 da enquisa de satisfacción), dándolle unha valoración global de 3.44/5, Esta puntuación global concrétase nunha valoración de 3.22 o cumprimento das expectativas formativas, e nunha valoración de 3.67 da formación adquirida coa titulación.

Os indicadores de resultados son os seguintes: a taxa de éxito global é altamente satisfactoria (98%), oscilando as distintas materias entre o 78,79% e o 100%; Aninda que non se dispon de datos neste curso, debemos lembrar que tamen é habitualmente satisfactoria a duración media dos estudos e a nota media ao final da carreira, que no curso pasado foron de 4.85 anos e 7.66, respectivamente.

Diferentes factores poderían explicar as elevadas puntuacións indicadas (taxas e media final das persoas egresadas). Algunhas delas expóñense de seguido. Unha causa pode deberse á elevada valoración (por parte dos titores externos) na materia de Prácticum I e II (con 30 ECTS dos 240 do Grao), o que condiciona de xeito decisivo a nota final acadada polos estudantes nesta materia e a media do expediente. Outra posible causa da taxa de éxito podería deberse ao peso que a avaliación continua e os traballos teñen para a nota final das materias: deste xeito, resulta máis alcanzable obter unha

avaliación final positiva que cando a nota depende só (ou na súa gran maioría) do exame final. Por termino medio a nota de exame supón entre un 40% e o 60% da nota final.

Hai que salientar que nos últimos anos, tras a implantación da acción de mellora dirixida a modificar o porceso de elaboración e avaliación do TFG, mellorouse significativamente a taxa de éxito nos últimos dous anos. Neste curso a taxa de éxito do TFG foi do 100% e a de rendemento do 74,26%, datos que avalan positivamente a acción de mellora.

Puntos débiles detectados: -

Accións de mellora a implantar: -

3.3.7. Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Si temos en consideración o nivel de satisfacción do alumnado co programa formativo e os indicadores de rendemento do alumnado, podemos concluír que estes son moi axeitados.

A puntuación total final das enquisas de avaliación docente do profesorado reflicten unha puntuación de 4.08/5. En consonancia co sinalado anteriormente, as enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación reflicten unha puntuación lixeiramente máis baixa (3.25), aínda que aceptable.

Dado que os resultados específicos para cada dimensión xa foron analizados nos criterios anteriores, e estes son en xeral positivos, non faremos de novo referencia aos mesmos.

En canto ás taxas de rendemento en xeral, os resultados acadados son altamente satisfactorios, acadándose en todos os indicadores as metas de calidade establecidas, de xeito máis concreto, os datos acadados foron: taxa de abandono (14,29%); taxa de eficiencia (95%) e taxa de graduación (80,66%); taxa global de éxito de 98%; taxa global de rendemento do 93%, con valores por materias entre o 75,76% e o 100%, acadado en 5 materias.

En canto á evolución destes índices nos últimos anos, dicir que en xeral mantéñense ou melloran, es sitúasen por riba dos indicadores establecidos, polo deben ser interpretados de xeito favorable.

Puntos débiles detectados: -

Accións de mellora a implantar: -

3.4. Seguimento da titulación: Grao en Traballo Social

3.4.1. Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada. Analizar e valorar si o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración: Na organización e desenvolvemento non se produciron incidencias importantes e o programa formativo está a posibilitar a correcta adquisición de competencias por parte do estudantado segundo o establecido na memoria verificada do título. A evolución dos datos de matrícula de novo ingreso por prescrición (92) supera as xa boas cifras conseguidas nos cursos pasados 2020/21 (80) e 2019/20 (79). As taxas de ocupación (122,67%) e de preferencia (148%), tamén corroboran que a tendencia é moi positiva. En ámbolos casos produciuse un notable incremento cos valores dos dous cursos anteriores e situase moi por riba do 80 % establecido como criterio de calidade. A taxa de adecuación pola súa parte é do 57,61 % en tendencia ascendente con respecto ao curso académico anterior, inda que por baixo do 80% marcado como meta de calidade. Considérase esencial continuar a mellorar o coñecemento do Título entre a sociedade en xeral e entre os estudantes de bacharelato e graos de ciclo superior en particular, pois moitos deles converteranse en universitarios unha vez finalicen os seus estudos e é importante que valoren e teñan entre as súas preferencias cursar o Grao en Traballo Social. Vaise continuar coa estratexia de promoción en RRSS (Instagram e Facebook) do Grao en Traballo Social, para mellorar o coñecemento que os futuros estudantes teñen sobre o mesmo, así como a edición de trípticos para a súa distribución nestes centros. Con respecto á nota media de acceso no curso 2021/22 mantense por riba do 6-7 establecido como obxectivo. Os indicadores que miden o grao de satisfacción do alumnado coa planificación e desenvolvemento do ensino volveron a mellorar significativamente con respecto aos cursos anteriores. A puntuación do estudantado foi de 3,43, incrementándose ao respecto do curso 2020/21 (2,80) e 2019/20 (2,90). Máis alá das evidencias dispoñibles recollidas, e tal e como se sinalou tamén no anterior informe, existen referentes externos que avalan a adecuación da mesmo aos estándares actuais e a coherencia coas propostas de outras Facultades que ofertan o título de Grao en Traballo social no Estado español. Entre estas accións pódense destacar: - A participación activa na Asociación Universitaria Española de Traballo Social (AUETS), anterior Conferencia de Decanas/os de Directoras/es de Traballo social. - O convenio e a cooperación estreita co Colexio oficial de Traballo social de Galicia para a análise continua da situación profesional e a realización de actividades de maneira conxunta. - A continuada invitación a profesionais, entidades públicas, privadas e do terceiro sector do campo do traballo social. - Contactos informais con egresados/as que posibilitan analizar o axuste dos contidos do título coas necesidades detectadas na súa práctica profesional -	
Puntos débiles detectados: • Indicador de adecuación	Accións de mellora a implantar: • Continuar a estratexia de promoción en RRSS (Facebook e Instagram) do Grao en Traballo Social, para mellorar o coñecemento que os futuros estudantes teñen sobre o mesmo.

Evidencias nas que basea a valoración:

E1: Memoria vixente do título

E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora

E3: Perfil de ingreso do alumnado(graio)

E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)

E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).

QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza
Indicadores nos que se basea a valoración: I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición I2: No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...) I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza. I01-AC: Nota media de acceso I01(2)-AC: Nota mínima de acceso I02-AC: Ocupación I03-AC: Preferencia I03(2)-AC: Adecuación

3.4.2. Criterio 2. Información e transparencia

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade. Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).	
Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración: A Facultade de Educación e Traballo Social dispón de mecanismos para comunicar a todos os grupos de interese as características dos programas formativos dos seus títulos, e en concreto na titulación de Grao en Traballo social, ten sido obxecto de mellora continuada nos últimos cursos académicos. A guía docente (ou programa) da materia está dispoñible e é accesible con facilidade. Nos últimos anos desde a Facultade de Educación e Traballo Social tense feito un importante esforzo para comunicar a todos os grupos de interese as características dos programas formativos dos seus títulos, e en concreto na titulación de Grao en Traballo social, o cal completouse cunha modificación integral do deseño e organización dos contidos da páxina web facéndoa máis accesible e atractiva, ademais de estar en permanente actualización de contidos/novidades sobre a actividade do título. De feito, a “utilidade da páxina web da titulación” (3,93) e a “facilidade para atopar contidos na páxina web” (3,87), son dous dos ítems mellor valorados polo alumnado nas enquisas de satisfacción coas titulacións. Tamén acadou unha puntuación moi elevada por parte do profesorado a “accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web” (4,41) e a “utilidade da información sobre a titulación publicada na web” (4,38) Así mesmo, o Grao de Traballo social dispón das redes sociais Facebook e Instagram. Ambas serven de difusión de comunicación inmediata co conxunto do alumnado, egresados/as, profesionais e institucións colaboradoras, e que a través dela se ten reforzado a difusión de: bolsas e programas de formación para o alumnado, actividades extracurriculares e formativas, congresos e xornadas e outros contidos de interese relacionados co título. Sen embargo, unha vez conseguido todo o anterior, e a pesares das altas valoracións obtidas, como resultado de interese estratéxico desta Facultade por mellorar a atención á diversidade, débese focalizar a atención na mellora da información, accesibilidade e contidos de atención á diversidade na web e en todas as canles de comunicación e divulgación da Facultade e o Grao de Traballo social.	
Puntos febles detectados: • Debilidade na imaxe corporativa e contidos en relación á atención á diversidade na páxina web e canles de comunicación institucional.	Accións de mellora a implantar: • Mellorar a información, a accesibilidade e os contidos de atención á diversidade na páxina web e en todas as canles de comunicación da Facultade e o Grao de Traballo social.
Evidencias nas que se baseou a valoración: E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II) R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública	
Indicadores nos que se baseou a valoración: I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.	

3.4.3. Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:

Os protocolos de calidade son xerais para todo o centro polo que a reflexión sobre este criterio vén sendo efectuada de modo conxunto para o total das sete titulacións.

Non obstante, o único dato específico dispoñible en relación á avaliación do alumnado coa satisfacción do sistema de garantía de calidade no caso do Grao de Traballo social acada un valor de 3,59/5.

No caso das persoas tituladas os resultados incrementábase en relación cos cursos anteriores obtendo un 3,22/5.

Estes datos son froito dun excelente labor das distintas comisións da Facultade e dunha cada vez maior presenza da Comisión de Garantía de Calidade nos procesos para a mellora da calidade docente, tanto do título coma do centro en xeral.

Froito do interese pola mellora constante da calidade, a Facultade de Educación e Traballo social, e o Grao de Traballo social en particular, debe propoñerse mellorar a atención á diversidade con carácter estratéxico, polo que resulta necesario realizar unha avaliación diagnóstica no grao para a identificación de recursos de atención á diversidade nas guías docentes, así como de contidos e metodoloxías en relación á mesma. Así mesmo, ante a crise socio-ambiental e emerxencia climática na que nos atopamos, resulta fundamental avanzar na consecución dun Grao máis sostible na liña do establecido polo paradigma do Traballo social verde (Green Social Work), e no fomento de contidos e condutas persoais e comunitarias de responsabilidade eco-medioambiental.

Puntos febles detectados:

- Non existe unha diagnose dos recursos, contidos e metodoloxías de atención á diversidade no plan e guías docentes do Grao.
- Non existe unha diagnose dos contidos, metodoloxías e recursos con respecto á sosteñibilidade no plan e guías docentes do Grao, nen tampouco de malas e boas praxes de responsabilidade eco-medioambiental.

Accións de mellora a implantar:

- Realizar unha avaliación diagnóstica no grao para a identificación de recursos de atención á diversidade nas guías docentes, así como de contidos e metodoloxías en relación á mesma.
- Realizar unha avaliación diagnóstica no grao para a identificación de malas e boas praxes de sosteñibilidade e responsabilidade eco-medioambiental, o cal permita trazar liñas de acción futuras a curto e medio prazo.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro

3.4.4. Criterio 4. Recursos humanos

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes. Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.	
A situación ao respecto do persoal non variou substancialmente no título ao respecto do ano anterior. A pesares do importante número de asociados, continúaase mellorando a estabilización do persoal. A participación do profesorado da titulación en plans de formación (11) mantense en datos de anos anteriores, pero novamente debemos indicar que os datos rexistrados pola Universidade de Vigo non responden a implicación real dos/as docentes en actividades formativas específicas. A media de alumnos por grupo de docencia (grupos A: 63,64; grupos B: 31,5; grupos C: 10,61) incrementouse lixeiramente nos grupos A e B, e descendeu nos grupos C, pero podemos afirmar que se mantén en cifras moi similares nos tres últimos cursos académicos.	
Puntos febles detectados:	Accións de mellora a implantar:
Evidencias nas que se baseou valoración: E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.) R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)	
Indicadores nos que se baseou a valoración: I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas. I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título) I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...) I02-PE: Cualificación do PDI I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio) I03(2)-PE: Profesorado por categoría	

3.4.5. Criterio 5. Recursos materiais e servizos

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as. Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os axeitados ás necesidades do título.	
Na Facultade cóntase con recursos materiais, infraestruturas e servizos suficientes e adecuados para o correcto desenvolvemento da actividade formativa, que de forma continua vanse adaptando as necesidades tecnolóxicas e as características e especificidades das distintas materias, sendo un dos aspectos mellor valorados nos últimos anos. O título conta cun sistema de organización e supervisión de prácticas moi consolidado e con convenios cunha gran variedade de institucións e centros colaboradores do ámbito público, privado e do terceiro sector que abrangue distintos ámbitos que permiten unha ampla escolla ao estudantado para a realización das prácticas curriculares	
Puntos febles detectados:	Accións de mellora a implantar:
Evidencias nas que se baseou a valoración: E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares. E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas	
Indicadores nos que se baseou a valoración: I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas I11: N° de alumnado por centro de prácticas. I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	

3.4.6. Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados de aprendizaxe acadados son coherentes co perfil de egresado/a e correspóndense co nivel do MECES da titulación. A taxa de éxito global do título (92%) cumpre coa meta de calidade establecida de situarse por riba do 90%, e mantense en valores similares a anos anteriores. Tamén as taxas de éxito da maior parte das materias están entre o 90 e o 100%, establecido como meta de calidade do centro.

O resultado da avaliación docente da titulación é de 3,96, acadando tamén valoracións satisfactorias en aspecto nos diferentes aspectos específicos como a organización das clases en relación á aprendizaxe da materia (4,009 ou a adecuación das metodoloxías docentes ao establecido nas guías (4,35), entre outras.

O grao de satisfacción do estudantado coa planificación e desenvolvemento do ensino é de 3,46 e incrementouse lixeiramente con respecto aos dous cursos anteriores. A valoración da *formación adquirida* (4,00) e a formación adquirida na práctica (3,70) son dous dous ítems mellor valorados por parte das persoas tituladas.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que si se baseou a valoración:

E4: Guías docentes das materias

E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de máster (título, titor/a e cualificación)

E25/: Informes de cualificación por materia

EA11: Informes de prácticas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análises xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción

I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

3.4.7. Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A taxa de rendemento (85%) descendeu lixeiramente con respecto ao 91% dos dous anos anteriores pero mantense por riba do 80% establecido como meta de calidade. As taxas de eficiencia (93 %) e de éxito (92 %) tamén continúan por riba do 90% marcado como meta. Analizadas por materias, as taxas de éxito da maior parte das materias están entre o 90 e o 100%, establecido como meta de calidade do centro. Pola súa banda, a maior parte das materias tamén teñen unha taxa de rendemento superior ao 80% establecido como meta de calidade do centro. Pola súa parte, a taxa de abandono (12,12%) incrementouse lixeiramente con respecto ao curso anterior (10,94) pero está no límite do establecido como meta polo centro (inferior a 20%). Pola súa banda a taxa de graduación mantense no 65% % do ano anterior, e por riba do 50% establecido como meta de calidade.

A duración media dos estudos (4,42) mantense en valores similares a anos anteriores, inda que descendeu lixeiramente desde o 4,75, en todo caso próxima aos 4 anos nos que se estrutura o título.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

Indicadores:

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico

I12: Evolución dos indicadores de resultados

□ Taxa de graduación

□ Taxa de abandono

□ Taxa de eficiencia

□ Taxa de rendemento

□ Taxa de éxito

□ Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)

I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso

I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego

I010-D0: Duración media dos estudos

3.5. Seguimento da titulación: Máster en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos

3.5.1. Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se realizou conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado.

Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración:

O plan de estudos estase a desenvolver de acordo coa descrición e compromisos recollidos na Memoria Verificada no 2009 e ás modificacións realizadas na renovación da acreditación do título no ano 2015. A formación que se ofrece permite ampliar e profundar nos coñecementos, estratexias e actitudes necesarias para un bo desenvolvemento profesional no ámbito educativo. Realízase unha progresiva e constante adaptación á lexislación vixente e a introdución de melloras, a partir das necesidades detectadas.

O número de estudantes matriculados de novo ingreso (23 estudantes) descendeu levemente con respecto ao curso 2020/2021 (25 estudantes), pero resultou moi superior aos cursos 2019/2020 e 2018/2019 (16 estudantes). Así pois, as accións de mellora implantadas a finais do curso 2019/2020 xeraron, tal e como se desexaba, manter unha boa taxa de ocupación situada en 92% (estándar calidade está en $\geq 80\%$), fronte ao 64% no curso 2019/2020. O perfil de procedencia dos estudantes é variado (i.e., 1 Diplomados/Mást.; 21 de grao; 1 validacións estudos estranx.), o cal está en liña co histórico. Resulta especialmente significativo para a internacionalización do título, que estivera demandado por un estudante estranxeiro ao igual que o curso previo.

No que respecta á *nota media de acceso*, os resultados informan dun incremento de 1 punto con respecto ao curso anterior, obténdose unha puntuación de 8.62 (fronte a 7.62 do 2020/2021), superándose sobradamente a meta de calidade fixada polo centro (6-7). A teor destes datos podemos considerar que segue a ser un mestrado competitivo para os/as estudantes, con posibilidade, como se evidencian no histórico (i.e., 2020/2021), de ter demanda fora do contexto español.

No que respecta ao grao de *satisfacción xeral dos estudantes do título* apreciase que se cumpre coa calidade do centro (3.20/5), en liña co curso previo (3.10/5 no 2020/2021). Os ítems mellor valorados fan referencia a cuestións organizativas (i.e., o calendario de probas de avaliación 4/5) e de recursos e apoio a docencia (i.e., os espazos para o traballo autónomo 4/5; as plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia 3.86/5). Polo tanto, os estudantes móstranse, en xeral, satisfeitos co título. **Neste curso non se dispón de datos sobre a opinión dos estudantes egresados.**

No tocante ao *índice de satisfacción dos estudantes de título, no bloque de organización e desenvolvemento*, apreciase que as puntuacións obtidas están moi próximas a medida estándar, ao obter un 2.97/5, apreciándose un pequeno incremento con relación ao curso anterior (2.83/5 no 2020/2021). Da análise das puntuacións obtidas no bloque de *organización e desenvolvemento*, comprobamos que os ítems mellor valorados son, a saber: 1) *os horarios da titulación* 3/5; *o calendario das probas de avaliación* 4/5; *a orientación académica recibida no plan de acción tutorial* 3/5. Os peor valorados son a *coordinación entre as materias no plan de estudos* (2.71/5). Tamén a *utilidade das prácticas da titulación* (2.50/5), sobre esta cuestión cabe significar que o título ten unha orientación investigadora e o plan de estudos non inclúe prácticas curriculares. Ao que temos que engadir que neste ítem en concreto **obtivéronse únicamente 2 respostas** polo que se pode considerar que a puntuación obtida, en absoluto, é representativa do conxunto dos estudantes matriculados. Por outra banda, mellouse a puntuación obtida con relación a orientación laboral recibida polo PAT-ANEA; en consecuencia, as accións de mellora levadas a cabo están comenzando a visibilizarse nos resultados.

Por outra banda, o *informe de avaliación docente* do 2021-2022 constata a boa praxes na planificación que leva a cabo o equipo docente do título (4.21/5); concretamente, os estudantes refiren que as metodoloxías desenvolvidas nas clases adecúase ó que se presenta na guía docente (4.20/5). De igual modo, os estudantes consideran que o profesorado actúan de forma coordinada (para evitar solapamentos de contidos e incoherencias)

entre o profesorado da materia (4.24/5), tamén postulan que as clases están organizadas para facilitar a aprendizaxe desta materia (4.18/5).

En consecuencia, no vindeiro curso débese incrementar a atención e seguimento nas accións de mellora que fan referencia a coordinación entre materias e a organización destas, dada a recurrencia desta puntuación.

Puntos débiles detectados:

Coordinación entre as materias e organización das materias

Accións de mellora a implantar:

- Facer seguimento e apoio na coordinación das materias, tal e como se está facendo no centro, pero reforzando no período de inicio e avaliación das materias.

Evidencias nas que basea a valoración:

E1: Memoria vixente do título

E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora

E3: Perfil de ingreso do alumnado (grao)

E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)

E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).

QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza.

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición

I2: No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia

I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)

I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros

I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfac. aos diferentes grupos de interese sobre a organiz. e desenvolv. da ensinanza.

I01-AC: Nota media de acceso

I01(2)-AC: Nota mínima de acceso

I02-AC: Ocupación

I03-AC: Preferencia

I03(2)-AC: Adecuación

3.5.2. Criterio 2. Información e transparencia

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O título dispón de mecanismos axeitados para comunicar as características do programa formativo, así o recolle a *Enquisa de satisfacción coa titulación*, que outorga unha puntuación xeral do bloque de 3.29/5; informando positivamente da “*facilidade para atopar contidos na páxina web*” (3.43/5) e da “*utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes* (plataformas ...)” 3.57/5. O ítem “*utilidade da páxina web da titulación*” (2.86/5) ten unha puntuación algo máis baixa pero non resulta preocupante, en tanto que, en líneas xerais, os estudantes valoran positivamente ás características estruturais do medio tecnolóxico que se emprega para transmitir a información, así como a utilidade da información transmitida. Esta tese é avalada pola *enquisa de satisfacción do profesorado*, que se efectúa bianual 2021-2022, onde este colectivo se mostra satisfeito (4.55/5, os ítems 10, 9, 8 e 7 superan amplamente o estándar de calidade); concretamente, está satisfeito coa utilidade da información vertida sobre a titulación por outros soportes (i.e., plataformas, teledocencia, taboleiro, pantallas...) (4.75/5), ao igual que

coa accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web (4.50/5), e a utilidade da información sobre a titulación publicada na web (4.57/5).

En canto á proposta de mellora relativa á promoción de actividades extracurriculares a través das redes sociais, todas elas foron visibilizadas no apartado “actualidade” da páxina web do cento (<http://fcce.uvigo.es/gl/actualidade/>), así como a través das redes sociais *Instagram* e *Facebook*. Ao que temos que engadir que se inclúe un catálogo elaborado pola coordinación do PAT-ANEAE, que recolle distintas alternativas culturais e o enlace link da WEB, onde atopar a información actualizada. Esta información quedou depositada na carpeta PAT de MOOVI do mestrado, e foi transmitida aos estudantes a través dos/as titores/as.

No que respecta á taxa de participación, no curso 2021/2022, a taxa de participación é similar ao curso anterior (21% do estudantando). No momento de cumprimentación das enquisas se incentivará a participación dos estudantes. **A participación dos estudantes egresados non permite achegar datos significativos desta poboación, que aporten información relevante para o seguemento do título; por tanto, no se inclúe na análise.**

Non é preciso realizar medidas novas.

Puntos febles detectados:	Accións de mellora a implantar:
Evidencias nas que se baseou a valoración: E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II) R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública	
Indicadores nos que se baseou a valoración: I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.	

3.5.3. Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:

Os protocolos de calidade que segue o título son comúns para todo o centro, o único dato específico dispoñible en relación á *avaliación do estudantando coa satisfacción do sistema de garantía de calidade*, que acada nos estudantes do título, un valor de 2.50/5. Polo tanto, resulta recomendable seguir realizando accións dirixidas a activar a motivación para que coñezan (e usen en caso de que sexa preciso) o buzón de queixas, de suxestións ou de incidencias (i.e., respostas, resolución). Cabe significar que as accións de mellora, tal e como evidencia o histórico de cursos precedentes, deron resultados positivos no curso 2020/2021, ao cumprir nese curso académico co obxectivo de calidade; en comparación cos cursos 2018/2019 e 2019/2020, que non o acadaron. Así pois, débense retomar accións, como a visibilización dos cales de participación na mellora do título nas sesión de acollida e PAT. Non se require iniciar unha medida nova, senón seguir implementando as que xa deron resultados positivos o curso 2020/2021.

Puntos febles detectados:	Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro

3.5.4. Criterio 4. Recursos humanos

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O persoal académico e de apoio é suficiente para garantir a consecución das competencias e obxectivos formativos e atender as necesidades dos estudantes matriculados. No curso 2021-2022 o 65.92 % da docencia do título é impartida por profesorado da Universidade de Vigo. Todos os docentes da Universidade de Vigo que imparten neste título na actualidade están contratados a tempo completo e o 73% contan con vinculación permanente. O 34.08% da docencia foi impartida por especialistas nas dificultades de aprendizaxe e procesos cognitivos que proceden doutras Universidades como a de Santiago de Compostela, a de A Coruña, a de León, a de Oviedo, a Complutense de Madrid, a de Minho e a de Évora. *A falta de datos dispoñibles sobre os recursos humanos* ata o momento impide facer unha valoración destes, con relación ao perfil por categoría, sexenios e PDI (Tempo Completo vs T parcial).

No que respecta a *formación continua do profesorado* mantense con respecto ao curso anterior (5 no 2021/2022 e 2020/2021), pero descende con relación ao 2019/2020 no que participan 8). Sen embargo, aumenta a súa participación nos programas de mobilidade (3 no 2021/2022, fronte a 0 no 2020/2021 e 2019/2020). O número de profesores que participan nos programas formativos debe ser tomado con cautela, en tanto que só se rexistran os datos da plataforma Bubela, quedando fóra do recuento outras opcións formativas, ás que tende a recorrer o PDI, tal é o caso de seminarios, cursos e congresos específicos. Tampouco se recollen os datos dos docentes externos do mestrado. No centro cóntase ademais cun programa específico de formación continua que xunto coas conferencias, xornadas, talleres, simposios, etc. organizadas de forma continua na Facultade supoñen unha oportunidade de actualización e de mellora da actividade docente. Así, vén sendo habitual que o profesorado da Universidade de Vigo que imparte docencia no mestrado, participe nestas actividades. Ademais, a adecuación do persoal académico do máster é avalada pola ampla experiencia docente recoñecida mediante a concesión de quinquenios docentes, polo desempeño profesional académico externo e os cargos desempeñados, teses dirixidas, índice de impacto das publicacións, recoñecementos ao labor docente e investigador. Unha consulta detallada deste méritos pode atoparse no seguinte enlace: <http://masteraprendizaje.webs.uvigo.es/gl/docencia/profesorado/>. Por conseguinte, non consideramos preocupante o descenso na puntuación alcanzada neste indicador.

No constan datos da participación no programa DOCENTIA.

A excelente cualificación do profesorado implicado neste título de máster queda reflexado nos datos ofrecidos no *informe de avaliación docente por titulación do curso 2021-22*, ao obter unha valoración global do profesorado de 4.18/5. De forma máis detallada, a *valoración global da materia* obtén 4.25/5, a *planificación* ten 4.21/5, o *desenvolvemento* ten 4.20/5 e os *resultados globais* 4.24/5. O ítems máis valorados son a claridade con que se expón na guía docente a desenvolvemento da materia (4.35/5), o cumprimento dos criterios de

avaliación docente (4.28/5), e a coordinación entre o profesorado (4.24/5). Esta opinión está en liña co histórico do título (ver ver memoria 2020/2021).

De estudar os datos relativos á *Enquisa de satisfacción dos estudantes do título coa titulación* compróbase que os estudantes móstranse contentos co trato que reciben do PAS, obtendo unha puntuación de 3.40/5. En xeral, mantense unha valoración positiva dos recursos humanos que o centro pon a disposición do estudantado, o cal está en liña co histórico de anos precedentes (ver memoria 2020/2021).

A *formación no colectivo de PAS prodúcese unha baixada* (30.18%, fronte a 68.59% no curso 2020/2021), que nos sitúa nunha puntuación inferior a nota de corte ($\geq 75\%$). Ao estudar o histórico observase que no curso 2018/19 tampouco se acadou a meta (66.06%), pero o resto sí, chegando incluso a acadar puntuacións moi altas 80.46%, no curso 2019/2020. A tal efecto, compre destacar que o ítem da *enquisa de satisfacción do alumnado* do curso 2021/2022 referido a “atención do persoal de administración e servizos do centro” obtén 3.40. Igualmente, a *enquisa de satisfacción do profesorado* (bianual 2020/2021), mostra que este colectivo valora positivamente a atención do persoal de administración e servizos do centro (4.46/5). Polo tanto, esta decaemento na participación do PAS debe ser tomado con cautela, xa que na opinión dos colectivos implicados no centro sobre a atención que dispensan, cubre as necesidades dos usuarios/as do centro, e por extensión, do título.

O tamaño medio dos grupos de docencia (grupos A e B), incrementouse no curso 2020/2021 e 2021/2022 con respecto ao curso 2019/2020: nos grupos A están 25.06 estudantes, fronte a 16.00 (no ano 2019/2020); nos grupos B están 12.53 estudantes, fronte a 8.00 (no ano 2019/2020). O número de estudantes por grupo adecúase aos parámetros que garanten o manexo adecuado da aula para levar a cabo un proceso de ensino-aprendizaxe, que garanta unha atención individualizada, en caso de requirirse.

A teor dos datos mostrados entendemos que non é preciso emprender unha acción de mellora, senón que se ha de continuar traballando en liña coa proposta de curso precedente, dado que a Universidade de Vigo ten plan de formación con cursos moi diversos e amplos nos dous cuatrimestres. Pola súa parte, a Facultade de Educación desenvolve todos os cursos académicos diversos accións formativas, en liña coas necesidades informadas polo PDI do centro. Ao que temos que engadir que, unha parte do profesorado do título, está participando activamente no proxecto de innovación docente, que foi concedido pola Universidade de Vigo a Facultade de Educación e Traballo Social.

Puntos febles detectados:	Accións de mellora a implantar:
---------------------------	---------------------------------

Evidencias nas que se baseou valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve

E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)

R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da *enquisa de satisfacción do PAS e PDI*

I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

I8: Resultados das *enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución*

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)

I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

I02-PE: Cualificación do PDI

I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)

I03(2)-PE: Profesorado por categoría

3.5.5. Criterio 5. Recursos materiais e servizos

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os axeitados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos/as estudantes, profesorado e PAS percíbense como suficientes e adecuados para impartir o Título, e polo tanto se axustan ás necesidades e ao número dos estudantes matriculados/as.

A análise de datos da *Enquisa de satisfacción do alumnado 2021/2022* apoia a idoneidade dos recursos materiais e servizos ao obter un 3.85/5. De forma desgregada, comprobamos que os 4 ítem deste bloque da enquisa superan amplamente a medida de calidade (3/5), a saber: 1) as aulas e o seu equipamento (3.71/5); 2) os laboratorios, obradoiros e espazos experimentais, e o seu equipamento (3.80/5); 3) os espazos para o traballo autónomo (i.e., biblioteca, aulas TIC), e o seu equipamento (4/5); 4) as plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia (3.86/5). Ao que temos que engadir que as *enquisas de valoración da actividade docente do curso 2021/2022* evidencian que a docencia impartida no título resulta positiva, así o constatan a valoración global que fan da materia (4.25/5), da planificación (4.21/5), do desenvolvemento da docencia (4.20/5) e dos resultados globais (4.24/5). Ao que temos que sumar a percepción positiva que ten o profesorado sobre os laboratorios, obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento (ver *enquisa bianual de satisfacción profesorado 2021/2020*).

En consecuencia, pódese concluir, a teor da argumentación feita en párrafos previos, que o estudantado do título está satisfeito cos recursos materiais e servizos que lle ofrece o centro. Sobre os recursos e espazos do centro débese por en valor o esforzo que está a facer o equipo docente da Facultade na creación de espazos dinámicos que posibilitan a aplicación de metodoloxías innovadoras e activas, ademais da difusión do coñecemento en colectivos alleos a Facultade (i.e., e Aula aberta de Educación Infantil e a aula recentemente creada de Atención á Diversidade). Neste caso, compre seguir incentivando o uso destes espazos abertos entre o profesorado, en tanto que serán especialmente útiles para reforzar as accións que se están levando a cabo de cara a inserción laboral. En consecuencia, non se requiren medidas de mellora.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título
E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT
E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares.
E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título
E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia
E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos
I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas
I11: N° de alumnado por centro de prácticas.
I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

3.5.6. Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O título alcanza o obxectivo de calidade na taxa de *éxito* (100%), *eficiencia* (97%), *graduación* (84%) e *na de rendemento* (87%). A súa vez, a *taxa de abandono* alcanza a puntuación mínima de calidade ($\leq 5\%$). Esta evolución favorable no título mantense, de forma continua no histórico, tal e como evidencia as memorias dos cursos precedentes (ver, 2020/2021; 2019/2020).

No que se refire *Enquisa de satisfacción dos estudantes de título*, obtense unha puntuación levemente inferior a nota de corte (2.93/5 no curso 2020/2021); en concreto ítem “*a formación adquirida*” foi puntuado positivamente, pero o que fai referencia ao “*cumprimento das túas expectativas*” tivo unha puntuación de 2.71/5. Con relación a este último dato debemos concretar que o máster ten unha orientación fundamentalmente investigadora, e por tanto non ten un perfil profesionalizante. Este resultado non resulta preocupante, en tanto que están moi próximo ao estándar de calidade, ademais o *informe de avaliación docente do 2021-2022* avala a pedagogía e contidos impartidos polo equipo docente do master, ao atopar que en todos os indicadores as puntuación superan os 4 puntos (i.e., valoración global da materia 4.25/5; valoración global da planificación 4.21/5; valoración global do desenvolvemento 4.20/5 e, por último, valoración global do resultado 4.24/5).

Os resultados de aprendizaxe son satisfactorios e coherentes co perfil de egreso, fundamentalmente profesionais da docencia non universitaria con formación avanzada, especializada e multidisciplinar, orientada á intervención nas dificultades de aprendizaxe, e correspóndense co nivel do MECES. Ademais, o Mestrado foi incluído, pola consellería de Educación, no catálogo de titulacións que habilita como especialista en Pedagogía Terapéutica aos titulados en Educación Primaria, o que garante que as competencias desenvolvidas polos/as egresados/as responden ao perfil buscado. En consecuencia, non se recomenda introducir ningunha medida de mellora en torno a este criterio de calidade.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

-

Evidencias nas que si se baseou a valoración:

E4: Guías docentes das materias
E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de máster (título, titor/a e cualificación)
E25/: Informes de cualificación por materia
EA11: Informes de prácticas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análises xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción
I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

3.5.7. Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se Os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como xa se comentou na sección anterior, os resultados dos indicadores do programa formativo do título son coherentes co deseño, a implementación e os recursos satisfán, en liñas xerais, as demandas dos estudantes, en tanto que as enquisas de avaliación docente aportan índices elevados, ao igual que a satisfacción dos estudantes do título. Ademais, a evolución dos *indicadores de resultados é positiva*, en tanto que se obteñen puntuacións que superan a meta de calidade *no éxito* (100%), *na de eficiencia* (97%), *na de graduación* (84%) e *na de rendemento* (87%). A súa vez, a taxa de abandono alcanza a puntuación mínima de calidade ($\leq 5\%$). Evolución positiva que se mantén ao longo do histórico (ver, memorias do curso 2020/2021; 2019/2020). De xeito máis detallado, salvo en dúas materias se alcanza unha *taxa de éxito* do 100%, unha *taxa de avaliación* do 95.65%, en dúas materias do 100% e na materia TFM do 61,20%, e unha taxa de rendemento do 95.65%, excepto na materia TFM que ten unha taxa do 61,20%. Unha das materias que máis lle custa superar aos estudantes é o TFM; en concreto, 12 non logran aprobalo, o cal indica que sería recomendable establecer medidas que apoién, as que xa se están implementando, e que axuden a adquirir as competencias asociadas a dita materia.

A súa vez, a duración media dos estudos axústase ao período académico do mestrado, sendo lixeiramente máis alta que o curso pasado (1.16 no 2021/2022, fronte ao 1.05 no 2020/2021) e máis alta que no 2019/2020, que é de 1.34.

En liñas, xerais, a valoración dos resultados nesta epígrafe é positiva, coa excepción de que se precisa continuar coas medidas do curso pasado encamiñadas a mellorar as taxas de avaliación e rendemento do TFM.

Puntos febles detectados:-**Accións de mellora:**

Continuar medidas existentes (i.e., curso da biblioteca sobre o manexo das bases de datos e a elaboración de referencias bibliográficas) actividades formativas nas materias específicas do mestrado que abordan deseños de investigación e análise de datos, que faciliten a elaboración do TFM. Introducir sesións formativas sobre a realización de revisións sistemáticas.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

Indicadores:

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico
I12: Evolución dos indicadores de resultados
Ø Taxa de graduación
Ø Taxa de abandono
Ø Taxa de eficiencia
Ø Taxa de rendemento
Ø Taxa de éxito
Ø Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)
I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso
I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego
I010-DO: Duración media dos estudos

3.6. Seguimento da titulación: Máster en Diversidade

3.6.1. Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se realizou conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado.

Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración:

No curso 2021-2022 os indicadores e medidas dispoñibles permiten establecer unha valoración xeral satisfactoria do desenvolvemento e resultados do plan de estudos deste título. Mántense, na liña co ano anterior, a elevada taxa de matrícula, quedando cubertas as prazas ofertadas (32 estudantes matriculados), e superando novamente en 13 puntos o curso 2020/2019, e en 3 o curso 2018/2019. Os 32 estudantes matriculados neste curso, *tal e como informa o indicador E3, I2, 28* proceden de títulos de grao, 3 de diplomado/mestre e 1 de validacións de título de extranxeiro. Resulta especialmente significativo para a internacionalización do título, que éste fora demandado por un estudante extranxeiro; o que supón un pequeno avance con relación aos dous cursos previos, que non contaron con este perfil nos matriculados/as. Segundo o *indicador I02-AC*, a ocupación do máster é do 100%. Tomando como referencia estas cifras podemos establecer que a matrícula do mestrado ten unha tendencia moi positiva. No que respecta á *nota media de acceso*, os resultados informan dun incremento de 1 punto con respecto ao curso anterior, obténdose unha puntuación de 8.96 (fronte a 7.98 do 2020/2021), superándose sobradamente a meta de calidade fixada polo centro (6-7). A teor destes datos podemos considerar que segue a ser un mestrado competitivo para os/as estudantes, con posibilidade, como se evidencia este ano, de ter demanda fora do contexto español.

No tocante ao *índice de satisfacción xeral dos distintos colectivos* apreciase que as puntuacións obtidas axústanse aos parámetros de calidade establecidos polo centro; así, a media do grao de satisfacción dos estudantes incrementouse lixeiramente (4.31/5, fronte a 4.08/5 do curso 2020/2021) e a do profesorado mantense en 4.51/5, porque mídese bianualmente (avaliado no 2020/2021). Os *ítems máis valorados polos estudantes* son os que fan referencia a información que se lle achega e os medios e recursos empregados para transmitila e comunicala, a saber: 1) “a utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia, taboleiros, pantallas, audiovisuais...” (4.89/5); 2) “a utilidade da páxina web da titulación (4.64/5); 3) e, “a facilidade para atopar contidos na páxina web (4.64/5). Os que puntúan máis baixo, aínda que superan amplamente o punto medio son “a coordinación entre as materias do plan de estudos” (4/5), “as aulas e o seu equipamento” (3.91/5), que mellorou a puntuación con relación ao curso precedente (3.69/5). Pola súa banda, o *profesorado* valora, de xeito máis positivo, aqueles que fan referencia ao apoio prestado polo PAS (“a atención do persoal de administración e servizos do centro” 4.76) e as plataformas de teledocencia (“as plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia, 4.72”), así como o calendario de probas académicas (4.74). Os menos valorados, aínda que superan en todos os casos o 4, son: 1) a coordinación entre as materias do plan de estudos (4.17), a capacidade do estudantado para aplicar as habilidades e destrezas adquiridas (4.22) e “os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento” (4.29). Atendendo a estes datos, podemos afirmar que tanto o curso 2021/2022, como os anteriores, cúmprese co obxectivo de acadar a satisfacción dos distintos colectivos, dado que as puntuacións están dentro dos parámetros do punto de referencia de calidade no centro. Asemade, observase que se logrou mellorar a opinión *das persoas tituladas* (3.83/5, fronte a 3.11/5 do curso 2020/2021). De forma específica, os datos desagregados indican que valoran de forma máis positiva a formación adquirida na práctica (4), a distribución das materias no PE (3.67) e a facilidade para atopar os contidos na web (4). Sen embargo, comprobamos que é preciso seguir dando visibilidade e incentivando a oferta de información e orientación laboral; acción de mellora que se está levando a cabo no curso 2022/2023, en tanto que os ítems peor valorados fan referencia a orientación profesional (i.e., orientación profesional e laboral recibida (2.33); orientación académica recibida (2.67). Tamén se debe prestar atención a actualización dos contidos do PE (2.67) e a atención do PAS (2.33).

Do estudo dos indicadores recollidos nas *Enquisas de Satisfacción do Alumnado coa Titulación* referidos á *planificación e desenvolvemento* obtéñense puntuacións superiores aos cursos precedentes (4.26/5, fronte a 3.98/5 do 2020/2021, a 3.72 do 2019/2020, e a 2.70/5 do 2018/2019), cumpríndose amplamente coa meta de calidade do centro situada en 3/5. Entre os ítems máis valorados atópanse, “a utilidade das practicas da titulación” (4.55), “o calendario das probas de avaliación”(4.50), “a distribución e orde das materias no plan de estudos” (4.45). O ítem que obtén a puntuación máis baixa deste bloque, a pesar de situarse por riba da nota de corte do estándar de calidade, e o que fai referencia “a orientación académica recibida no plan de acción tutorial”. Ao respecto apreciase que unha das accións de mellora do curso anterior comeza a dar bos resultados, tal e como reflicte o incremento na valoración deste ítem (3.82/5, fronte a 3.73 do 2020/2021). O colectivo de estudantado titulado, si ben cumpre co estándar de calidade, obtense unha puntuación lixeiramente inferior que o curso pasado (3.68, fronte a 4 2020/2021), aínda que é superior que o curso 2019/2020 (3.14).

No que se refire ao *grao de participación das enquisas*, no curso 2021/2022, involucráronse no proceso o 21% dos estudantes, o 64.54% do profesorado e o 15% do estudantes titulados; por tanto, descendeu a participación do estudantado con relación a cursos precedentes (50% no 2020/2021, 84% no 2019/2020 e 27.59% no 2018/2019). Pero aumentou levemente a dos estudantes egresados (13% 2020/2021) e mantense a do profesorado (61.5%). En consecuencia, obsérvase que a participación nas enquisas dos estudantes segue a ser moderada, polo que convén seguir incentivando a participación para inhibir a tendencia a baixa.

Por outra banda, os datos da *avaliación docente* informan dunha unha valoración altamente positiva do profesorado, mostrando unha tendencia a alza en todos os indicadores de calidade, con relación ao curso anterior, a saber: 1) *a valoración global do profesorado* (4.72, fronte a 4.26 do curso 2020/2021); *a valoración global da materia* (4.67, fronte 4.38 do curso 2020/2021); *a planificación global* (4.71, fronte a 4.22 do curso 2020/2021), *desenvolvemento global* (4.72, fronte a 4.34 do curso 2020/2021), *resultados globais* (4.80, fronte a 4.33 do curso 2020/2021). Máis concretamente, os estudantes entenden que a guía docente expón, de xeito claro e comprensible, como se desenvolve a materia (4.75), asemade puntúan positivamente a coordinación entre profesorado (4.63) e a proporción de volume de traballo na materia (4.63). No tocante a organización das clases e dos recursos didácticos facilitados tamén se acada unha boa puntuación (4.65 e 4.70, respectivamente). Igualmente, os estudantes móstranse satisfeitos coas metodoloxías empregadas nas clases (4.70) e coas orientacións e claridade exposta na resolución de dúbidas (4.70). Con relación as probas de avaliación, o estudantado indica positivamente que favorece a súa aprendizaxe (4.78), ademáis apuntan a que cumpren os criterios de avaliación establecidos na guía docente (4.83). En xeral, as puntuacións informan que o estudantado está moi satisfeito coa labor docente desempeñada.

En canto á proposta de mellora relativa á promoción de actividades de formación sobre saídas profesionais o curso pasado levouse a cabo unha xornada titulada “*Intervención multidisciplinar na diversidade en contextos educativos*”, que mostraba exemplos sobre o emprendemento e o autoemprego (i.e, fórmulas, incentivos e axudas), aplicado ao ámbito educativo e do traballo social. Nesta mesma dirección se continúa traballando, no curso 2022-2023, no PAT-ANAE do centro, que está a implementar as accións de mellora propostas o curso pasado. En concreto, propónse un ciclo de orientación profesional, que inclúe sesións informativas, que abordan distintas opción de emprego, a saber: 1) opositar; 2) emprendemento; 3) contratación en centros privados; 4) inserción la laboral no extranxeiro; 5) emprego en centros educativos ubicados no rural. A información das xornadas foron visibilizadas no apartado “actualidade” da páxina web do cento (<http://fcce.uvigo.es/gl/actualidade/>); na carpeta PAT de MOOVI do mestrado.

Puntos débiles detectados:

- Prodúcese un descenso na participación da avaliación dos títulos no estudantado.

Accións de mellora a implantar:

- Estar vixiantes no período de valoración do título para difundir mensaxes que demanden a participación do estudantado nas enquisas de valoración do título. Sobre esta medida cabe matizar que o título conta con unha medida de avaliación creada *ad hoc* para identificar puntos fortes e debilidades da execución do título; esta medida complementa o proceso de avaliación establecido pola Universidade de Vigo.

- Estudantes egresados valoran negativamente as orientacións laborais proporcionadas no PAT	- Continuar priorizando no PAT-ANEAE as accións de formación específicas dirixidas a orientación laboral e académica, aínda que se observa unha lixeira mellora.
Evidencias nas que basea a valoración: E1: Memoria vixente do título E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora E3: Perfil de ingreso do alumnado (grao) E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico) E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.). QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza	
Indicadores nos que se basea a valoración: I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición I2: No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...) I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza. I01-AC: Nota media de acceso I01(2)-AC: Nota mínima de acceso I02-AC: Ocupación I03-AC: Preferencia I03(2)-AC: Adecuación	

3.6.2. Criterio 2. Información e transparencia

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e si se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O título en *máster Contextos Educativos en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos* conta con mecanismos para comunicar e transmitir, de forma axeitada, a todos os grupos de interese as características do programa formativo do título, tal e como informan ás puntuacións obtidas nas *Enquisas de satisfacción do estudantado*, que outorga unha puntuación de 4.71/5. A puntuación dos ítems deste bloque superan amplamente o 4, a saber: 1) *a facilidade para atopar contidos na web* (4.64/5); 2) *a utilidade da páxina web da titulación* (4.64/5); 3) *a utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes* (i.e., plataformas de teledocencia, taboleiros, pantallas, audiovisuais,...) (4.89/5).

No referido á *Enquisa de satisfacción das persoas tituladas*, liña cos datos anteriores, presenta resultados moi positivos por canto a valoración xeral deste bloque alcanza unha puntuación de 4; máis concretamente, os egresados valoran de xeito favorable “a facilidade para atopar contidos na páxina web” (4/5), e “a utilidade da páxina web da titulación” (4/5).

Os mecanismos que emprega o mestrado para transmitir e comunicar a información son axeitados, en tanto que todos os ítems do bloque de información e transparencia acadan unha valoración altamente positiva, ao superar amplamente a nota de corte (3/5).

En canto á proposta de mellora relativa á promoción de actividades extracurriculares a través das redes sociais, todas elas foron visibilizadas no apartado “actualidade” da páxina web do cento (<http://fcce.uvigo.es/gl/actualidade/>), así como a través das redes sociais Instagram e Facebook. Ao que temos que engadir que se inclúe un catálogo elaborado pola coordinación do PAT-ANEAE, que recolle distintas alternativas culturais e o enlace link da WEB, onde atopar a información actualizada. Esta información quedou depositada na carpeta PAT de MOOVI do mestrado, e foi transmitida aos estudantes a través dos/as titores/as.

Puntos febles detectados:

-

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)

R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública

QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

3.6.3. Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:

Os protocolos de calidade que segue o título son comúns para todo o centro, o único dato específico dispoñible en relación á avaliación do estudantado coa satisfacción do sistema de garantía de calidade, que acada un valor de 4.55/5 e de 3.75/5, nos estudantes do título e dos egresados, respectivamente. De forma específica, os estudantes do título tenden a mostrar unha percepción moi favorable da atención ás queixas, suxestións ou incidencias (4.36/5) e tamén sobre a implicación da Facultade/Escola na resolución de problemas e na mellora da titulación (4.55/5). A percepción dos egresados tamén é positiva, valorando con un 3.75/5 a atención ao sistema de queixas e, a implicación que fai a Facultade na súa xestión. Percíbese unha mellora na puntuación dos estudantes titulados (4.55/5, fronte a 4 no 2020/2021), pero non é preocupante, en tanto que supera o valor de cursos precedentes: un 3 no (2018/2019) e un 3.67 no (2019/2020). Os resultados mostran que, non é preciso emprender unha acción de mellora; polo que se debe manter á liña de traballo que se está a facer, en tanto que segundo a opinión dos estudantes está funcionando ben.

Puntos febles detectados:

-

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro

3.6.4. Criterio 4. Recursos humanos

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A falta de datos dispoñibles sobre os recursos humanos ata o momento impide facer unha valoración destes, no tocante ao perfil por categoría, sexenios e PDI (Tempo Completo vs Tparticial).

De estudar os datos relativos á *Enquisa de satisfacción coa titulación* obsérvase que o ítem relativo á atención do persoal de administración e servizos (PAS), obtense que os estudantes titulados puntúan moi favorable 4.10/5, e os egresados tamén positivamente, con un 3.71/5. Máis especificamente, comprobamos que os estudantes titulados valoran o desempeño do profesorado positivamente (3.75/5), ao igual que axuda recibida do persoal de administración e servizos (3.67/5). Así, os estudantes titulados/as e egresados valoran favorablemente o desempeño académico realizado polo profesorado, así como atención do PAS.

No tocante a *formación continua do profesorado* aprecíase unha pequena merma na participación (11 no 2021/2022, fronte a 14 dos cursos 2020/2021 e 2019/2020); sen embargo, aumenta a súa participación nos programas de mobilidade (2 no 2021/2020, fronte a 1 no 2020/2021 e 0 no 2019/2020). Ademais, o profesorado do título participa regularmente en congresos, dato que non aparece recollido nas táboas do portal de transparencia da Uvigo, pero que están documentados na SUXI da Uvigo. Cabe significar que alo menos 2 docentes do máster participan nun proxecto europeo *Worldplaces-Workplace Working with Migrant Woman*. En suma, os docentes deste mestrado son moi activos. Así pois, pódese considerar que o persoal académico do máster ten como aval a actualización da súa formación, así como a súa experiencia docente recoñecida mediante a concesión de quinquenios docentes. No constan datos da participación no programa DOCENTIA.

A *formación no colectivo de PAS prodúcese unha baixada* (30.18%, fronte a 68.59% no curso 2020/2021), que nos sitúa nunha puntuación inferior a nota de corte ($\geq 75\%$). Ao estudar o histórico observase que no curso 2018/19 tampouco se acadou a meta (66.06%), pero o resto sí, chegando incluso a acadar puntuacións moi altas 80.46%, no curso 2019/2020. No que respecta á satisfacción dos estudantes titulados coa atención do persoal de administración e servizos do centro é identificado como un dos ítems peor valorados (2.33). De forma totalmente contraria, sucedeu na valoración que fan os estudantes que manifestan unha opinión moi positiva con relación a atención que lle dispensa o PAS (4.10). Esta disparidade na resposta, lévanos a ser cauteloso coa opinión dos estudantes titulados, xa que só participaron o 15%, fronte aos estudantes que foron o 21%.

No tocante a media de estudantes por grupo, só se aplican grupos A, con unha media de 23 estudantes, igual que o curso precedente, o cal resulta unha ratio moi axeitada para fomentar a aprendizaxe.

A teor dos datos mostrados entendemos que non é preciso emprender unha acción de mellora, senón que se ha de continuar traballando en liña coa proposta de curso precedente, dado que a Universidade de Vigo ten plan de formación con cursos moi diversos e amplos nos dous cuatrimestres. Pola súa parte, a Facultade de Educación desenvolve todos os cursos académicos diversos cursos formativos, en liña coas necesidades formativas informadas polo PDI do centro. Ao que temos que engadir que, unha parte do profesorado do título, está participando no proxecto de innovación docente, que foi concedido a Facultade.

Puntos febles detectados: - Baixada na participación nos programas de formación do PDI e do PAS	Accións de mellora a implantar: -Continuar co plan de formación do profesorado do centro, integrar dentro da planificación da programación do programa formativo un cuestionario que recolla información sobre variables que poden mediar na participación (i.e., intereses, horario...)
Evidencias nas que se baseou valoración: E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.) R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)	
Indicadores nos que se baseou a valoración: I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente <u>resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI</u> I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas. I8: Resultados das <u>enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución</u> I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título) I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...) I02-PE: Cualificación do PDI I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio) I03(2)-PE: Profesorado por categoría	

3.6.5. Criterio 5. Recursos materiais e servizos

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudiantado son os axeitados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos/as estudantes, profesorado e PAS percíbense como suficientes e adecuados para impartir o Título, e polo tanto se axustan ás necesidades e ao número dos estudantes matriculados/as.

Nas *enquisas de satisfacción dos/as estudantes 2021/2022* no bloque de recursos materiais e servizos se obtén un 4.16. Deste bloque o máis valorado é a *percepción que teñen das plataformas de teledocencia e as ferramentas multimedia* (4.45), seguido dos *espazos para o traballo autónomo* (i.e., biblioteca, aulas TIC, e o seu equipamento) (4.27), *dos laboratorios, obradorios e espazos experimentais e o seu equipamento* (4.00), e por último, *das aulas e o seu equipamento* (3.91).

Nas *enquisas de satisfacción dos/as estudantes titulados/as 2021/2022*, seguen a mesma tendencia positiva, obtendo un 4/5 na puntuación deste bloque e de cada un dos ítems que o integran (ítem 13 ao 16 da enquisa).

En consecuencia, pódese concluir, dado que en todos os ítems se supera amplamente o punto de corte 3, que os estudantes do título e os egresados están satisfeitos cos recursos materiais e servizos que lle ofrece o centro.

A teor destes achados confirmase o efecto que está a producir na percepción dos estudantes o esforzo continuado que está a realizar o centro para mellorar os recursos e servizos, tal sería o caso da creación de espazos dinámicos que posibilitan a aplicación de metodoloxías innovadoras e activas, ademais da difusión do coñecemento en colectivos alleos a Facultade (i.e., e Aula aberta de Educación Infantil e de Primaria, e o recentemente creado Laboratorio de Educación Especial). Neste caso, compre seguir incentivando o uso destes espazos abertos entre o profesorado, en tanto que serán especialmente útiles para reforzar as accións que se están levando a cabo de cara a inserción laboral.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

- E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título
- E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT
- E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares.
- E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título
- E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia
- E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

- I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos
- I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas
- I11: N° de alumnado por centro de prácticas.
- I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

3.6.6. Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O título alcanza o obxectivo de calidade na *taxa de éxito* (100%), a *de eficiencia* (97%), a *de graduación* (84.38%) e a *de rendemento* (88%). Concretamente, a *tasa de éxito alcanza*, ao igual que se viña mantendo no histórico, o 100% en todas as materias do título. A *taxa de eficiencia* á puntuación está en liña co curso 2020/2021 (97%), pero é superior a do curso 2019/2020 (90%). A *taxa de graduación* é superior a cursos precedentes (84.38%, fronte a 78.95% no 2020/2021, a 75.86% no 2019/2020). No tocante a *taxa de rendemento* é lixeiramente inferior a cursos precedentes (88%, fronte a 96% no 2020/2019, e 89% no 2019/2020). A taxa de rendemento e de avaliación máis baixa dase na materia de *Traballo Fin de Máster*, onde a pesar de presentar e defender 24 estudantes o seu traballo, 15 non o presentaron, polo que se incrementa o número de estudantes que desisten desta materia. Como xa comentamos outros anos, o maior número de non presentados no TFM, en comparación co resto de materias, pode deberse ás propias características desta materia, que esixe un traballo máis autónomo por parte do alumnado e unha dedicación total fóra do horario lectivo, que resulta ás veces difícil de compaxinar coas outras actividades que realizan os nosos alumnos e alumnas de forma simultánea ao máster, xa sexa a preparación de oposicións ou obrigas de tipo laboral.

No que se refire *Enquisa de satisfacción dos estudantes titulados/as*, atendendo ao informe de satisfacción curso 2021/2022, advírtese que están contentos cos resultados acadados da aprendizaxe (4.09/5); así, obtense un 4.18 na valoración do cumprimento das súas expectativas formativas e un 4/5 con relación a formación adquirida. Na opinión dos *estudantes egresados/as* tamén foi positiva tanto na formación adquirida (4/5), como na utilidade da formación recibida para a carreira profesional (3.75/5).

Estos datos avalan a prácticas pedagógicas levadas a cabo no título.	
Puntos febles detectados: -Baixada na taxas de rendemento e avaliación da materia Traballo Fin de Máster (TFM), debido ao número de estudantes que desisten na presentación.	Accións de mellora a implantar: -As accións de mellora formuladas en cursos precedentes foron dando resultados no curso 2021/2020, polo que se considera que se ha de continuar traballando nesta dirección.
Evidencias nas que si se baseou la valoración: E4: Guías docentes das materias E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de máster (título, titor/a e cualificación) E25/: Informes de cualificación por materia EA11: Informes de prácticas	
Indicadores nos que se baseou a valoración: I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)	

3.6.7. Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

Estándar: 6s resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna. Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecían ás previsións e características do título.	
Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración: Como xa se comentou na sección anterior, os resultados dos indicadores do programa formativo do título son coherentes co deseño, a implementación e os recursos satisfán, en liñas xerais, as demandas dos estudantes, en tanto que as enquisas de avaliación docente aportan índices elevados, ao igual que a satisfacción dos estudantes titulados. Ademais, a evolución dos <i>indicadores de resultados é positiva</i> , en tanto que se obteñen puntuacións que superan a meta de calidade <i>no éxito</i> (100%), <i>na de eficiencia</i> (97%), <i>na de graduación</i> (84.38%) e <i>na de rendemento</i> (88%). A súa vez, a taxa de abandono, aínda que non alcanza a puntuación mínima de calidade ($\leq 5\%$), produciuse unha pequena diminución (10.53% no 2021/2022, fronte a 17.24% no 2020/2021), o cal indica que as medidas que se están tomando están comenzando a revertir o número de estudantes que abandonan o título. A súa vez, a duración media dos estudos axústase a duración do mestrado, chegando incluso a descender levemente o tempo da súa consecución (1.08 no 2021/2022, fronte ao 1.10 no 2020/2021, e 1.56 no 2019/2020).	
Puntos febles detectados: - Non se alcanza a taxa de abandono $\leq 5\%$	Accións de mellora a implantar: - Continuar coas accións de mellora propostas o curso previo, a saber: 1) Traballar acción de acollida de título para potenciar a adherencia dos estudantes. 2) Os/as titores/as farán o seguimento e apoio dos estudantes, para evitar á deserción do título.
Evidencias nas que se baseou a valoración: E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC	

Indicadores:

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico

I12: Evolución dos indicadores de resultados

Ø Taxa de graduación

Ø Taxa de abandono

Ø Taxa de eficiencia

Ø Taxa de rendemento

Ø Taxa de éxito

Ø Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)

I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso

I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego

I010-DO: Duración media dos estudos

3.7.Seguimento da titulación: Máster en Profesorado

3.7.1. Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se realizou conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado.

Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración:

A *ocupación do máster* cumpre amplamente coa meta de calidade do centro (≥ 80), en tanto que se alcanza o 100%. O percorrido histórico permítenos constatar a presenza continuada dunha alta ocupación, xa que nos tres últimos cursos académicos se supera o 90%; de forma máis concreta, a porcentaxe deste curso é lixeiramente superior que a dos cursos precedentes (ver memorias, no 2020/2021 está en 95.38%, no 2019/2020 en 98.61% e no 2018/2019 en 94.44%). Con relación a *nota mínima de acceso* supera en máis de un 1 punto ao curso pasado; así, no 2021/2022 obtense un 8.77, fronte ao 2020/2021 que é de 7.36. Por tanto, non so se cumpre o criterio de calidade establecido no centro, senón que se supera. O *perfil da titulación de acceso* do máster é diverso, dado que nos atopamos cun título que habilita para o ensino secundario a diversas ramas de coñecemento; neste caso, o máis abundante son estudantes de grao (51) e licenciados (11), e o menos frecuentes son enxeñeiro (1), Enxeñeiro Técnico (2), diplomado/mást. (1), validación extr. (2). O perfil do estudiantado do curso 2021/2022 é moi similar ao do curso anterior. Resulta especialmente significativo para a internacionalización do título, que éste fora demandado por 2 estudantes extranxeiros ao igual que o curso previo (2 *validación extr.*). A teor do indicado, podemos establecer que nos atopamos ante un máster, que ten demanda e resulta competitivo.

Sobre o índice de *satisfacción xeral dos estudantes de título*, so se dispón de datos dos *Ciencias experimentais matemáticas e tecnoloxía*, *Humanidades e Orientación*, pero non de *Xeografía e Historia*. Segundo revela a percepción estudiantado nas enquisas do título, nos itinerarios de *Ciencias experimentais matemáticas e tecnoloxía* (3.56) e de *Humanidades* (3.30) se cumpre o obxectivo de calidade establecido polo centro (3/5), e no de *Ciencias Sociais e Humanidades* (2.94) so lle faltan 0.06 para acadala. No itinerario de *Ciencias experimentais matemáticas e tecnoloxía* os ítems máis valorados fan referencia á utilidade das prácticas da titulación (4.67), as plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia (4.59) e a o calendario de probas de avaliación (4.50). Pola contra, os peor puntuados aluden a atención ás queixas, suxestións ou incidencias (i.e., respostas, resolucións e posta en marcha de accións) (2.80), á coordinación entre materias do plan de estudos (2.83) e o cumprimento das expectativas formativas (2.83). Igualmente, na especialidade de *Ciencias Sociais e Humanidades* as cuestións máis valoradas están vencelladas coa utilidade das prácticas da titulación (4.00), o calendario de probas de avaliación (3.87), e as plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia (3.87); mentres que as valoradas de forma máis baixa foron o atención ao sistema de queixas (2.67), a formación adquirida (2.83), e o cumprimento das expectativas (2.83). Na rama de *Orientación* os ítems máis valorados fan referencia as prácticas da titulación (3.33) e os espazos (i.e., as aulas e o seu equipamento (3.33), os laboratorios, obradoiros e espazos (3.33). Sen embargo, foron peor percibidas a atención dos PAS (2.33), a atención ao sistema de queixas (2.33), e a orientación recibida no PAT (2.67). Da análise da opinión dos estudantes do título pódese establecer que *dos puntos fortes do máster son as prácticas da titulación*, e tamén os espazos virtuais de apoio a docencia, así como os espazos físicos. Por outra banda, revelan que se debe coidar, especialmente, o sistema de queixas, xa que é unha demanda dos tres itinerarios, sendo a participación equitativa en todos os itinerarios (21%).

Na enquisa de *satisfacción dos estudantes egresados*, non se dispón de datos nos itinerarios de *Ciencias experimentais matemáticas e tecnoloxía*, de *Orientación*, e de *Xeografía e Historia*, pero si en *Humanidades* (3.77).

Na enquisa de *satisfacción dos estudantes do título*, no bloque de organización e desenvolvemento, se obtén puntuacións que se axustan o criterio de calidade establecido polo centro (3); así, no itinerario de *Matemáticas e Tecnoloxía* alcázase un 3.86/5 e no de *Humanidades* un 3.42/5. Agora ben na especialidade de *Orientación* está a 0.06 da meta de calidade (2.94/5). Da análise detallada deste itinerario, identificamos dous ítems como os que non acadan as puntuacións mínimas de calidade, en concreto os “horarios da titulación” 2.67/5 e “a orientación académica recibida no plan de acción tutorial” 2.67/5. Na enquisa de *satisfacción de estudantes egresados* obtense na especialidade de *humanidades* informa dunha valoración positiva (3.69/5); así o reflexan tamén os 6 ítems

deste bloque (do 1 ao 6) se obtén unha puntuación que supera os 3 puntos, sendo o ítem 2 (o grao de actualización dos contidos do plan de estudos) e o 3 (as metodoloxías empregadas para o desenvolvemento do ensino) o máis valorados, ambos con un 4.

Por outra banda, o *informe de avaliación docente* do 2022-2021 constata a boa praxe na planificación que leva a cabo o equipo docente do título en todos os itinerarios formativos; concretamente, os estudantes valoraron moi positivamente a planificación e desenvolvemento levado a cabo polo equipo docente, obténdose puntuacións que superan amplamente a media de calidade.

En liña xerais, pódese establecer que o estudantado móstrase satisfeito co título, aínda que compre incentivar a participación nas enquisas de valoración, en especial na titulación de **Xeografía e Historia** (no estudantes de título) e en todos os itinerarios, salvo *humanidades*, nos estudantes egresados, para ter un visión máis precisa. Do estudo deste epígrafe conclúese que se debe coidar, especialmente, o sistema de queixas, xa que é unha demanda dos tres itinerarios, sendo a participación equitativa en todos os itinerarios (21%). Neste caso, non é preciso establecer novas medidas, pero sí fortalecer as empregadas en cursos precedentes, onde se acadou unha participación maior dos estudantes.

Puntos débiles detectados:

Baixa puntuación no sistema de participación do título SGC.

Falta de participación do estudantado egresado (salvo na titulación de humanidades) e de título na rama de xeografía e historia

Accións de mellora a implantar:

Incentivar a participación dos estudantes de título no coñecemento e participación do sistema de participación no SGC, como se fixera en cursos precedentes.

Continuar coas melloras establecidas en curso precedentes nos que se logran incentivar a participación dos distintos colectivos, en todos os itinerarios.

Evidencias nas que basea a valoración:

E1: Memoria vixente do título

E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora.

E3: Perfil de ingreso do alumnado (grao)

E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico).

E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).

QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza.

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición

I2: No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia

I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)

I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros

I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.

I01-AC: Nota media de acceso

I01(2)-AC: Nota mínima de acceso

I02-AC: Ocupación

I03-AC: Preferencia

I03(2)-AC: Adecuación

3.7.2. Criterio 2. Información e transparencia

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O centro conta coa certificación de calidade desde o curso 2016/17 e está inmerso nunha mellora continua. A isto debemos engadir que, como centro certificado e ao estar ademais verificado positivamente no 100% dos seus títulos, pode optar á Certificación Institucional, que efectivamente lle foi concedida.

O centro conta coa certificación de calidade desde o curso 2016/17 e está inmerso nunha mellora continua. A isto debemos engadir que, como centro certificado e ao estar ademais verificado positivamente no 100% dos seus títulos, pode optar á Certificación Institucional, que efectivamente lle foi concedida.

Na enquisa de estudantado de título, na modalidade de **Matemáticas e Tecnoloxía** se obtén 3.67/5, en **humanidades** 3.17/5, e en **orientación** 2.89/5. De forma máis detallada, no módulo de **Matemáticas e Tecnoloxía**, os ítems 7, 8, 9 están cumprindo o estándar de calidade (3), o ítem 7 “a facilidade para atopar contidos na páxina web” 3.50/5, o ítem 8 “a utilidade da páxina web da titulación” 3.67/5, e o ítem 9 “a utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (i.e., plataformas de teledocencia, taboleiros, pantallas audiovisuais)” 3.83/5. No itinerario de **Orientación** os ítems 7 e 8, tiveron unha puntuación de 3, so no ítem 9 “a utilidade da información sobre as titulacións” tivo unha puntuación levemente inferior, ao se obter 2.67/5; dita puntuación non resulta relevante en tanto que so se deron tres respostas a este ítem. No itinerario de **humanidades** en todos os ítems se obtén unha puntuación igual ou superior a 3/5, no ítem 7 (3.17/5), no ítem 8 (3/5), no ítem 9 (3.33/5). No caso da *enquisa dos egresados*, no itinerario de humanidades se obtén no bloque de información e transparencia unha puntuación de 3.17/5; de forma desglosada no ítem 7 “a facilidade para atopar contidos na páxina web se obtén 2.67/5 e no ítem 8 “a utilidade da páxina web da titulación” 3.67/5, estas respostas deben ser tomadas con cautela, xa que só contestaron 3 persoas. Facendo unha valoración xeral dos itinerarios podemos establecer que se acadan o mínimo establecido, e que ás puntuacións baixas debemos tomalas con cautela dado que o número de respostas foi baixo. Así pois a teor dos datos pódese concluír que os mecanismos dos que dispón o mestrado para transmitir e comunicar a información son axeitados.

En canto á proposta de mellora relativa á promoción de actividades extracurriculares a través das redes sociais, todas elas foron visibilizadas no apartado “actualidade” da páxina web do cento (<http://fcce.uvigo.es/gl/actualidade/>), así como a través das redes sociais Instagram e Facebook. Ao que temos que engadir que se inclúe un catálogo elaborado pola coordinación do PAT-ANEAE, que recolle distintas alternativas culturais e o enlace link da WEB, onde atopar a información actualizada. Esta información quedou depositada na carpeta PAT de MOOVI do mestrado, e foi transmitida aos estudantes a través dos/as titores/as.

No que respecta á taxa de participación, obsérvase un leve descenso, así, no itinerario **matemáticas e tecnoloxía** un 21% no curso 2021/2022, fronte a 30% no anterior; no de **humanidades** un 21% no curso 2021/2022, fronte a 20% no anterior. No obstante, na especialidade de **orientación** apercíbese unha diminución maior na participación, 21% no curso 2021/2022, fronte a 44.44% no curso anterior. Na rama de **xeográfica e historia** so participaron 6 persoas polo que se deben tomar con cautela os datos que se obteñan, polo que quedan excluídos do informe por non resultar representativos deste colectivo. No que se refire a *participación dos estudantes egresados* apercíbese un descenso significativo, así no único itinerario co que se contan os datos **Humanidades** só participou o 16% no curso 2021/2022, fronte ao 78.57% do curso anterior, quedando sen datos no resto dos itinerarios. En razón destes datos, podemos establecer que debemos permanecer, especialmente, vixiantes no momento de cumprimentar as enquisas para incentivar e motivar a participación dos estudantes; por consecuencia, debemos continuar coa medida proposta na memoria do 2020-2021.

Puntos febles detectados: -Baixada na participación dos estudantes de título, especialmente, na modalidade de xeografía e historia (6) e orientación (9) na enquisa de satisfacción dos egresados.	Accións de mellora a implantar: -Seguir aplicando a medida de mellora proposta na memoria 2020-2021, que recomenda incentivar a participación dos estudantes egresados, e tamén se debe incentivar a dos estudantes de título.
Evidencias nas que se baseou a valoración: E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II) R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública	
Indicadores nos que se baseou a valoración: I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.	

3.7.3. Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:

O centro contan coa certificación de calidade desde o curso 2016/17 e está inmerso nunha mellora continua. A isto debemos engadir que, como centro certificado e ao estar ademais verificado positivamente no 100% dos seus títulos, pode optar á Certificación Institucional, que efectivamente lle foi concedida.

Os protocolos de calidade que segue o título son comúns para todo o centro, o único dato específico dispoñible en relación coa avaliación de *estudantes do título* no bloque sistema de garantía de calidade que integra dous ítems (o 10 e o 11), informa que ás puntuacións obtidas están próximas a acadar a meta de calidade; en concreto, na especialidade de **matemáticas e tecnoloxía** se obtén un 2.90/5; no de **humanidades** un 2.83/5 e no de **orientación** un 2.67/5. De forma específica, comprobados que as puntuacións que están por debaixo de 3 nos citados itinerarios correspóndense co ítem 10, “a atención as queixas, suxestións ou incidencias”, que obtén un 2.80/5 no de **matemáticas e tecnoloxía**, un 2.67/5 no de **humanidades**, un 2.33/5 no de **orientación**. Con relación ao itinerario onde se acadou a puntuación máis baixa, o de **orientación**, únicamente se obtiveron 3 respostas, polo que se debe tomar con cautela este resultados, dado que en absoluto poden ser representativos do colectivo. Na *enquisa de avaliación dos estudantes egresados*, no bloque de sistema de garantía de calidade, que no ano 2022/2021 o itinerario de **humanidades** acadou unha puntuación de 3/5.

A valoración global da enquisa de satisfacción do título indica que as medidas de mellora implantadas son idóneas e adecuadas, aínda que non se acadou por décimas a medida de calidade do centro neste curso, pero en cursos precedentes si se consegue (ver memoria 2020/2021 na ramas de Humanidades 4, Orientación 3, Ciencias experimentais 3). Como xa se indicou na memoria do curso pasado non se requiren accións de mellora, aínda que se recomenda continuar coa medida aplicada o curso 2019/2020, que consistía en facer máis visible as vías para participar na mellora das titulacións, como a caixa de QSP, co fin de aumentar a participación dos/as estudantes do título e os egresados.

Puntos febles detectados: Non se alcanza o estándar de calidade nos estudantado do título, nin dos egresados, no sistema de mellora das titulacións.	Accións de mellora a implantar: -Continuar coas accións iniciadas no curso 2019/2020, dirixidas a activar e facer máis visible as vías para participar na mellora das titulacións, como a caixa de QSP, co fin de aumentar a participación dos/as estudantes do título e dos egresados.
--	---

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

I5: **Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro**

3.7.4. Criterio 4. Recursos humanos

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A falta de datos dispoñibles sobre os recursos humanos ata o momento impide facer unha valoración destes, no tocante ao perfil por categoría, sexenios e PDI (Tempo Completo vs Tparticial).

De estudar os datos relativos á *Enquisa de satisfacción coa titulación no colectivo dos estudantes egresados*, obsérvase que o ítem relativo á atención do profesorado (4.00/5), ao igual que a do persoal de administración e servizos (PAS) (3.33/5) se cumpre co obxectivo de calidade. Obtendo no bloque de *humanidades* 3.67/5. De forma similar se concretan os resultados na enquisa de *satisfacción dos estudantes do título* neste bloque (en concreto no ítem 12), en tanto que en case todas as especialidades se logra o obxecto de calidade, a saber: *matemáticas e tecnoloxía* 3.60/5; *humanidades* 3.33/5 e *orientación* 2.33/5. En consecuencia, pódese establecer que tanto os estudantes do título como os egresados valoran favorablemente o desempeño realizado polo PAS, salvo no caso do itinerario de orientación. Con relación a este último itinerario as puntuacións obtidas se deben tomar con cautela, dado que unicamente se contou con 3 respostas.

No tocante a *formación continua do profesorado* apreciase un aumento na participación, en comparación con anos previos (15 no 2021/2022, fronte a 13 no 2020/2021 e 14 no 2019/2020). Ademais seguen a participar en programas de mobilidade (2 no 2021/2022 e 2020/2021, fronte a 1 no 2019/2020). Ao que temos que engadir que o profesorado do título participa regularmente en congresos, dato que non aparece recollido nas táboas do portal de transparencia da Uvigo, pero que están documentados na SUXI da Uvigo. En suma, os docentes deste mestrado son moi activos. Así pois, pódese considerar que o persoal académico do máster ten como aval a actualización da súa formación, así como a súa experiencia docente recoñecida mediante a concesión de quinquenios docentes. No constan datos da participación no programa DOCENTIA.

No que afecta a *valoración do profesorado*, atendendo aos datos aportados pola enquisa de avaliación docente (EAD), podemos concluír que os estudantes, nos catro itinerarios académicos do título, están satisfeitos coa labor desempeñada por estes profesionais. Os resultados de todas as especialidades do título informan de puntuacións positivas, en tanto que se supera amplamente o punto de corte (3). Así, na valoración no itinerario de *matemáticas e tecnoloxía* obtén unha *valoración global da materia* de 3.72/5, unha *valoración global da planificación* de 3.99/5, unha *valoración global do desenvolvemento* de 4.06/5, unha *valoración global dos resultados* de 4.11/5, e unha *valoración global do profesorado* de 4.08/5. No de *Xeografía e historia* valoración

global da materia de 3.54/5, unha valoración global da planificación de 3.95/5, unha valoración global do desenvolvemento de 3.95/5, unha valoración global dos resultados de 3.96/5, e unha valoración global do profesorado de 3.59/5. No de **Humanidades** a valoración global da materia de 4.27/5, unha valoración global da planificación de 4.15/5, unha valoración global do desenvolvemento de 4.19/5, unha valoración global dos resultados de 4.27/5, e unha valoración global do profesorado de 4.09/5. No de **Orientación** a valoración global da materia de 3.31/5, unha valoración global da planificación de 3.77/5, unha valoración global do desenvolvemento de 3.73/5, unha valoración global dos resultados de 3.70/5, e unha valoración global do profesorado de 4.05/5.

No tocante a media de estudantes por grupo, só se aplican grupos A, con unha media de 20 estudantes, igual que o curso precedente, o cal resulta unha porcentaxe profesor/alumno moi axeitada para fomentar a aprendizaxe.

A teor dos datos mostrados entendemos que non é preciso emprender unha acción de mellora, senón que se debe continuar traballando en liña coa proposta de curso precedente.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve

E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)

R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI

I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)

I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

I02-PE: Cualificación do PDI

I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico (Sexenio)

I03(2)-PE: Profesorado por categoría.

3.7.5. Criterio 5. Recursos materiais e servizo

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os axeitados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A opinión dos/as estudantes con relación aos recursos materiais e espazos do título, atendendo as enquisas de satisfacción dos estudantes de título e egresados é favorable. Así, na enquisa de *satisfacción dos egresados* alcanzan un 3.83/5, no itinerario de **humanidades**. Do mesmo xeito, na enquisa de *estudantes de título*, na especialidade de **matemáticas** se obtén un 3.54/5, na de **humanidades** un 3.67/5, e na de **orientación** un 3.25/5,

cumprindo en todos os ítems deste bloque (i.e., 13 ao 16) co obxectivo de calidade, dado que as puntuacións acadadas superan en todos os casos o 3.

En consecuencia, pódese concluir, dado que en todos os ítems se supera amplamente o punto de corte 3, que os estudantes do título e os egresados están satisfeitos cos recursos materiais e servizos que lle ofrece o centro. A teor destes achados confirmase o efecto que está a producir na percepción dos estudantes o esforzo continuado que está a realizar o centro para mellorar os recursos e servizos.

Puntos febles detectados:	Accións de mellora a implantar:
Evidencias nas que se baseou a valoración: E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares. E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas	
Indicadores nos que se baseou a valoración: I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas I11: N° de alumnado por centro de prácticas. I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	

3.7.6. Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

A *enquisa de satisfacción dos estudantes egresados*, no bloque de resultados de aprendizaxe, alcanzase o estándar de calidade en **humanidades** un 4/5. Na mesma liña, se presentan os resultados das *enquisas de satisfacción dos estudantes de título*, dado que se cumpre co estándar de calidade nas ramas de **matemáticas e tecnoloxía** con un 3.08/5 e de **orientación** con un 3/5. Sen embargo na rama de **humanidades** tivo unha puntuación que estaba a 1 décima de acadar o estándar de calidade (2.83/5). As posibles causas desta tendencia na puntuación é que probablemente exista unha distorsión da percepción dos obxectivos do título, en tanto que os estudantes poden entender erroneamente que o título lles vai a axudar a preparar as oposicións, cando o seu cometido é capacitalos para ser docentes. Asemade nalgunhas ramas, a titulación de orixe dos estudantes non dispoñen no seu plan de estudos materias vinculadas a educación, fronte a outras que si poden contar no seu plan de estudos con materias afíns a educación (i.e., Orientación); de aí que algunha rama teñan que facer un maior esforzo e tamén poidan estar máis desmotivados.

Da análise da cualificación das materias pódese entrever que os resultados da aprendizaxe son favorables, dado que o número de suspensos, en comparación coa de aprobados e de cualificacións de excelencia (i.e., matrícula de honra), non é moi alto. Este dato avalase tamén co alto nivel que alcanzan as taxas de éxito no mestrado. O número de Traballo Fin de Máster (TFM) non presentados (66) é superior a dos cursos precedentes (ver memoria cursos 2021/2020 e 2019/2020). Este descenso no número de estudantes que presentan e defenden o seu TFM pode deberse ao alto número de estudantes matriculados procedente de titulacións que non están familiarizados coas competencias vencelladas ao desenvolvemento do TFM (i.e., 11 licenciados, 6 enxeñeiro, 1 diplomado/mestre, 2 enxeñeiro técnico), en contraposición cos estudantes que proceden dos graos que contan coa experiencia académica de elaborar o Traballo Fin de Grao (TFG).

En liñas xerais, estes datos avalan a prácticas pedagóxicas levadas a cabo no título.

Puntos febles detectados: -Baixada na taxas de rendemento e avaliación da materia Traballo Fin de Máster (TFM), debido ao número de estudantes que desisten na presentación.	Accións de mellora a implantar: -Baixada na taxas de rendemento e avaliación da materia Traballo Fin de Máster (TFM), debido ao número de estudantes que desisten na presentación.
Evidencias nas que se baseou a valoración: E4: Guías docentes das materias E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de máster (título, titor/a e cualificación) E25/: Informes de cualificación por materia EA11: Informes de prácticas	
Indicadores nos que se baseou a valoración: I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)	

3.7.7. Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os indicadores de rendemento do título informan que se cumpre amplamente cos obxectivos de calidade do centro, ao igual que o curso precedente 2020/2021. De forma máis específica, a *taxa de rendemento* é do 92% (≥ 80), manténdose en liña co curso 2020/2021 (93%), e obtendo nas 24 materias do título unha *taxa de rendemento* superior ao 80%, situándose entre 89.47% (i.e., elaboración das unidades didácticas, didáctica das ciencias experimentais na educación secundaria) e 100% (i.e., a didáctica da educación física: deseño e desenvolvemento do currículo; a didáctica da educación física: elementos curriculares). A *taxa de abandono* descendeu con respecto a cursos previos (0% no curso 2021/2022, fronte ao 3.30 no 2020/2021, 4.48% no 2019/2020 e 6.35% no 2018/2019). A de *eficiencia* coincide coa do curso 2020/2021 (99%), superando nun 1 punto aos cursos 2019/2020 e 2018/2019, que tiveron un 98%. A *taxa de graduación*, aínda que descendeu levemente, cumpre amplamente co obxectivo de calidade do centro ao acadar un 90.91% (≥ 50). A *taxa de éxito* sitúase no 98%, cumprindo nas 24 materias co obxectivo de calidade (≥ 90), xa que as puntuacións están entre o 95% e o 100%. Igualmente, ocorre coa *taxa de avaliación* que obtén porcentaxes que se sitúan entre o 89.47% e o 100%.

A duración media dos estudos descendeu con relación ao histórico, así no curso 2021/2022 está en 1.07 e nos cursos 2020/2021 e 2019/2020 é de 1.13 e 1.14, respectivamente. Por tanto, o tempo que empregan os estudantes para realizar o título está en liña coa duración establecida para o mestrado, que é dun curso académico. Non se pode concretar o tempo de inserción laboral, dado que non se dispón de informes actualizados.

A teor do mentado, os *indicadores de resultados* avalan a calidade do título.

Puntos febles detectados: -Non se dispón de enquisas actualizadas sobre a inserción laboral dos estudantes	Accións de mellora a implantar: - Solicitar e recomendar aos responsables de calidade da UVigo, que implante medidas específicas para dispor de información sobre a inserción laboral do alumnado de máster.
Evidencias nas que se baseou a valoración: E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC	

Indicadores:

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico
I12: Evolución dos indicadores de resultados
Ø Taxa de graduación
Ø Taxa de abandono
Ø Taxa de eficiencia
Ø Taxa de rendemento
Ø Taxa de éxito
Ø Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)
I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso
I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego
I010-D0: Duración media dos estudos

IV. MODIFICACIÓNS NON SUSTANCIAS DAS TITULACIÓNS

**Neste epígrafe deben incluírse tantas táboas como titulacións haxa adscritas no centro .*

**Neste epígrafe deben incluírse tantas táboas como titulacións haxa adscritas no centro .*

Inclúiranse as modificacións non substanciais, que se corresponden con aqueles cambio menores que melloran a titulación e que a Universidade pode implantar como resultado do proceso de seguimento, tal e como se recolle no “Procedemento para a solicitude de Modificacións nos Títulos Verificados de Grao e Máster” de ACSUG. Estas modificacións deben ser notificadas e xustificadas nos informes de seguimento e incorporadas na memoria do título cando se teña que someter a un proceso de modificación.

Non se incorporaron modificacións non substanciais en ningunha titulación do Centro. Por outra parte, cabe sinalar que a análise da implantación e adecuación do SGIC para mellorar os títulos do Centro forma parte do proceso de seguimento.

V. ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORA PROPOSTAS NO(S) INFORME(S) ANTERIOR(ES)

Para cada titulación dáse conta do ESTADO de situación das accións de mellora na aplicación de xestión documental do SGIC, ofrecendo o seguimento das mesmas.

Ademais, nas seguintes táboas pode observarse unha síntese do proceso de revisión de cada unha das propostas de mellora expostas durante o pasado curso 2020-2021. En cor azul reflíctense as propostas que afectan o centro no seu conxunto e en ambar reflíctense as propostas que se refiren a cada unha das titulacións.

Nos ANEXOS, ao final deste documento, achéganse as fichas en pdf obtidas a partir da aplicación informática no que se xestiona o SGC respecto ao PLAN DE MELLORAS de cada titulación. Cabe sinalar que estes anexos proceden dunha base dinámica que, no caso daquelas que aínda non están pechadas/finalizadas, se poden modificar en calquera momento e en función da situación das mesmas. Por elo, non tería porque coincidir o ESTADO actual co presentado nas fichas deste Informe.

No caso do máster de Profesorado de Secundaria, tal como se indicará en ANEXOS, a revisión das propostas de mellora poden atoparse na aplicación informática da Facultade de Bioloxía, por tratarse dun título intercampus e ser ese o Centro ao que está adscrito e o que leva a coordinación xeral do mesmo. A Facultade de Educación e Traballo Social non ten acceso a xestión das propostas de mellora de dito título.

Revisión do cumprimento das Accións de Mellora establecidas para o curso 21-22

FACULTADE DE EDUCACIÓN E DE TRABALLO SOCIAL	Criterio	Denominación	Estado	Accións a desenvolver
	Sistema de garantía e calidade	1. Creación e posta en marcha da Comisión de Plan Estratéxico da Facultade	Realizada: O 17 de decembro de 2021, a Xunta de Centro da Facultade aprobou a creación da Comisión do Programa de Desenvolvemento Estratéxico, que, por acordo unánime, queda constituída polos membros da Comisión Interna de Garantía de Calidade máis todos os membros da comunidade universitaria da Facultade que presentaron a súa candidatura antes do 31 de xaneiro de 2022. Integrantes da Comisión: PDI, PAS, estudantado, egresados/as e representantes da sociedade.	Creación da Comisión e subcomisións. Identificación e organización de grupos de traballo. Planificación temporal e accións a desenvolver. Elaboración de documentación asociada.
	Recursos materiais e servizos	2. Adquisición cadeiras de rodas para actividades de sensibilización	Realizada: Esta acción de mellora está realizada e os materiais están na facultade á disposición das persoas e plans formativos que requiran o uso destes materiais. Queremos deixar constancia do agradecemento ao Sergas pola súa cesión para a mellora da sensibilización do colectivo universitario cara ás persoas con necesidades de apoio educativo por cuestións de mobilidade reducida.	Solicitar ao Sergas a cesión gratuita de cadeiras de rodas descatalogadas.
	Organización e desenvolvemento	3. Transformación da Facultade (espazos, web, metodoloxías,...) nun modelo educativo inclusivo	En proceso de realización: No mes de marzo de 2023, a Comisión de Calidade validou o Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade de Educación e Traballo Social, cuxa visión persegue conformar un espazo formativo con accesibilidade universal que transcenda ás aulas xerando contextos de aprendizaxe inclusivos e promotores da diversidade. Esta visión planifícase de modo secuencial na súa política de obxectivos de calidade.	Análise e debate na Comisión estratéxica e na Xunta de Facultade para identificación do constructo "Modelo educativo inclusivo". Definición operativa e establecemento de obxectivos. Temporalización das accións para desenvolver ao longo dos seis anos.

			En liña con esta proposta de mellora, no mes de marzo aprobáronse as políticas e obxectivos de calidade nas que a Facultade se compromete a traballar de cara á consecución dunha Facultade con accesibilidade universal.	
Organización e desenvolvemento	4. Regulamento interno de elección de delegadas/os de aula		Realizada: O Regulamento de delegados/as de alumnado nos catro títulos de grao da Facultade. A posta en marcha desta proposta de mellora tivo un impacto positivo na coordinación entre o alumnado de diferentes cursos e titulacións. Así mesmo, o recoñecemento oficial destas figuras e das súas funcións contribuíu á mellora da comunicación entre alumnado e coordinacións de curso e título, favorecendo unha colaboración máis fluída e eficaz.	Consulta do Marco-Normativa reguladora (Estatuto de estudantes). Redacción do Regulamento. Exposición, debate e aprobación na Xunta de Facultade Exposición na Web.
	5. Obter o Distintivo de Igualdade para a Facultade		Realizada: A Facultade foi recoñecida co Distintivo de Igualdade por Resolución Reitoral de 08 de abril de 2022 pola que se resolve a segunda edición do distintivo de igualdade destinado ás escolas, facultades e centros da Universidade.	Recoller evidencias que proban o compromiso que mantén a comunidade educativa da Facultade de Educación e Traballo Social coas políticas de igualdade, tanto nas dinámicas internas, como nas xerais do Campus e do conxunto da Universidade. Elaboración de Informe y presentación a convocatoria para a obtención do Distintivo de Igualdade da Universidade de Vigo
Recursos materiais e servizos	6. Aula de recursos para Educación Infantil e Primaria		Realizada: A aula de recursos de educación infantil e primaria pode considerarse unha acción pechada en canto á súa posta en marcha. A día de hoxe está funcionando como unha aula de referencia para materias de ambos graos, Educación Infantil e Primaria. Ademais permitiu diferentes accións en colaboración con escolas e institucións da contorna.	Deseño do espazo. Acondocionamento (pintura, chan,...). Selección e adquisición de equipamento (estanterías, mobiliario, alfombras, materiais educativos,...).
Organización e desenvolvemento	7. Promover maior implicación na coordinación do Mestrado de Secundaria		Realizada: Procedeuse en Xunta de Centro, celebrada o día 26 de maio de 2022 ao debate sobre a pertinencia e disposición de recursos para ofrecer o equipo de goberno a súa dispoñibilidade a asumir esta nova responsabilidade de coordinación. Tal e como pode observarse, a facultade acordou, no seu punto 5: Aprobación, se procede, da solicitude de coordinación desde esta Facultade, do Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas. O Decano indica que se trae este punto á Xunta de Centro para deixar por escrito	Debate no seo dos órganos da Facultade sobre a pertinencia e disposición de recursos para ofrecer o equipo de goberno a súa dispoñibilidade a asumir esta nova responsabilidade de coordinación.

			en acta este tema do que se ten tratado en moitas reunións. Resulta incongruente que este máster se coordine desde a Facultade de Bioloxía sendo un Máster de Educación, máis considerando as reformas que se van acometer no campo da Educación. Con posterioridade a este acordo, o decano fixo chegar de modo informal as intención da Facultade tanto ao Reitor como á Vicerreitoría con Competencias neste asunto.	
Sistema de garantía e calidade	8. Promover a coordinación transversal das titoras do Plan de Acción Tutoría	Realizada: A integración de actuacións da acción dos titores/as materialízase nunha acta común de cada titulación, que é difundida entre o profesorado participante e o equipo decanal, tal e como se recolle na memoria do PAT-ANEAE do 2020-2021. Por outra banda, a integración dos delegados de aula materialízase na creación de comunidade virtual, que se utiliza como canle de comunicación entre estudantado e delegados de aula coa coordinación do PATANEAE e as coordinacións de título, tal e como recolle na memoria do PATANEAE (2020-2021).	Revisión, análise e elaboración dun informe no que se identifiquen debilidades e fortalezas a partir das actas individuais de seguimento de PAT. Posta en común entre todos os titores/as de PAT e coordinadora.	
Información e transparencia	9. Estudo para a adaptación da páxina web a persoas invidentes	Realizada: Desenvolvéronse diferentes reunións con personal experto en cuestións de accesibilidade web (Pablo Vilariño Otero, Instrutor de Tiflotecnoloxía e Braille do Centro de Recursos Especiais da Once; Mar de la Fuente Ilunión, Accesibilidade ONCE; Arinfo, responsables da xestión da WEB da Facultade), culminando na proposta de orzamento para avaliación, asesoramento e certificación de accesibilidade (orzamento que será elevado aos órganos responsables para a súa aprobación).	Promover un encontro entre os xestores da web da facultade e a Fundación ONCE como expertos neste tipo de actuacións. O obxectivo é coñecer a posibilidade de adaptar os contidos da web a formatos podcats e estimar o tempo e orzamento necesarios.	
Organización e desenvolvemento	10. Planificación e revisión anual da electrificación das aulas	Realizada: A menor valoración das aulas que dos espazos autónomos e os laboratorios, con respecto a anos anteriores, motivou unha revisión da electrificación das aulas 0.3; 0.4; 0.9 e 0.10, así como a revisión para a posta a punto das aulas 1.5 e 2.4. Se ben dende a perspectiva do emprego dos recursos electrónicos por parte do alumnado se ve favorecida pola disposición de enchufes en cada mesa, este aspecto dificulta a mobilidade do mobiliario e a aplicación de	Electrificación das Aulas 0.3; 0.4; 0.9 e 0.10 Arranxar as aulas 1.5 e 2.4.	

			metodoloxías docentes máis activas e flexibles, polo que se require dunha reflexión sobre estes aspectos.	
	Organización e desenvolvemento	11. Estimular as prácticas socioeducativas no ámbito rural	Realizada: Ante o incremento dos gastos derivados de desprazamento e manutención das prácticas en institucións socioeducativas do medio rural, a Facultade convocou con data 17 de xuño de 2022 un total de 12 bolsas de axudas para desprazamentos a institucións socioeducativas do rural coa finalidade de promover o coñecemento e formación nestes contextos socioeducativos.	Aprobación de bolsas de axudas para gastos de desprazamento durante a realización do prácticum en centros socioeducativos rurais.
	Información e transparencia	12. Dar visibilidade os proxectos de investigación de docentes do centro na Web da Facultade	A Facultade de Educación e Traballo Social, de xeito complementario ás actividades de formación, conta coa misión de proporcionar coñecemento e ferramentas que atendan aos problemas do ámbito socioeducativo. Baixo os principios de atención á diversidade e innovación, e en contacto coa sociedade, o persoal docente e investigador atópase inmerso en diferentes proxectos de investigación e desenvolvemento. Co fin de dar visibilidade a estas liñas de traballo abriuse na páxina web da Facultade un espazo específico baixo a denominación I+D+I, no que se pode ver tanto os grupos existentes como os proxectos subvencionados en convocatorias de concorrencia competitiva nos que participan os docentes da facultade.	Incluír na Web da facultade un epígrafe de I+D

VI. LISTAXE DE (NOVAS) ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS PARA O CURSO 22-23

